


RAÑOLAS



Levo facendo a portada de Rañolas dende o día en que naceu. Se non me fallan as contas, son xa oito anos. Cada unha supón un novo reto para min, que sempre valoro a posibilidade de ter unha oportunidade para debuxar o que me gusta.

Pero ata este ano nunca foi tan importante para min cumprir co encargo. Como tódolos anos, contactaches comigo para comentarme o tema do debuxo. E por desgraza non era a primeira vez que tiña que facer unha homenaxe a alguén do instituto que nos abandonaba.

A miña sorpresa foi enterarme deste xeito de algo que non me podía crer: tratábase de María Xosé Camba.

Nin Begoña nin José foron os meus profesores; María Xosé tampouco. Pero aínda así tiveron a sorte de ir con ela a Bretaña, que resultou ser unha desas viaxes que se converten nun punto de inflexión na túa vida do importantes que son.

O que quería dicir é que non vou poder expresar con palabras o que sentín no momento en que vin a súa fotografía na pantalla do meu ordenador; comprobeino unha e mil veces, e de novo pola mañá do día seguinte. Efectivamente tratábase dela.

Por iso tratei de condensar nesta portada todo o que me recorda a María Xosé; Bretaña, Galiza, Allariz, as palabras bonitas ou Celanova, son cousas que sempre me traerán recordos dela.

Así é pois o meu intento de deixar unha pegada máis dela no mundo, aínda que xa non sexa necesario, pois podo confirmar que endexamais será esquecida grazas ás súas palabras sinceras, ás súas ensinanzas e sobre todo, aos seus fillos, que teño a sorte de coñecer.

Interpretación da portada de *Rañolas 8* feita pola autora.

Laura Pato Gómez
(Ex alumna do IES-Otero Pedrayo)
Autora da portada de Rañolas 8
GRAZAS

Nº	Sumario	Páx.
1	Rañolas	
	<i>Lembrando a María José</i>	2-4
	<i>Colaboradores/as</i>	5-6
2	Sabías que? Cousas que nos interesan	
	<i>Tralos muros</i>	7-8
	<i>Chegarán a ser legais as chuletas?</i>	9
	<i>Alzheimer</i>	9-10
	<i>Morre un xenio: Steve Jobs</i>	10-11
	<i>Embarazo adolescente</i>	11-12
	<i>Grecia: a crónica da crise</i>	12
	<i>Paris, mon amour</i>	13
	<i>Benvidos a Malta</i>	14
	<i>As drogas na mocidade</i>	15-16
	<i>Airsoft</i>	16
3	Currunchos da ciencia	
	<i>Manuel Castro Tubío: xoven investigador</i>	17
	<i>Fukushima: enerxía nuclear, alerta social</i>	18
	<i>Sexo e comida: algunha relación?</i>	19
4	Currunchos do lector	
	<i>50 anos de "Memorias dun neno labrego"</i>	20
	<i>Neira Vilas visítanos</i>	21
	<i>"Areaquente": unha novela con cheiro</i>	22
	<i>Letras Galegas 2011</i>	23
	<i>Marcapáxinas</i>	24
	<i>Reseña crítica</i>	25
5	Currunchos dos números	
	<i>Fractais</i>	26
	<i>Planos</i>	27-28
6	Protagonistas: certames, premios ...	
	<i>Certame Literario Otero Pedrayo 2011</i>	29
	<i>"Historias no interior do tobo"</i>	29-30
	<i>"Tenebrae"</i>	31-33
	<i>"A realidade, fundamentalmente un recordo"</i>	33-35
	<i>"Fremont e Herman"</i>	35-37
	<i>"A morte"</i>	37-39

Nº	Sumario	Páx.
7	Currunchos da música	
	<i>A miña experiencia na Sinfónica de Galicia</i>	40
	<i>Nace un artista</i>	41
	<i>20 anos de Nevermind</i>	42
	<i>Los Suaves</i>	43
8	Coñecendo o noso	
	<i>O sentimento nacionalista galego</i>	44-46
	<i>Algúns oficios galegos</i>	47-48
	<i>Da pucha e o pano á gorra publicitaria</i>	48
	<i>Neto do esforzo e do traballo</i>	49-50
	<i>Lendas</i>	50-51
	<i>A lenda da Lagoa de Antela</i>	51
	<i>Romasanta, o enigma continúa</i>	52
	<i>O poder da lúa</i>	53
	<i>Coplas dos maíos 2011</i>	54
9	Curiosidades e outras miudezas	
	<i>Os contos infantís son para nenos?</i>	55
	<i>Métodos de tortura da Inquisición</i>	56
	<i>Isto si que é raro, raro, raro</i>	57-58
	<i>Fenómenos paranormais en Galicia</i>	58-59
10	Currunchos do deportista	
	<i>Tentación sevillana dun canteirán do COB</i>	60
11	Currunchos do soñador	
	<i>"Anque non me vexades"</i>	61
	<i>Cartas de amor</i>	62-63
12	Currunchos do espectador	
	<i>Series americanas</i>	64
	<i>Galegos que conquistan a gran pantalla</i>	64-65
	<i>As seis mellores películas do 2011</i>	65-66
13	Banda deseñada	
	<i>Banda deseñada</i>	67

Se estás pensando en participar no seguinte número, anímate, Rañolas ten cabida para tod@s.

Envía o teu artigo ao seguinte enderezo: ranolas@orangemail.es, indicando o teu nome e apelidos e o curso/grupo.



MARÍA XOSÉ

Aquel día despedímonos mais eu non o sabía. Como podía imaxinar que aquela había de ser a nosa última aperta? Como intuír que a sombra dun demo coxo estaba a agacharse detrás túa? A sorte non estivo do teu lado porque, por unha vez, o demo malia ser coxo, chegou a tempo. E levoute. Por que?

Non logro afacerme á túa ausencia. Ao teu silencio. A entrar no departamento e non ver o teu diminuto corpo naquela mesa ategada de papeis. A non recibir aquel abrazo doce e mol co que me acollías cando nos encontrabamos. Á transparencia de teu riso cando soltaba algunha das miñas parvadas. A que non volvas ilusionarte con Rañolas, ti, a primeira a quen apuntaba na lista porque sabía da sinceridade do teu compromiso. A non comentar contigo “Areaquente” a novela que me pediras tras escoitares á súa autora no Paraninfo. Areaquente, a historia dunha aldeia baleira onde cada mañá aparece roupa tendida nos balcóns. E sen sabelo ti, a túa historia. Indote pero quedando para sempre prendida nas solainas dos nosos corazóns.

Como podía haber tanta forza en tan fráxil figura? Como tanta tenrura naquela mirada arrebolada? Como tanta bondade en vaso tan pequerreño?

Mentres estou a escribir unha avelaiña branca pousa as súas delicadas ás nesta follá de papel. Disque son as almas dos que se foron mais nunca partiron, disque volven cada certo tempo porque elas son a luz que os que quedamos precisamos para podermos ver neste mundo de escuridade. Serás ti a miña avelaiña? As túas ás suaves e aveludadas van trazando as letras dos meus sentimentos. Baten nelas insuflándolles vida. Fitan o meu tremor e van secando as pingas que caen sobre o papel, enchoupano a miña alma de rabia, dor e impotencia. Pasenñamente vas recompoñendo o quebracabezas dos caracteres asolagados polo meu sentir. Dime que todo ten sentido, que continúe porque estás aí, que estarás comigo ata o final. Seino. Pero é duro. Dóeme o pasado porque xa é ido, o presente porque non é, e o futuro porque non será. Dóeme a alma porque non sei conxugar nin o o verbo ser nin o verbo ir.

Por que morren as flores de lirolai? Esas flores tan fermosas que medran nas beiras dos regatos e arredan co seu arrecendo todos os males? Acaso non eras ti unha delas? O teu perfume afastaba as tristuras do cotián e espallaba ledicia por doquier, onda ti non existía nin a mágoa nin o encomodo, ti, flor de lirolai, inocente coma o neno que está por vir, afastaches as nosas penas pero non a negra sombra.

As túas ás pousan no papel e escriben As Médulas. Como non ía lembrarme daquel día!

Ti, Conchita e máis eu. Paseando por aqueles castiñeiros centenarios, mollándonos coma pitos por aqueles carreiros, disfrutando daquelas cereixas que trouxeras da casa, ríndonos daquel pano a cadros de aire afrancesado que deslucía os nosos modestos panos de papel de todo a cen. E ti a comer aquel bocadillo de tortilla e xamón a piques de rebentar entres as lascas de pan! como podía un corpiño tan miúdo coma o teu papar semellante tronco! Así eras ti, fráxil por fóra, de ferro por dentro. Si, claro que me lembro, canto rimos! Queríamos botar un pis e non tiñamos onde ir así que empezamos a gabear monte arriba, eu agarrada a ti e ti agarrándote aos penedos, aos gromos, ao que fose... Daquela esvarei e a punto estivemos de aterrar de mala maneira mais ti agarráchesme con esa forza descomunal que che saía ás cuncas salvándome do ridículo dos risos dos rapaces. Iso si, da cuada non nos libramos.

Meses despois volvíu pero malia o sol radiante daquel día, sentín a mera anegándome as meixelas. Ningún paraugas podía deter o batexar das bágoas. Ningún castiñeiro podía dar sombra á miña saudade. Ningún carreiro daqueles me levaría onda ti. Ou si? Gabeei como aquel fermoso día agardando atoparte nas candeas dos piñeiros ou nos ourizos dos castiñeiros mais cansa tiven que renderme á evidencia. Xa non estabas. E daquela unha avelaiña veu pousarse agarimando a miña man. Mentres o orballo asolagaba o meu corpo as túas ás amorosiñas batían en min para que amainase.

Daquela enxerqueite. Reñecinte. Avelaiña. Flor de lirolai. Estabas onda min. E souben que alí onde houbese carballos, aciñeiras, sobreiras, candeas e castiñeiros, ti nunca deixarías de estar. Porque ti es esa moura que coas súas finas mans tece os sonhos dos xentís de corazón nos castros da nosa Galicia. Ti vives nas fontes onde corre a auga límpida dos bos e xenerosos. Ti, gardas o tesouro dos que van á caza dos biosbardos porque na túa alma pura e bondadosa está o mellor regalo que un ser pode deixar neste mundo. Ese regalo fuches ti.

Grazas

Conchita Fernández Vázquez





Con que me quedo de ti, con que me quedo?...
 Quédome coa túa figura miúda presente na distancia
 Coa túa voz sorrinte preguntándome sobre a vida
 Quédome co teu silencio fronte a ruídos sen sentido
 Coa túa resposta firme apagando lumes fatuos.

Con que me quedo de ti, con que me quedo?...
 Quédome con aquela noite percorrendo os corredores,
 Cos nosos pequenos momentos de ledicias e de dores,
 Con aquel xeado enorme que non pensei verte acabar
 Coa merenda prometida que non puido ser nunca máis.

Quédome co teu xuízo, co teu bo facer, coa túa bondade
 Quédome coa túa axuda, co teu cariño, coa túa amizade
 Quédome con toda ti, con todo o de ti...
 Oxalá toda ti, todo o de ti puidese ser...

E ti quedaste comigo, dentro de min.
 Para sempre.

Susana Iglesias

Sempre a recordarei como unha persoa moi traballadora e adicada ao ensino, pero ademais transmitía esa enerxía e ese esforzo que realizaba aos demais, por exemplo aos seus alumnos. Era unha das profesoras que máis nos facía traballar, e estoulle moi agradecido por iso. Por iso, e por bastantes cousas máis das que podería estar falando todo o día, sen embargo quero resaltar unha; non moitos profesores estaban dispostos a facer saídas do centro connosco, sen embargo M^a Xosé sempre nos acompañaba; tanto se eran dun único día, como cando foi cos alumnos de 4^o ESO ás Médulas, ou de dúas semanas como cando fixo a viaxe a Francia con boa parte de 1^o de BACH. Grazas por todo, nunca sairás da miña memoria ,profe.

Alberte Pavón

M^a Xosé foi unha das mellores profesoras que me deron ao longo destes anos no instituto. Era unha persoa amable, comprensiva e as súas clases gustábanme porque eran bastante amenas e aprendíamos moito. Nunca tiña ningún problema en explicarnos as cousas máis dunha vez, todo o contrario, repetíaas ás veces que fixera falta e con moita satisfacción. Cando o grupo de teatro do instituto íamos representar a nosa obra, ela sempre me dicía que cando chegara o día da representación que a avisara porque quería vernos actuar, e non nos fallou. Aínda lembro canto lle gustou e como nos felicitou.

A súa perda foi moi importante por iso alí onde estea só lle podemos dar as gracias por ser como era e lembrala sempre, tanto a ela como a José Gil e a Begonia. Foron tres grandes profesores que nunca esquencerei.

Beatriz González

Cada unha das súas frases, consellos, momentos compartidos con ela... lémbraños que estivo aquí, connosco, pero xa non. Agora só queda a lembranza de todo o que nos ensinou como profesora , como amiga, como nai, como muller. A triste lembranza porque a botamos de menos.

Nunca me esquecerei desa forma tan particular de rir, tan sutil que parecía que estaba a rir contigo. Eses vaciles "light" que soltaba de vez en cando para facerte rir ou todas e cada unha das miradas de cariño, a verbas de apoio nos momentos de baixón.

Tan pequeniña e co corazón tan xigante!! Pregúntome moitas veces como é posible que os bos se vaian sempre. Non o entendo. Mais nunca me resignarei a quedar sen resposta.

Lembrareina , para sempre. Aínda non me sinto capaz de dicirlle adeus, mais non é ese adeus o que máis doe senón que ninguén será capaz de mellorar ou repetir eses recordos. Era única e irrepitible. Era nosa.

Adeus María Xosé, Ata sempre

Uxía Ferreiro

Non só era a mellor profesora de ciencias senón tamén unha persoa que te aconsellaba para que seguiras adiante. Foi sen dúbida unha gran persoa, aínda que fose pequena tiña un corazón enorme e como dicía ela: os perfumes veñen en frascos pequenos, por iso debemos pensar nela coma un fermoso recordo que estará sempre entre nós e para sempre.

Profe... bótaseche en falta

José Ayuso



Só podo lembrar a María José como unha profesora sen nome porque non hai unha palabra que resuma todo o que era. Axudábache en todo o que podía, animábate a estudar, a facerte persoa. O que máis me doe é non haberlle dito o boa profesora que era, a boa persoa que era, cun corazón máis grande ca o universo. Sempre a lembrarei coma a mellor profesora de ciencias da miña vida.

Diego Rodríguez

Hai persoas que deixan a súa pegada a través do tempo. Persoas que están sempre aí cando as necesitas e que che transmiten moito máis ca coñecementos, que te fan medrar como persoas, que predicán co exemplo. M^a Xosé era para min todo iso. Comprometida coa súa profesión, foi unha das mellores profesoras que tiven, axudoume moito. Aprendín moitas cousas en tan só un curso ao seu lado e estea onde estea sempre lle vou estar agradecida. Cando morreu miña avoa, díxome: "Quizais estea moi ben coidada alí onde estea, agora tes que tirar cara a diante e pensar nos bos momentos que pasaches ao seu carón." Pois dende aquí quero decirche M^a Xosé que sei que estás moi preto de min e que recordarei todas as cousas boas que vivín e que aprendín téndote como profesora de bioloxía. GRAZAS

Ariana Fernández

En datas tan sinaladas como é o Nadal é cando máis se notan as ausencias dos seres máis achegados. Neste caso todos nós compartimos un e é M^a Xosé Camba, que aínda que non fose un familiar converteuse en alguén moi especial, pois aínda que fora unha profesora e habitualmente non adoita haber un achegamento ou unha confianza cos profesores, con ela era diferente. En pouco tempo collíasele cariño debido á cercanía que tiña con nós, por iso eu creo que cando se foi todos sentimos moitísimo a súa perda, daquela esta pequena lembranza encolleranos o corazón pero á vez sacaranos un sorriso ao acordarnos dela.

Lidia Blanco

Aínda que xa case hai medio ano que nos deixou, para todos nós aínda segue estando moi presente nas nosas mentes e nos nosos corazóns. Foi un sentimento demasiado raro escoitar esa horrible noticia que non era capaz de crer nin de asimilar. Durante todo o verán foi imposible pensar que iso era posible pero por desgracia tiven que empezar a facerme á idea. Durante moito tempo ía pola rúa e case sempre me parecía vela e nese momento un sentimento moi raro me inundaba por dentro. En setembro, ao comezo do curso, fíxoseme moi difícil non vela polos corredores, na clase, ver esa mirada que me daba forzas e confianza en mi mesma, ese sorriso que sempre estaba debuxado na súa cara, esas palabras de ánimo nos momentos máis duros do curso ou mesmo un "non pasa nada" cando non obtiñas os resultados desexados.

Boto en falta esas clases de hai dus anos pero tamén esas conversas do ano pasado nas que sentía unha profesora moi entregada aos seus alumnos e quizais mesmo podería dicir que a unha amiga.

Sempre se van os mellores, esas persoas que non o merecen e ás que aínda lles queda moita alegría e ademais de ilusión depositadas como no seu caso na súa vocación de profesora.

Lorena Yáñez

Pode que xa pasaran meses dende o seu falecemento pero iso non implica que nos esqueceramos dela. A min persoalmente só me deu clases unha semana pero para min foi máis profesora ca outras que me deron todo o ano. Sempre me preguntaba que tal estaba, felicitábame polo blog e sorríame sempre. Sempre estaba con ese sorriso que eu creo que non deberíamos perder e menos agora polo menos en memoria dela.

Andrea Fernández

En cinco anos no centro non tiven a sorte de que M^a Xosé me dese clases, pero abundaba con baixar esas escaleiras todos os días e cruzala para sentirme como unha alumna máis recibindo os seus bos días, o seu sorriso, a súa preocupación sempre polos demais... En cambio fun unha desas afortunadas en viaxar a quilómetros de Ourense con ela nese autobús tantas horas metidos, para coñecer eses lugares tan fermosos no país do lado que ela nos ensinou. París non tería toda a maxia que tivo se non fose pola súa compañía, pola súa protección e a súa axuda cando a precisamos... Recordemos a M^a Xosé cun enorme sorriso nas nosas caras porque o certo é que o merece e non se pode recordar doutra maneira mais ca sorrindo tal e como ela facía con nós.

Lucía Rodríguez



COLABORADOR@S



Iris Alonso



Sabela Álvarez



Juan Ozaita



Manuel E. Docampo



Cristina Santalla



Adrián Díaz



Joao H. dos Reis



Adrián Fernández



Uxía Ferreiro



Lidia Blanco



Alba González



Alicia López



Andrea Gerpe



Nerea Nieto



Alberte Povón



Lara Rodríguez



Paloma Rodríguez



Pablo Sampayo



Brais Casas



M.ª Jesús Conde



Antía Quintana



Lorena Yáñez



Iago Rodríguez



Clara Escobar



M. Enrique Docampo



Aingeru Arza



Natalia Gil



Yessica Fernández



Lara Álvarez



Fernando Rodríguez



Xabier Rubira



Marcos Rivada



Leyre D. Veloso



Cleide Tavares



Rocío Pavón



COLABORADOR@S



Andrea Paz



María González



Abigail Gil



Beatriz González



Laura Martínez-Risco



Andrés Piñeiro



Noelia Rodríguez



Iria Sotelo



Víctor Pérez



Florina V. Medrea



Eva Rodríguez



Elena López



Alba Gulín



Adrián Rodríguez




Adrián Carril



Ariana Fernández



Lorena Rodríguez



Soraya González



Lucía Sánchez



Diego Losada



Sandra Vázquez



Alba Rey



Rocío Sánchez



Sandra Rodríguez



Noelia Muñoz



Rocío Sánchez



Yelco García



Lucía Gil

Edelmiro V. Naval
Roberto C. González
Conchita Fdez.

Moncho Casas



Tralos muros

Foron moitos os enfrontamentos entre os seres humanos e varias as revolucións ademais de existiren dúas desastrosas e terribles guerras mundiais, e aínda así, o home non aprendeu a lección. Ao remontármonos na historia e enxergar os tráxicos sucesos que encerra a humanidade entre as súas páxinas, atopámonos ante episodios moi amargos, pero é o mesmo home quen os crea e o único que pode pórllas fin. É o home quen pon muros pero tamén é el quen pode derrubalos. Aquí temos algúns.



Muro de Berlín

A finais da Segunda Guerra Mundial, Alemaña queda en mans dos aliados, que eran Estados Unidos, Gran Bretaña, Francia e a URSS, e que serían os que a administrarían ata que o pobo alemán se estabilizara económica e socialmente. Os líderes soviéticos estaban inquietos e preocupados pola nova orde mundial e vían nas ambicións dos Estados Unidos un imperialismo similar en case todos os aspectos ao que tivo o fascismo europeo. Debido a isto, Stalin ordenou en 1946 aos partidos comunistas occidentais que tomaran a ofensiva política. En 1946, Estados Unidos levou a cabo unha estratexia de "contención" para restrinxir unha expansión futura de comunismo a nivel mundial.

Hai doce anos (9 de novembro de 1989) caeu o muro que se levantara en 1961 para evitar que os cidadáns da República Democrática Alemana abandonaran o país.

Este muro de formigón separou dúas cidades, que eran como dous mundos paralelos, por un lado estaba o Este

comunista e por outro o Oeste non comunista.

Os berlineses do oeste non podían visitar aos seus parentes ata que se fixo un acordo que permitiu que os visitaran a finais de 1963.

Houbo moitos intentos de fuga e moitas desas persoas que querían cruzar o muro morreron no intento aínda que outros escaparon a través dun túnel de 145 metros de lonxitude, cavado polos berlineses occidentais, nos días 3,4 e 5 de outubro de 1964.

O intento fallido máis coñecido é o de Peter Fechter que con 18 anos se converteu na primeira vítima do Muro de Berlín.



Muro da Tortilla (México)

Este muro de entre 5 e 10 metros de altura e 1.395 km de longo, comezouse a construír no ano 1994 para delimitar a fronteira entre Estados Unidos e México. O seu obxectivo é impedir o paso de inmigrantes ilegais procedentes da fronteira sur cara ao territorio estadounidense. Os mexicanos chámano así por ser o lugar onde os "friten" xa que se producen numerosas mortes no intento de pasar este muro.



Muro de Belfast,

Este muro é un dos moitos muros de Irlanda que separan os barrios católicos (partidarios da independencia de Reino

Unido e reunificación de Irlanda), e os barrios protestantes (partidarios da Coroa Británica) da cidade de Belfast, Irlanda do Norte.

Chamado "muro da paz" por existiren moitas disputas entre as dúas comunidades relixiosas por pensar de diferente maneira.

Empezaron a construírse dende a década dos 70 e na actualidade persisten uns 40 cunha lonxitude de 21 quilómetros.



Muro de Corea (Berlín asiático)

Esta barreira, de 238 km de lonxitude e 4 km de ancho, é a fronteira que divide Corea do Norte de Corea do Sur, ao mesmo tempo que o socialismo fronte ao capitalismo. É un país dividido trala II Guerra Mundial, a última fronteira da Guerra Fría.

Os coreanos desexan a reunificación do país e colgan do muro pequenas fitas coas súas peticións.



Muro de Ceuta, O Gran Arame

É una barreira duns 8 km que separa Tarajal (Marrocos) de Ceuta. Foi construída por España coa fin de controlar a emigración ilegal e o contrabando comercial. Muro de



aproximadamente 3 metros de altura e feito de arames cortantes con púas enriba, ademais de vixiantes e sensores de rúidos e movementos. É un dos máis conflictivos da Unión Europea, pois cada día crúzano preto de 35.000 marroquís, unhas 4000 persoas morreron intentando cruzalo.



Muro de Melilla

Separa Marrocos de Melilla co obxectivo de deter a inmigración ilegal e o contrabando comercial. Ten unha altura aproximada de 6 metros.

Ata 2006 estaba fabricado de arames de aceiro ademais de contar con moitas medidas de seguridade pero ese ano cambiárono facéndoo moito máis seguro coa incorporación de seguridade automática.

En outubro de 2009, as chuvias torrenciais que se produciron en Melilla deixaron a rentes de chan máis de 30 m de valado fronteirizo que separa esta cidade de Marrocos.

Malia a existencia deste muro, moitas persoas compran mercancías na cidade española e pásanas pagando subornos ou lanzando vultos por encima, por iso tamén é coñecido como a "Ruta dos contrabandistas".



Muro de Chipre

A chamada liña verde divide Nicosia (capital de Chipre). Unha parte está baixo o poder da República Turca do Norte, e a outra baixo o da República de Chipre. Esta cidade foi o centro de moitos enfrontamentos entre a poboación de orixe grega (predominante) e a poboación de orixe turca (minoría) en 1963. O seu ancho varía (ven a ser o dunha rúa) e a patrulla interna realízana as tropas das Nacións Unidas. En 2007 comezou a demolición por sorpresa deste muro tras un acordo entre ambas poboacións.



Muro de Río de Xaneiro

O Goberno rexional de Río de Xaneiro levantou no 2009 muros para cercar algunhas favelas. O obxectivo era protexer a vexetación nativa, o bosque atlántico, do avance das vivendas marxinais das favelas. En total, son uns 11 mil metros para conter o levantamento de novas construcións.

*Sabela Álvarez
Alba González*



Chegarán a ser legais as chuletas?

Chegarán a ser legais as chuletas?

Chegarán a ser legais as chuletas?

Chegarán a ser legais as chuletas?



En xaneiro do 2010 comezou unha gran polémica sobre as "chuletas" na Universidade de Sevilla, con este tema produciuse un debate entre universidades e entre alumnos e profesores.

Na Universidade de Sevilla din que isto non é un permiso para as chuletas senón que simplemente permiten aos alumnos que son pillados con chuletas rematar o exame sen ser expulsados (iso si, despois unha comisión de tres profesores e tres alumnos decidirá se copiou ou non). - Para min é o mesmo que dicir que se permiten as chuletas, porque na realidade o único que lle importa ao alumno é rematar o exame como sexa.

Despois disto xurdiu un gran debate por parte do Consello de Goberno da Universidade debido a que non está de acordo co posible "dereito a copiar", o Consello pensa que hai que buscar outras vías. - Pero estas outras vías non levarán consigo un castigo académico, co que ao meu parecer segue sendo unha legalización das chuletas.

Segundo o Consello de Goberno da Universidade se o profesor atopa ao alumno copiando ou sospeita que o está a facer debe tomar unha decisión arbitraria, é dicir, se pillan a un alumno que traballa moito e sempre ten un bo comportamento segundo os profesores ou ao que lle importa a súa carreira, si pode rematar o exame, do contrario, non pode. Pero tamén hai alumnos, como os do campus de Santiago, que non aceptan un posible "dereito a copiar" xa que a eles non lles parece xusto con respecto a outros alumnos coma eles que estudan en lugar de optar pola chamada "vía fácil". -

Persoalmente iso paréceme ben porque aínda que hai moitos que non o cren, hai alumnos que queren estudar a súa carreira dun modo legal, traballando e esforzándose.

A vicedirectora da Universidade de Vigo, María Cabeza Pereiro, declarou que prefería seguir co Regulamento de Disciplina Académica franquista do ano 1954.

Jose Carlos Barmefa Barrera, un catedrático de Historia antiga da Universidade de Santiago coñece moi ben este Regulamento de 1954, debido a que el foi xuíz e decano en asuntos disciplinarios. Nunha entrevista deu a súa opinión sobre a postura do Regulamento da Universidade de Sevilla con respecto ás chuletas afirmando que era do máis ridículo posto que ao copiar o alumno está cometendo un delito académico polo que debe recibir un castigo (como a expulsión). Xa de paso contou un gran problema que tivo cun alumno nun exame: dixo que un día un alumno mandou a outro facer un exame no seu lugar facéndose pasar por el, ese día a profesora non pediu o carné de identidade así que non tiña moitas probas contra este alumno que tiña un avogado e tivo que expedientar o caso.

Ao remate da entrevista Jose Carlos confesou que el tamén copiara unha vez nun exame na Academia de Infantería de Toledo a cambio de non aprenderse o manual da ametralladora.

Durante moitos anos o método clásico para copiar eran as chuletas a man ou fotocopiadas. Resumir en letra tan pequena esixe moita paciencia e habilidade para poder sacala despois pois algunhas son auténticos acordeóns. Sen embargo o método máis antigo é apuntar no brazo ou no antebrazo ou mesmo na man pois non todo o mundo vale para sacar chuletas. Outras optan por esconder a chuleta no dobradillo da saia ou nos pantalóns e como o profesor non pode tocar pois...

Chivar segue sendo un dos métodos máis empregados pero iso só permite apuntar unha información moi concreta e breve.

A tecnoloxía moderna trouxo nos últimos tempos outros métodos máis sofisticados como son o pinganiño, cada vez máis en auge. Valéndose do MP3, iPod ou dos teléfonos móbiles moitos copian, iso si, precisan dun compañeiro que axude dende

fóra. Moitos aproveitan a melena para disimular o cable e o auricular do móbil ou MP3; en vez de pasar cancións pasan chuletas.

E para os máis manitas outra alternativa: escribir unha chuleta tallando bolígrafos coa punta dun compás.

O mellor é ter profesores que poñen o mesmo exame todos os anos ou un exame igual nas distintas clases (iso si, os primeiros en facer o exame son os perxudicados) ou aqueles que non empregan folios selados polo que algúns alumnos optan por faceren o cambio.

Coido que a chuleta, baixo unha forma ou outra, nunca desaparecerá.

Iris Alonso
Cleide Tavares

Alzheimer

Cando pecho os ollos venme á memoria recordos da miña avoa materna, unha muller forte e loitadora pero tamén tenra e garimosa. Miña avoa morreu este ano, logo de padecer varios anos a enfermidade do Alzheimer.



Agora tocoulle ao meu avó paterno, unha persoa inqueda e traballadora que agora se converteu nun bebé que precisa axuda para todo, que non lembra quen somos, e o



que é máis triste, quen é el. Non sabe como se chama, se tivo fillos, se está casado...

Vouvos falar dunha enfermidade que destrúe as neuronas, os recordos, o pensamento e mesmo afecta ao comportamento e fai que nin se quera sexas capaz de tomar unha decisión por ti só... estouvos a falar dunha das enfermidades máis destrutivas e tristes: O ALZHEIMER.

O Alzheimer é unha enfermidade dexenerativa do cerebro para a que non existe recuperación. Lenta e inevitablemente, a enfermidade ataca as células nerviosas en todas as partes da corteza cerebral, así como algunhas estruturas circundantes, deteriorando a capacidade da persoa de gobernar as súas emocións, recoñecer erros, coordinar o movemento e recordar. Ao final, a persoa que o sofre perde totalmente a memoria e o funcionamento mental.

As causas do Alzheimer aínda son un enigma. Sen embargo o que si se sabe é que unha característica fundamental é a aparición no cerebro de placas senís e ovillos neurofibrilares.

Outra característica sería que a corteza cerebral se encolle debido á morte das neuronas. Este encollemento é especialmente severo no hipocampo, área da corteza que xoga un papel clave na formación de novos recordos.

Os síntomas máis comúns son as alteracións no estado de ánimo e da conduta, perda da memoria, dificultades para orientarse, problemas coa linguaxe e alteracións cognitivas.

Outros síntomas son os cambios no comportamento (con arroutos de violencia), deterioro da musculatura e mobilidade.

Non todas as persoas teñen os mesmos síntomas nin se presentan no mesmo momento, iso depende moito de como era a persoa anteriormente. Ás veces tamén teñen períodos de lucidez.

A idade avanzada é o principal factor de risco para sufrir Alzheimer (cantos máis anos máis posibilidades de sufrilo), aínda que nunha minoría de casos pódese presentar antes dos 60 anos.

O tratamento ha de ser global (farmacoloxico e non farmacolóxico) e

personalizado. Tamén se debe tratar aos cuidadores, ofrecéndolles servizos e axudas.

Hai tratamentos complementarios que tamén axudan como: a estimulación cognitiva, a musicoterapia, a psicoterapia, complementos vitamínicos e alimentarios... Finalmente, rematar dicindo que se están facendo investigacións para previr o Alzheimer con vacinas. A investigación baséase na idea de que o sistema inmunitario pode ser entrenado para recoñecer e atacar a beta-amiloide co que se podería reverter a deposición do amiloide e deter a enfermidade. Tamén se investiga coa medicina rexenerativa : inxectar células nai no cerebro.

Nota da autora:

Este artigo pretende ser unha homenaxe aos meus avós e ademais dar a coñecer unha enfermidade da que cada vez se coñecen máis casos. Quérovos decir queridos lectores que apreciades a sabeduría e os recordos dos vosos avós e que cando vos queiran contar algunha historia que viviron que os escoitedes con atención porque quizais algún día eses recordos xa non estarán na súa memoria nin a súa linguaxe será a mesma.

E para rematar este artigo quero adicarlle unhas palabras aos meus avós:

Quero darvos as grazas por todo, por coidarme cando eu era unha nena, por levarme ao parque, por pasearme, por dar-me lambonadas, por quererme, por mimarme, por dar-me agasallos e por facer de min parte do que agora son. Agora é ao revés, agora son eu a que fago todo iso e non me importa, non me importa coidar dos que nalgún tempo me coidaron a min. De darlles todo e máis, canto poida. Avoa, ti fuches unha loitadora pero a enfermidade acabou contigo e alí onde queira que esteas dedícoche isto e douche as grazas, esas que non puiden darche antes de que marcharas. E a t,i avó, só podo dicir que vou seguir coidándote e mimándote todos os días da túa vida. Espero que esteades orgullosos de min e que saibades que vos quero moitísimo.

Ariana Fernández

Morre un xenio:

Steve Jobs



Steve Paul Jobs, máis coñecido como Steve Jobs, naceu en San Francisco, California, o 24 de febreiro de 1955 morrendo no mesmo lugar o 5 de outubro de 2011.

O seus pais biolóxicos, un inmigrante sirio chamado Abdulfattah Jandali, e unha estadounidense, Carole Joanne Schieble, dérono en adopción, feito que segundo moitos biógrafos marcou a súa personalidade. Coñeceunos sendo xa maior e anque mantivo relacións coa súa nai e irmá biolóxica, nunca quixo saber nada de seu pai.

Os seus pais adoptivos foron Paul e Clare, unha familia humilde aos que Jobs sempre admirou. Foi á universidade pero abandonouna porque sabía que as oportunidades estaban fóra da aula.

Casou con Lauren Powell e tiveron tres fillos, todos eles foron o seu maior apoio no tramo final da súa vida e ao longo da mesma pois para el a familia e ser un bo pai era o máis importante do mundo.

Era unha persoa contraditoria, complexa, arrogante, egocéntrica pero tamén sensible, vulnerable e de bágoa fácil.

A pesar de ser unha das persoas máis ricas do mundo, o seu modo de vida era sinxelo. Vivía nunha casa de deseño, limpa e sinxela, e isto tamén o aplicou aos aparatos e a si mesmo. As súas aparicións con xersei de colo de cisne eran innumerables. Pero tamén tiña cismas non só estéticas senón tamén dietéticas. Practicou dietas só a base de froitas e



verduras con prolongadísimos xexúns. Creu poder vencer o cancro de páncreas que lle diagnosticaron no 2004 seguindo esas dietas, cousa que despois lamentou. No 2009 sufriu un transplante de fígado e os seus problemas de saúde foron a máis.

A espiritualidade oriental, o budismo e a filosofía Zen, acompañárono ao longo da súa vida.

Home emprendedor e sumamente creativo empezou a súa carreira empresarial no garaxe da súa casa xunto co seu amigo Steve Wozniak. Alí nace *Apple*, converténdose en millonario con tan só 26 anos.

No ano 1984 lanzou o *Macintosh 128k*, que foi o primeiro ordenador persoal con rato en vez da liña de comandos. Despois de ter problemas coa empresa que el mesmo fundou, foi despedido de *Apple Computer* en 1985. Afirma que ese despido cambiou a súa vida para sempre. Vendeu todas as súas accións menos unha e ese mesmo ano recibiu a medalla da tecnoloxía. Contradicións da vida fan que regrese en 1997 a *Apple* que se encontraba nun momento crítico sendo o seu director ata 2011. Daquela *Apple* superou a *Exxon* como a empresa con maior capital do mundo.

Na década dos 90 funda *Pixar*, un dos maiores estudos de animación que existen, demostrando que os ordenadores poden dar renda solta á imaxinación. Disney mercounos por 7.500 millóns, case nada.

Na súa segunda fase en *Apple* lanzou o reprodutor *iPod* en 2001 e en 2003 a tenda electrónica de *iTunes* para a descarga legal de música conseguindo vender en sete anos máis de 10 mil millóns de cancións. Pero o golpe definitivo chegou no 2007 co teléfono móbil interactivo *iPhone* e coa tableta *iPad* no 2010.

Foi un xenio pois simplificou a tecnoloxía existente pódoo ao servizo da xente. O *Mac* foi o primeiro ordenador que tiña todas as súas funcións de forma gráfica ademais dun rato e que cun simple click activaba as funcións dos distintos programas.

O 24 de agosto de 2011 presenta a súa dimisión en *Apple* e pouco despois deste anuncio as accións reducen o seu valor un 5%.

Morreu aos 56 anos como consecuencia da metástase producida polo cancro de páncreas que padecía e a súa morte conmocionou ao mundo.

Pero el segue e seguirá vivo como exemplo de home emprendedor, creativo e sabedor de que só o que cre en si mesmo e se atreve pode facer o que se propoña. Recomendovos que vexades o discurso que deu na Universidade de Stanford na apertura do curso 2005 no que di cousas como:

"Non deixedes que o ruído das opinións dos demais afogue a vosa propia voz interior... E o máis importante: tende a coraxe de seguir o voso corazón e a vosa intuición..."

Noelia Muñoz

EMBARAZO ADOLESCENTE



Nós, os adolescentes, somos de preocupármonos por se lle gustaremos ao mozo da terceira fila, se nos sentará ben o novo peiteado, ou se o noso equipo gañará a liga. Chorradas, parvadas de neno pequeno que cremos auténticos problemas, pero non. Aínda que tamén somos capaces de preocuparnos por cousas serias, ou de maior relevancia: asuntos sociais, políticos, persoais e de maior seriedade. A música, os videoxogos, filmes de moda ou a roupa do día seguinte son meros pasatempos se os comparamos coa responsabilidade dunha vida, dunha nova personiña que chegará ao mundo en nove meses.

De seguido veremos unha situación que conleva unha enorme responsabilidade,

quedarse embarazada con só 14 anos non é o que consideramos normal, pero pasa, e a moitas rapazas cámbialles a vida por completo, a outras, por desgraza, non lles importa practicamente nada.

Lara e Uxia: Bos días! Poderíamos facerche unhas preguntillas acerca da túa experiencia como nai?

Entrevistada: Si, sen problemas.

LU: Grazas. Empecemos entón. Como te sentiches cando te percataches de que estabas embarazada?

Entrevistada: Pois, ao principio sorprendíame moito, pero despois rematei por asimilalo.

LU: Como te deches de conta?

Entrevistada: Pois dinme conta cando aos 4 meses me saíu barriga.

LU: A túa familia, pai, nai.. Tomáronse moi mal a noticia ou alporizáronse e despois faláron con tranquilidade?

Entrevistada: Ó principio rifáronme moito, pero logo falamos e razoamos.

LU: Non pensaches na posibilidade de abortar?

Entrevistada: Si, planteino pero dábase moitísima pena quitarlle a vida.

LU: Mantiñas unha relación seria ou foi algo esporádico?

Entrevistada: Non tiña nada formal, foi cousa dunha noite.

LU: Cambiouche moito a relación cos teus amigos ou no instituto?

Entrevistada: Non, encárganse dela os meus pais.

LU: E o rapaz, tivo algunha responsabilidade coa nena?

Entrevistada: Desentendeuse de todo.

LU: Durante o embarazo, deixaches os malos hábitos para non perxudicar o feto?

Entrevistada: Non, nin pensei neso.

LU: O momento do parto foi doloroso, claro, pero vela despois chorando tan pequeniña e indefensa recompensou a dor?



Entrevistada: Doeume moito, pero foi unha sensación única.

LU: Isto é todo, moitas grazas e que vaia ben.

Para informarnos mellor saímos á rúa e pedímoslle á xente nova que se puxera nesa situación, "Que farían se fosen ser pais aos 14 ou 15 anos?". E ás mulleres e homes con idade de ter fillos adolescentes, se apoiarían a súa filla/fillo se estivese a piques de ter un neno.

A maior parte dos xoves son consecuentes cos seus actos e responsabilizáranse do neno, sempre e cando os seus pais estiveran de acordo; tamén están en contra do aborto e abandonarían, no caso de telos, malos hábitos como drogas, alcohol... Os adultos, reflexionan, comparan e examinan os distintos contextos nos que se pode producir este feito, tendo en conta o esforzo e as súas vivencias; aínda así, xeralmente atópanse a favor do nacemento do bebé apoiando sempre e sen condicións aos seus fillos, axudándoos en todo, aconsellándoos co que saben, deixando pel e forzas no camiño polo seu benestar...

En definitiva, ás nosas idades é moi complicado saber que é o correcto para nós, que resulta mellor. Saber que camiño seguir non é nada sinxelo, pero coa axuda e os consellos dos demais podemos facelo todo mellor. A pesar disto, a estas idades tan temperás só nos preocupamos por pasalo ben, por divertirnos sen pensar nas consecuencias das nosos actos, e en moitos casos, unha soa acción pode determinar e cambiar o noso futuro truncando os plans que todos soñamos desde pequenos.

*Uxia Ferreiro
Lara Rodriguez*

Grecia

A crónica da crise

Nestes últimos anos o descontento xeral derivado da crise económica favoreceu o avance da extrema dereita e da extrema esquerda (aínda que é máis notable o da esquerda) na maior parte dos países europeos.

Este fenómeno salientouse máis en Grecia xa que se conxugaron diferentes motivos que crearon unha situación de enorme déficit no goberno grego: un 40% de economía sumerxida, uns Xogos Olímpicos que crearon uns buratos enormes no orzamento e unha serie de medidas que aumentaron o gasto público. Por se fora pouco a situación non se puido atallar a tempo debido a que as contas dos gastos foron falsificados para ocultar as débedas. Todo isto levou ó Goberno a tomar medidas de enorme calado como a de recurrir a unha serie de recortes sociais que seguen a aumentar a día de hoxe cando Grecia debe elixir entre aumentar os recortes para pagar a súa débeda a Europa ou saír do euro e precipitarse na bancarota. A mecha prendeu coa morte dun rapaz anarquista no 2008 a mans dun policía producindo unha especie de revolución entre toda a cidadanía.

O descontento xeral foi aumentando co tempo, pero as verdadeiras explosións de rabia colectiva comezaron a raíz do primeiro recorte social, en maio de 2010. As medidas de recortes que a UE (Unión Europea) e o FMI (Fondo Monetario Internacional) impuxeron como condición para a recuperación abriron máis a brecha entre ricos e pobres.

Despois da diminución dos soldos, dos despedidos colectivos, dos recortes millonarios en sanidade e educación, da venda de certas empresas públicas (como a casa da compañía de telecomunicacións), que foi vendida a Alemaña; as reaccións do pobo no se fixeron esperar, os paróns foron organizados por diferentes sectores.

Nestes dous últimos anos producíronse máis de 15 folgas xerais, acompañadas de manifestacións en todo o país. Na emblemática praza Sintagme de Atenas

chegaron a se manifestar aproximadamente 200000 persoas.

Os enfrontamentos entre manifestantes e policías son tan duros que xa se teñen rexistrado mortes e numerosos feridos, pero os enfrontamentos non só se limitan ás prazas senón que como resposta á represión policial moitas comisarías foron atacadas con pedras e cócteles incendiarios.



En febreiro deste ano Grecia tivo que asistir ao segundo rescate, que empezou por 130000 millóns e que pasou aos 145000. Os gregos tiveron que elixir entre seguir apretando o cinto da austeridade ou suspender pagos e dicirle adeus ao euro; é dicir, elixir entre Guatemala ou Guatepeor. Despois de tensas conversacións entre o primeiro ministro Papademos e a oposición, optouse, non sen conflito, coa primeira que supón máis reducións no salario mínimo e nas pensións ademais de reducións na plantilla de empregados públicos e máis recortes na sanidade e educación. O pobo grego está ao límite da súa resistencia xa que son demasiados os sacrificios que se lle piden. Non esquezamos que o desemprego medrou ata case o 20% mentres que os salarios baixaron un 25% nos últimos dous anos, subindo os prezos un 10% e caendo en picado o consumo, ademais do peche de 60000 negocios en todo o país. Son cada vez máis os gregos que viven no límite da pobreza ou na pobreza mesma.

O desánimo e a rabia apodérase dos gregos que asisten impotentes ao desastre provocado por uns políticos cobizosos e irresponsables aos que eles, recoñecen, lles seguiron o xogo porque tamén lles beneficiaba ese vivir a todo tren. Hoxe os pilares do Estado Grego penden dun fío..... e nós preguntémonos se tamén chegaremos a esa situación. Esperemos que non

*Adrián Fernández
Manuel Enrique Docampo*



Paris, mon amour

Día 1: un venres 25 de marzo ás 17.30 e despois de todo un ano agardando ese momento, saíamos de Ourense rumbo a Francia. As horas pasaban lentas, pero finalmente chegamos á primeira parada da lista: Dinan, onde demos unha pequena volta polo pobo e logo fomos a Dinard, onde comemos para logo seguir o noso camiño cara a Saint-Malo, onde comemos por vez primeira as famosas crêpes. Alí pasamos a noite, podendo por fin descansar logo dun día no bus.

Día 2: pola mañá saímos de Saint-Malo en dirección ao Mont Saint-Michel, un lugar moi fermoso e con moita pendente! De aí tivemos que marcharmos antes de que subira a marea por completo, xa que cando sobe faino moi rápido. Xa rumbo a París paramos no circuíto de Le Mans, pero non nos deixaron pasar polo que continuamos a nosa viaxe. Xa na entrada a París emocionámonos ao enxergar a Torre Eiffel ao lonxe: por fin chegabamos a París! Xa a primeira noite, como chegamos tarde, ceamos no Barrio Latino e logo de volta ao hotel a descansar.



Día 3: a primeira visita en París foi ao Museo do Louvre onde puidemos contemplar algunhas das obras de arte máis famosas de mundo. Logo de xantar paseamos polos xardíns das Tuilleries disfrutando do tempo que facía. Máis tarde chegamos á Defensa, que é a zona de oficinas. Chama a atención o contraste moderno desa zona co clásico de resto de París. E para rematar o día fixemos unha viaxe en barco polo Sena. Foi moi divertido pois o guía do barco dicía cousas moi graciosas e cunha entoación peculiar, aínda que a maioría das cousas só as entendían as profesoras!



Día 4: o primeiro que fixemos foi visitar a tumba de Napoleón e logo demos un paseo por París ata chegar ao Museo Rodin onde están moitas esculturas famosas, como a do Pensador.



Pasamos a tarde nos Campos Eliseos onde vimos o Arco de Triunfo e compramos moitas cousas. O día estaba despexado ata que tocou visitar a Torre Eiffel, aí comezou a chover e houbo que sacar os paraugas na cola. A vista de París dende alí arriba é impresionante, pese a chuva disfrutámolo moito.



Día 5: ese día pasámolo fóra de París: en Versailles. É un palacio fermoso, con todos eses detalles dourados... e é inmenso! Pasamos o día alí e logo en París estivemos na praza da Bastilla onde habia uns baños que falaban! Máis tarde fomos a unha praza na que viviron moitos artistas e escritores, como Victor Hugo.

Día 6: pola mañá visitamos a Ópera, que é preciosa. Aó saír, paseamos ata as galerías Lafayette onde se venden unha morea de marcas caras. Pero o edificio, sobre todo o tellado, é fermoso. Paseamos por rúa de tendas caras: Cartier, Channel, D&G... E tamén algúns intentaron entrar no Ritz, pero non o conseguiron. Máis tarde entramos na Madeleine e logo no Concello, despois deixáronnos tempo libre pola zona do Centro Pompidou, que é un museo de arte moderna. A continuación fomos ata Montmartre, onde camiñamos pola rúa do Molin Rouge, chea de tendas peculiares.

De alí subimos as interminables escaleiras que levan ao Sacre Coeur. E ceamos nese barrio, chamado o barrio dos pintores.



Día 7: pola mañá percorremos o barrio latino e fomos aos xardíns de Luxemburgo, pero non entramos no Panteón. Pola tarde visitamos Nôtre Dame, que é fermosísima. Pola noite, logo de cear, estivemos nun espectáculo de baile na rúa, praza St. Michel, e estivemos alí animando aos bailaríns.



Día 8: último día en París e visita a Disney. Pola mañá deixamos París e fomos ata Disney. Había moita xente con pases VIP, logo soubemos que era debido á inauguración da tempada. En Disney atopámonos con famosos, os actores da seri "Los Protegidos" e sacamos fotos con eles. O día pasou moi rápido e tivemos a gran sorte de que ía bo tempo. Ao final do día puxémonos rumbo a España, remataba a viaxe.



Cristina Santalla
Rocío Sánchez



Benvidos a Malta!

Despois dun longo ano escolar chegou a nosa recompensa: Malta!

Cristalinas costas, fermosas paisaxes, clima mediterráneo, cultura milenaria e, sobre todo, un bo ambiente xuvenil.

Unha longa noite de inverno que empezou ás 21.30 deu comezo á viaxe que nos levaría ata Madrid para tomar o voo con destino a Malta. Despois de dúas longas horas de avión comezamos a enxergar o seu diminuto tamaño, pois, a verdade, pensabamos que era algo máis grande, pero aínda así, os dez días que pasamos alí fixéronsenos curtos porque non nos deu tempo de ver todo o que tiñamos que ver neste país.

Unha vez tomamos terra fomos rumbo ao noso hotel 'Alexandra Palace' en St. Julians.

Todas as mañás levantábamonos moi cedo para ir á academia a practicar o noso inglés con xente de Malta. Para chegar íamos camiñando, o que nos levaba uns dez minutos, a pesar de que estaba preto, algunhas costas cansaban bastante. Estabamos divididos ,segundo o noso nivel, en dúas clases, pero pasabámolo ben porque non só dabamos gramática senón que estabamos sempre facendo xogos de describir a famosos, de adiviñar quen eras segundo as descrições... e así botabamos unha hora todas as mañás. Ao rematarmos as clases, collíamos o autobús que máis nos conviña e comezabamos a facer turismo polo país.

O primeiro día, mentres preparaban as nosas habitacións, demos unha volta polo paseo marítimo que leva a Sliema, unha cidade que alberga un gran centro comercial que descubrimos nun dos días que estivemos neste lugar nos últimos días da excursión. Era un sitio bastante grande, máis ou menos como o centro comercial de Ourense, con moitísimas tendas que percorrer, pero non nos deu tempo porque tiñamos que ir ao hotel para cear.

Á Valleta, a capital de Malta, fomos en tres ocasións dado que tiña moitas cousas que ver, pero non puidemos visitar todo xa que algúns lugares, como o ' Manoel Theatre', abrían só pola mañá e claro,

tiñamos que ir á academia. As tres veces que estivemos intentamos entrar, pero as tres veces estaba pechado, e iso que tiñamos ganas de velo porque todo o mundo di que por dentro é moi bonito, aínda que pola fachada non o pareza. Na capital estivemos, sobre todo, na rúa principal, Republic Street, que alberga unha gran cantidade de tendas de roupa, de xeados e de recordos do país (probablemente as máis visitadas por nós).



A capital de Malta vista dende o ferri de Sliema.

Os autobuses típicos de Malta teñen a súa estación na capital, pero non é unha estación como a que temos aquí, non, é completamente distinta: os autobuses aparcan ao redor dunha gran fonte, cada vehículo, dependendo da súa ruta, ten un lugar determinada. Os condutores aquí son autónomos, non dependen dun concello nin nada parecido. Nunha das nosas viaxes en autobús, un destes condutores cobrounos de máis. Ante a súa desvergoña ao reclamarlle, comezamos a chamarlle 'sin verguence', ante a nosa insistencia tivo que ceder. Pero o máis curioso foi un grupo de orientais que coreando "ole, ole spanish" sacaban fotos á sorprendente escena. Pero o que eles non sabían era que probablemente tamén a eles lles cobrarán de máis.



O domingo visitamos Marsaxlockk, un pequeno pobo pesqueiro onde todos os domingos celebran un mercadillo con moitos postos. Algúns eran para mercar agasallos, e así podías mercar o mesmo que na Valleta pero máis barato. Á hora

de marchar tivemos que esperar polo autobús na parada, colléramolo todos agás dous compañeiros que case quedan en terra por mercaren un xeado, menos mal que nos decatamos e a nosa profesora foi por eles e esperaron por outro autobús que levaba a St. Julians.

Mdina é a antiga capital de Malta, tamén coñecida como a cidade do silencio porque non poden circular coches, situada no alto dun outeiro no centro da illa. Conta cuns 258 habitantes. A gran maioría das casas desta cidade teñen un escudo na súa fachada. En Mdina podes visitar moitas lugares, entre eles a antiga igrexa e o convento Carmelita. Un dos seus símbolos son os guerreiros, que na actualidade adornan a entrada das tendas de agasallos, deles podes atopar todo tipo de regalos.

O primeiro venres visitamos Gozo, a segunda illa máis grande do arquipélago. Na nosa viaxe en autobús enxergamos no alto dun monte un Cristo Redentor como a famosa imaxe de Brasil, da que só hai dúas replicas no mundo, unha delas en Gozo, e todo o mundo no autobús empezou a sacarlle fotos. Aquí o máis fermoso que

podes visitar é a **Blue window**, para chegar a ela é aconsellable ir cando non chove porque senón vaivos pasar como a nós, ides acabar todos cheos de lama, pero merece a pena velo, é unha das mellores imaxes que podes ver se visitas Malta, tanto que botamos preto dunha hora sacando fotos canda este fermoso monumento natural que se ergue sobre o mar.



O último día da viaxe estabamos todos tristes porque o pasamos moi ben nesta excursión e non queríamos que rematara, en parte tamén porque nos levantamos ás seis da mañá para coller o avión. Ao chegar a Madrid notamos un cambio de temperatura, porque en Malta estíbese ben, cunha chaqueta aguantábase, pero ao chegar a Madrid facía falta un bo abrigo, tanto que durante a volta púxose a nevar.

Lorena Rodríguez
Sandra Vázquez
Soraya González
Diego Losada
Lucía Sánchez



AS DROGAS NA MOCIDADE

ALCOHOL:

O acceso dos mozos ao alcohol é cada vez maior a pesar das prohibicións. A idade media de inicio no consumo de alcohol entre os escolares, segundo os datos da Enquisa sobre Drogas á Poboación Escolar 2010 (Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas), é de 13 anos. As mozas son as que rexistran un maior consumo, aínda que en cantidades menores. O 84.2% dos escolares bebeu alcohol nalgunha ocasión e o 43.9% faino polo menos unha vez á semana. En canto aos episodios de embriaguez, o 41% dos escolares embebedáronse nalgunha ocasión e o 23.6% no último mes.

Un 80% das mortes rexistradas entre adolescentes débense a causas violentas e dentro delas as relacionadas con drogas ou alcohol representan o 50%, existindo unha maior porcentaxe de suicidios nos adictos a estas substancias. Ademais, a familia xoga un papel moi importante no inicio e curso clínico da adición ao alcohol e outras drogas, xa que ata un terzo dos rapaces teñen a súa primeira oferta de consumo de bebida alcohólica dentro do ambiente familiar, polo que a implicación da familia ten gran importancia en todo programa terapéutico.

Pero, por que consomen?

Aquí temos algúns dos motivos que invitan a consumir segundo os adolescentes:

-É unha maneira de "pórse alegre", "alcanzar o punto".

-O propio grupo de amigos faino polo que o mozo imita esta conduta e outras para seguir formando parte do grupo, por imitación e integración.-Por presión social, ás veces producida desde a publicidade.

-Desinhibición, superación da vergoña.

-Consumir supón imitar e expresar que un xa é adulto.

RITALIN:

O Ritalin é o nome para o metilfenidato, clasificado pola Administración de Control de Drogas de Estados Unidos como un narcótico de Clase II: a mesma clasificación que a cocaína, a morfina e as

anfetaminas. Os adolescentes úsana polo seu efecto estimulante.

Aínda que o Ritalin se usa como fármaco receitado, pode ter graves efectos secundarios incluíndo nerviosismo, insomnio, anorexia, perda do apetito, cambios no pulso, problemas de corazón e perda de peso. O fabricante di que a droga causa dependencia.

En xuño de 2005, a Administración de Alimentos e Drogas de EE.UU. publicou unha serie de consellos de saúde pública que advertían que o Ritalin e drogas como esta poden causar alucinacións visuais, pensamentos suicidas e comportamento psicótico, así como comportamento agresivo ou violento.

Un escritor expresouno así: Nunca se lles di aos pais: Ah, por certo, de cando en vez morre algún neno simplemente por tomar o medicamento que se lle receitou?. Ou por certo, os nenos que toman estimulantes teñen o dobre de probabilidades de consumir drogas?. Ou por certo, un terzo de todos os nenos que usan estes medicamentos desenvolven síntomas de comportamento obsesivo compulsivo no primeiro ano?.



COCAÍNA:

Conduce ao deterioro da calidade de vida dos mozos consumidores que ademais se volven perigosos para a sociedade polo seu comportamento violento. Nalgunhas sociedades, a figura do narcotraficante é vista como sinónimo de mellora económica. Algo que caracteriza ás organizacións que producen e comercializan cocaína,

chamados carteis ou mafias, é a violencia organizada e a súa alianza con outros tipos de delincuencia, principalmente o terrorismo. É coñecido o caso das FARC e de Sendero Luminoso, organizacións que obtivo e obtén gran parte do seu financiamento mediante o narcotráfico.

A todo isto hai que sumar a corrupción que produce no funcionariado e nas altas esferas políticas impedindo o desenvolvemento dun país. Ademais algúns delinquentes con multitude de crimes gozan de beneficios legais obtidos mediante o suborno e a extorsión.

É unha droga que esperta a agresividade, un estimulante que dá unha sensación de poder, de que estás na cima do mundo pero é un poder ilusorio que desaparece cando se desvanecen os efectos da cocaína, sen que o individuo aprenda nada. Provoca un estado moi falso, sen aprendizaxe, que leva ao individuo ao escape temporal de si mesmo.

As consecuencias son pois moitas: delincuencia, violencia, deserción escolar, deterioro progresivo na saúde dos mozos que se irá amosando ao longo da súa vida condicionando o seu futuro.



HEROÍNA:

Nin se pode falar de adolescentes. O informe do Observatorio sobre Drogas para España (2010) amosa que a heroína engancha aos mozos españois antes dos 13 anos, en concreto aos 12,7. Aínda que o informe matiza que é a droga con menor incidencia, porque se limita a círculos sociais marxinais, Malia iso é preocupante este consumo ten temperán pois é unha substancia que ten un enorme poder adictivo producindo unha rápidas secuelas físicas



LSD:

Os efectos psicolóxicos que produce esta substancia poden ser moi serios; en consumidores predispostos, a través da intoxicación, poden desencadenarse trastornos de índole psiquiátrica, sendo a psicose un dos cadros máis comúns. O LSD é unha substancia que altera o funcionamento do cerebro, provocando alucinacións que modifican a forma de percibir o mundo e intensifican as imaxes. Os efectos desta droga comezan uns 30 minutos despois de consumila, alcanzan o seu máximo ao cabo de dúas horas, persistindo os seus efectos varias horas despois. O LSD afecta á percepción do exterior e ás sensacións internas, xerando alucinacións de tipo visual, auditivo e mesmo nalgúns casos, de tipo táctil.



MARIHUANA:

Cantos adolescentes fuman marihuana? Segundo estudos realizados moitos menos dos que se pensa.

Por que consomen marihuana os mozos?

Existen moitas razóns pero a maioría fuma marihuana porque teñen amigos, irmáns ou irmás que o fan e que en certa forma os presionan para que eles tamén a consuman. Algúns mozos fúmana por imitación doutros adultos da familia. Outros porque pensan que así se farán máis populares ou porque as cancións modernas a mencionan, ou porque ven que aparece nas películas ou na televisión. Algúns adolescentes poden pensar que necesitan a marihuana e outras drogas para axudalos a escapar dos problemas da casa, da escola ou dos amigos. Pero non importa cantas veces a vexas debuxada en camisetas ou en gorras, e non importa cantos grupos musicais a introduzan nas súas cancións, é importante que saibas que non tes que fumar marihuana só porque cres que todo o mundo o fai. A maioría dos adolescentes non o fan.

TABACO:

Dise que a nicotina é cinco veces máis adictiva que a heroína, pero non todos os pais son conscientes de que o tabaco é tamén unha droga moi perigosa. Obviamente se os pais fuman na casa, tarde ou cedo o neno ou a nena adquirirá ese costume por consideralo normal. O primeiro paso para previr esta drogodependencia é deixar de fumar e manter unha postura firme. As campañas sociosanitarias e o exemplo dos pais son a mellor forma de evitar que o tabaco termine coa súa vida.

Os efectos do tabaco non son só a longo prazo como moitos pensan pois provoca dores de cabeza, diminúe a concentración, dificulta a respiración, favorece a aparición de acné, manchas nos dentes ademais de problemas cardíacos, respiratorios, circulatorios, úlceras de estómago....

Por que fuman?

Por imitación e para sentirse máis maiores. A ninguén lle gusta o seu primeiro cigarro, pero é un signo de falsa madurez superar os primeiros mareos e continuar fumando.

O retrato robot do adolescente fumador é o seguinte:

- Os seus amigos son fumadores.
- Os pais non supervisan tanto a súa vida como o fan noutras familias.
- Teñen un rendemento escolar máis baixo do normal.
- Participa en poucas actividades extraescolares, especialmente de tipo deportivo.
- Non ten unha percepción negativa do tabaco.

Andrés Piñeiro

AIRSOFT



O airsoft é un xogo creado en Xapón que simula prácticas de combate con armas "marcadoras" e que significa iso, posto que son armas que non causan dor xa que que disparan boliñas de plástico de 6 mm.

Este xogo non está ben visto pola xente porque polo xeral soen dicir que é un xogo que incita á guerra. Dende hai anos algunhas empresas empezan a fomentalo entre os seus membros para liberar estrés.

Dende o punto de vista legal, está totalmente prohibido en moitas comunidades de España polo seu parecido coas armas de verdade. Para poder xogar téñense que tomar moitas medidas de protección como por exemplo levar gafas homologadas.

Sería algo fatal que impactara unha boliña nun ollo xa que poderías perder a visión. Tamén se protexen os dentes con máscaras de neopreno e o resto do corpo con chalecos, cascos, xeonlleiras...



Tamén está totalmente prohibido que xoguen menores de 17 anos. Moita xente reclama que se legalice porque o único malo deste xogo é a diversión e o bo rato que pasas cos teus compañeiros. Ademais, tamén se fai exercicio correndo, saltando e foméntase o comportamento ao ter que xogar moita xente e é un excelente xogo de estratexia.

É tal a cantidade de persoas que ata chega a haber grupos que se xuntan sempre nun mesmo sitio. Por exemplo, en Ourense, no Cumial, existe un lugar de reunión para aqueles aos que lles guste este xogo.

Unha cousa moi importante é a honradez do xogador pois ao seren boliñas tan pequenas non se ve se impactan ou non no xogador. De ocorrer isto, se lle impacta unha boliña ten que darse por eliminado. Aos xogadores que nunca morren chámanse "inmortais" e non volven a ser convidados á partida nunca máis.

Adrián Carril



Visita de José Manuel Castro Tubío, un xoven investigador

José Manuel Castro Tubío (Santiago de Compostela, 1978), xoven investigador do Servizo de Hematoloxía do Complexo Hospitalario de Santiago, traballa actualmente no Centro de Regulación Xenómica de Barcelona, adicado exclusivamente á investigación do proxecto sobre o xenoma de leucemia, o único centro onde se estuda este grave tipo de cancro.

O día 28 de outubro este investigador visitou o noso instituto para conmemorar o día da ciencia en galego contándonos no que traballa e dándonos consellos para o noso futuro.

Para a revista Rañolas decidimos realizarlle unha pequena entrevista:

1. Pensas que todos os cancros teñen unha orixe común? De ser así, cres que se podería crear un único tratamento para erradicar a cepa do cancro?

Todos os cancros teñen unha orixe xenética pero as mutacións que os causan son diversas. Por exemplo, no caso do cancro de pulmón o hábito de fumar, ou no caso do cancro de pel a radiación ultravioleta, polo que non todo os cancros teñen unha orixe común, polo tanto non hai un único tratamento para curalo.

2. A cromotripse é un tipo de mutación que pode provocar cancro, vostede xunto con Estivill publicou un artigo no que propoñían a apoptose como medida para frear a cromotripse. Teñen algunha novidade acerca disto?

Non temos novidades acerca disto, pero a nosa investigación está baseada en feitos reais polo que cremos que a nosa hipótese é verdadeira aínda que esperamos que pronto se saiba algo máis, xa que as investigacións neste campo aumentan exponencialmente.

3. Ao longo da súa carreira profesional, que foi o que máis o impactou?

Esta resposta pode que vos impacte, xa que non ten que ver con nada do cancro. A noticia que máis me impactou foi que o 4% do noso xenoma corresponde ó ADN dos neandertais. Para min é unha noticia moi impactante xa que sempre se creu que o homo sapiens e o homo neandertal eran especies totalmente distintas, se estas dúas especies tiveran descendentes, fainos pensar que as dúas serían a mesma especie ou polo menos rompe coa idea orixinal de especie biolóxica.

4. A nós que somos estudantes de 2º de bacharelato, que recomendacións nos darías?

Recoméndovos que para traballar na investigación teñades unha gran vocación, o investigador ten unha gran soidade, é un traballo moi inestable, pouco remunerado, e que nunca acaba de ser entendido polos teus familiares.

Pero a min todos os contras olvídanseme cando encontro algún resultado novo para algunha investigación e sinto unha gran satisfacción persoal ao incrementar o meu coñecemento.




José Manuel con nós



José Manuel coas profesoras do departamento de Bioloxía

Lorena Yáñez
Lidia Blanco



Fukushima:

enerxía nuclear, alerta social.



O accidente nuclear ocorrido o 11 de marzo do ano pasado provocou e provocará unha serie de reaccións en cadea contra a enerxía nuclear como complemento ás enerxías fósiles. A continua necesidade de electricidade para refrixerar o material radioactivo provoca un perigoso problema e aínda que as medidas de seguridade fan case imposible un novo Chernobil, a sociedade ten un medo espantoso a unha catástrofe nuclear.

Actualmente xa non interesa a investigación na enerxía nuclear de fisión, por cuestións sociais e outras (tales como o custe das centrais nucleares, a súa idade activa, ou as condicións xeográficas e ambientais que require unha central nuclear) os programas atómicos mundiais optan pola enerxía de fusión á que adican máis dun 85 % dos seus orzamentos, deixando o restante para a mellora de medidas de seguridade e eficacia das actuais centrais. A enerxía nuclear, aínda que eficaz, é perigosa, custosa e non renovable, e contéplase xa como unha enerxía do pasado e non como unha alternativa.

Voltando ó tema anterior, as reaccións obsérvanse na postura de numerosos países nos que os partidos ecoloxistas teñen algo de peso, como Alemaña, onde se plantexou pechar a última central de enerxía atómica no ano 2022; referéndums para decidir se seguen utilizando a enerxía nuclear, como en Italia, ou protestas masivas e manifestacións.

O primeiro mundo pide un cambio, pide a investigación en enerxías renovables e o seu uso, pero noutros lugares non o teñen tan claro. En países emerxentes, principalmente asiáticos e en América

latina ven un gran potencial nestas centrais debido á súa eficiencia. Dende pequenos países, como Perú, ata as grandes potencias económicas, como Brasil, China, A India, teñen unha gran confianza na enerxía nuclear e unha necesidade de enerxía tal que non poden permitirse decidir nada.

Polo tanto a pregunta comeza con plantexar que facemos cunha enerxía que ocasiona problemas catastróficos pero que sen embargo é moi eficaz. Está claro que o primeiro mundo ten un papel clave neste traballo de relevo ou modificación das enerxías empregadas a nivel mundial, aínda que para iso deberíamos chegar a acadar unha enerxía limpa e barata para que poida ser empregada a nivel mundial.


Sería polo tanto unha boa solución aguantar coa enerxía nuclear como complemento, sen eliminala completamente, debido á súa eficacia, para proseguir a investigación e acadar enerxías novas, limpas e baratas. Iso sería o ideal, pero no sistema económico no que vivimos a enerxía corresponde na súa maior parte a empresas privadas, incluso as renovables, o cal provoca que a mercancía sexa tratada como unha mercancía máis e non como un ben de primeira necesidade. A enerxía é un produto de venda, dos máis rentables do mundo actualmente, e ben aproveitado polos estados para a recaudación de impostos. A conclusión: a enerxía (sobre todo as súas fontes maioritarias) é un bo medio para conseguir cartos, polo tanto o futuro das enerxías está vencellado ao que os empresarios decidan cobrarnos, e polo tanto afastalo da distribución libre.

Con esta aclaración chegamos á conclusión de que a enerxía nuclear é perigosa, debe tratarse con cautela, pero o que tamén é innegable é a súa eficiencia, e a países que non teñen demasiado diñeiro para competir no campo da enerxía a nivel mundial ou para apostar polas enerxías renovables, é unha boa solución. Cando un ten cartos, pode permitirse o luxo de escoller.

A pesar de todo, a enerxía nuclear ten os días contados. Na Terra existen depósitos de uranio 235 para uns 85 anos ó ritmo de explotación actual; de petróleo quedan tan só 42 anos. As enerxías renovables son moi custosas e aínda non moi eficientes. A humanidade terá que decidir cales son as enerxías do futuro e a que dá prioridade:

A investigación, a mellora da seguridade...
O que si que está claro é que será un dos grandes problemas do século XXI

Juan Ozaita



SEXO E COMIDA

ALGUNHA RELACIÓN?

Comer non é só unha necesidade tamén é un pracer e polo tanto comida e sexo están relacionados. Segundo algúns, hai alimentos que estimulan o desexo sexual, son os chamados **afrodisíacos**. A palabra ven de Afrodita, deusa grega que está relacionada co amor e a fecundidade. Así pois hai determinados alimentos como froitas, bebidas, guisos, postres e outros que "teñen" propiedades capaces de incrementar a libido. Pero é iso verdade? Esta crenza non é nova e xa na antigüidade temos referencias de comidas afrodisíacas. Un dos primeiros testemuños está en Exipto e en Grecia. Tamén nun texto hindú chamado Kamasutra aparecen alimentos como o leite ou o mel como estímulo sexual. Máis adiante, na Idade Media, en Europa, aparecen as especies - canela, pementa., xenxibre...- que xa daquela eran coñecidas polas súas propiedades estimulantes. Tamén se mencionan as cebolas xunto co allo ou o nabo.

Pero, hai en verdade alimentos ou comidas afrodisíacos ou é tan só un mito?

Son moitas as opinións sobre isto pero a maior parte dos científicos afirman que non hai comidas afrodisíacas pero si alimentos que pola súa forma e textura nos lembran os órganos xenitais, como é o caso dos espárragos e os plátanos. Ata o de agora os únicos afrodisíacos que de verdade existen son as feromonas que o noso corpo produce e que provocan a atracción sexual entre suxeitos da mesma especie.

A pesar de todo, a lista de alimentos afrodisíacos é longa e dáse en todas as culturas e os estudos científicos din que algúns deses alimentos se se misturan con determinadas substancias, poden ter efectos secundarios que van dende

inflamacións, infeccións, dores de cabeza e vómitos ata infartos que poden levar á morte.

De onde ven esa crenza?

Xa dixemos que de moi atrás. Para os romanos o fuciño do hipópoto e os ollos das hienas incrementaban o desexo sexual e para os chineses o corno do rinoceronte era o afrodisíaco perfecto. Parece ser que iso está baseado no famoso refrán de que "do que se come, críase" polo que a virilidade e a fortaleza do hipópoto e do tigre pasará a nós se comemos determinadas partes da súa anatomía.

Unha das consecuencias destas crenzas é que algúns deses animais estiveron ou están ao borde da extinción como é o caso do tigre de Bengala en China. Neste país está estendida a crenza de que comer penes potencia o apetito sexual, polo mesmo hai restaurantes onde os ofrecen como delicatessen. Existe un restaurante en Pekin onde poñen un prato combinado a base de xenitais de distintos animais por 230 €.

Na Bíblia Adán e Eva podían facer de todo no xardín do Edén menos comer do froito da árbore do ben e do mal e por iso precisamente foron expulsados do paraíso. No Antigo Testamento, concretamente no Cantar dos Cantares, atopamos pasaxes nas que aparecen alimentos asociados con elementos sexuais: "Mel virxe destilan os teus labios, miña noiva. Hai mel e leite debaixo da túa lingua" Estes exemplos amósanos que a relación entre comida e sexo ven de moi atrás.

Na vida cotiá hai moitas expresións que relacionan o sexo coa comida como "voute comer" e cando temos unha cita case sempre vai acompañada por unha invitación a comer ou a tomar algo para despois profundizar na relación.

Segundo algúns científicos no canibalismo están asociados a comida e o sexo nun só pois ao comer a outra persoa únese totalmente a ela. Existiu unha tribu en Brasil, os tupinambás, que practicaban o canibalismo cos seus invitados. Consistía en que os invitados deitábanse coas súas mulleres e despois a tribu comíao. Parece ser que na antigüidade houbo moitas tribus que practicaban o canibalismo relacionando comida e sexo. A relación entre comida, gusto e sexo xa a viu un tal Sigmundo Freud ao dicir que cando o bebé mama satisfai dous desexos

primarios que el non diferencia e que son: o da alimentación e o do sexo. Tamén vemos como cando son nenos os xogos preferidos son os das comidiñas, facer de papá e mamá e xogar aos médicos.

Agora que están de moda novelas e películas sobre vampiros tamén podemos ver esa relación entre sexo e comida. O vampiro dálle un bocado á súa vítima e despois sórbelo o sangue que lle dá vida e enerxía. Penso que é unha forma de canibalismo pois vampirizar é comer ao outro para dominalo totalmente.

Alimentos afrodisíacos

Algúns afirman que a ova de esturión estimula os instintos sexuais pois ten un gran contido proteínico. Algo parecido pasa cos caracois mariños que hai que comer cando son pequenos pois de adultos perden as súas propiedades estimulantes. E por último un peixe moi coñecido por nós e normalmente pouco apreciado, a carpa, que segundo os chineses cocinado dun determinado xeito resulta ser un moi bo afrodisíaco.

Son moitas as herbas e especies coñecidas como estimulantes do apetito sexual. A canela, que todos coñecemos por empregala nos postres, considérase un afrodisíaco por excelencia, ademais de ser antiséptica, astrinxente e estimulante. Da noz mesmo se di que axuda a retrasar a exaculación. E a estes dous engádesse o anís.

O azafrán xa foi utilizado por gregos, fenicios e árabes polas súas propiedades estimulantes. En moitas culturas atribúeselles aos allos un aumento do desexo sexual se se toma a diario ou ben cos alimentos ou en forma de cápsula. O ginseng, chamado curaotodo, é un dos que se suma aínda que hai opinións contradictorias pois algúns considérano estimulante e outros sedante.

Con respecto ao cacao, os aztecas empregábano como bebida sagrada e hoxe as súas propiedades como revitalizante son defendidas por case todos os científicos. Ten teobromina, un compoñente para evitar o cansazo e estimular a mente. E por último engadir que hai determinadas froitas que pola súa textura ou forma estimulan o desexo sexual coma o plátano, os figos, o melón, as peras...que sen comelos e só pola súa forma estimulan a nosa libido.

Brais Casas



50 Anos de Memorias dun neno labrego

Xosé Neira Vilas é un dos máis relevantes escritores en lingua galega da segunda metade do século XX ata hoxe. Aínda que é máis coñecido pola súa obra narrativa, tamén cultivou os demais xéneros literarios, dende a poesía e o teatro ata o ensaísmo ou o xornalismo.

Neira Vilas naceu en Gres (Pontevedra), o 3 de novembro de 1928. Fillo de campesiños, despois de cursar estudos primarios seguiu estudos de peritaxe mercantil por correspondencia. Con 16 anos comezou a traballar en oficinas dun serradoiro local. Isto non lle restou tempo para crear un grupo de teatro para representar obras en galego.

En 1949 emigrou a Bos Aires, onde desempeñou traballos diversos e profundou na súa formación autodidacta. Na capital arxentina realizou estudos de comercio, música, xornalismo e literatura. Alí tomou conciencia da identidade de Galicia grazas ó contacto cos intelectuais galegos do exilio, como Luís Seoane, Ramón Suárez Picallo ou Lorenzo Varela, entre moitos outros. Foi Secretario Xeral das Mocidades Galeguistas e participou na comisión organizadora do *Primeiro Congreso da Emigración Galega*.

Neira Vilas foi codirector do xornal *Adiante* (1954); voceiro das Mocidades Galeguistas de Bos Aires. Entre outras cabeceiras, escribiu en *Galicia*

Emigrante (Bos Aires, 1954-1959); *Eufonía* (Bos Aires, 1958); *Opinión Gallega* (Bos Aires, 1945-1965); *Aturuxo* (Santa Fe, 1960-1961); ... En Cuba, dende 1983 ata que se xubilou, foi redactor-xefe da revista infantil *Zunzún*. Igualmente tamén ten colaborado en prensa e revistas publicadas en Galicia.

No ano 1957 casou coa cubana Anisia Miranda. Fundaron a organización libreiro-editorial *Follas Novas* para difundir o libro galego en Sudamérica. En 1961 foron residir a Cuba. Alí fixo xornalismo literario. En 1969 fundou a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística, que dirixiu durante vinte e dous anos. Na Arxentina e en Cuba fixo investigacións sobre a presenza da emigración galega en América.



En 1994, xa xubilados, Neira Vilas e Anisia Miranda volveron a Galicia. Na súa aldea natal, Gres, crearon a Fundación cultural Xosé Neira Vilas, que leva a cabo un importante labor de dinamización cultural no rural galego.

Neira Vilas é membro numerario da Real Academia Galega e Doutor Honoris Causa polas Universidades da Coruña e da Habana. Foi Premio da Crítica Española (narrativa) e Premio da Crítica Galega (ensaio). Fóronlle outorgadas as medallas Castelao, Padrón de Honra e Celanova Casa dos Poetas en recoñecemento do seu fecundo labor literario e a prol da cultura galega.

A obra de Neira Vilas é amplísima e abrangue todos os xéneros literarios.

En xeral, a súa obra narrativa adoita encadrarse dentro dun realismo social crítico no que as estruturas e as forzas sociais actúan como determinantes das vidas e situacións concretas das persoas, sobre todo das de orixe humilde. Galicia está tamén presente na narrativa de Neira Vilas, sobre todo a Galicia rural. A súas lembranzas permítenlle desenvolver e expoñer un contexto social, cultural e vivencial no que moitos galegos se senten recoñecidos, sobre todo na súa triloxía "O ciclo do neno", composto por *Memorias dun neno labrego* (1961), *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos de Moncho* (1977). A principal obra de Xosé Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*, foi publicada

por primeira vez o 5 de xaneiro de 1961 en Bos Aires, Arxentina, onde se atopaba emigrado dende 1949. Alí coñeceu e frecuentou a intelectuais galegos exiliados. Este contacto coa intelectualidade galega servíulle para desenvolver as súas capacidades literarias e o seu compromiso con Galicia.

Memorias dun neno labrego é, sen ningún xénero de dúbidas, o best-seller da literatura galega. Non só se leva traducido a dúcias de linguas de todas as partes do mundo (entre elas o maia ou o esperanto), senón que ten acadado vendas moi relevantes: calcúlase que arredor duns 600.000 exemplares ó longo destes últimos cincuenta anos. Con esta obra nacia a literatura infantil-xuvenil en Galicia, se ben é un libro de lectura para todas as idades. De feito, para moitos galegos foi, durante décadas, o seu primeiro libro de lectura no seu idioma.

Hai nesta obra unha preocupación social polo mundo do rural galego. O autor acostuma usar unha linguaxe directa que busca a rápida comunicación co lector mediante o eficaz recurso da afectividade.

Boa proba da repercusión internacional desta obra de Neira Vilas é que na coñecida obra de alta divulgación de Peter Boxall, *1001 libros que hay que leer* (Barcelona, Grijalbo, 2006), a novela *Memorias de un niño campesino* aparece no posto 563 do ránking da literatura universal.

Para finalizarmos, cómpre mencionar que a editorial Galaxia presentou non hai moito a reedición de *Memorias dun neno labrego*, inaugurando con ela a Biblioteca Neira Vilas, dentro da cal se publicarán todas as obras do autor. É a primeira vez que a editorial dedica unha biblioteca de autor a un escritor vivo.

Antía Quintana
María Jesús Conde





NEIRA VILAS VISÍTANOS

Xosé Neira Vilas, natural de Vila de Cruces (Pontevedra), nado no 1928, é un dos máis importantes escritores de Galicia. Ten publicado numerosas novelas como *Xente no rodicio*, *Camiño bretemoso*, *Remuíño de sombras*, *Aqueles anos do Moncho* e moitas máis. Pero sen dúbida a súa obra máis relevante é *Memorias dun neno labrego*, da que asegura non conservar o manuscrito orixinal. Parece ser que a comezou a escribir nun bar de Cuba sendo un dos camareiros o seu primeiro lector.

Esta novela é dende hai moitos anos a novela con máis edicións, o que se chama un best-seller, das letras galegas.

É unha novela de estrutura moi sinxela cunha linguaxe de gran eficacia narrativa e que profundiza na realidade do pobo galego dende a voz dun neno, Balbino, nunha aldea do interior de Galicia.

Xosé Neira Vilas di non sentirse orgulloso da novela por ser o seu autor senón por achegar unha cultura minoritaria como é a galega ao resto do mundo xa que foi traducida a máis de vinte linguas.

Que como unha novela ambientada no mundo rural pode interesar en países tan afastados do noso é algo que chama a atención pero que el explicou de xeito ben claro pois non hai tantas décadas ese era o medio no que transcorría a vida de gran

parte dos países de Europa e doutros continentes. Como Balbino había moitos e por iso a pesar das distintas culturas, todos conseguen identificarse con el.

Na súa visita ao noso instituto, Neira Vilas contounos ter sido amigo de persoeiros moi importantes da cultura galega como Castelao o Ramón Otero Pedrayo pero tamén doutros como Saramago entre outros moitos.

Na súa amena charla contounos como parte da súa vida estivo en Cuba onde viviu 31 coa súa muller, alternando o seu traballo coa súa formación autodidacta. Sempre lle gustou o mundo dos nenos e estando en Cuba publicou unha revista infantil de moito éxito, con máis de 200000 lectores, que serían moitos máis pero por falta de medios económicos a tirada non podía ser maior.

A unha pregunta do público contestou afirmando que se sentía tan cubano como galego.



Tamén nos contou anécdotas da súa infancia. Empezou a escribir na escola e sempre o fixo en galego xa que era a lingua que había e isto era o natural. Lembrou como de neno cando a súa profesora o pillou escribindo unha notiña ao seu compañeiro castigouno pero non só por iso senón porque estaba escrita en galego. Lembrou tamén o día en que a mestra lles prohibiu aos nenos falar en galego e como ás nenas que a acompañaban ata casa lles daba vergoña que as escoitaran falar en castelán coa mestra.

Isto chamoume especialmente a atención pois fíxome ver como cambiaron as cousas dende aquela época.

Baixo o seu aspecto fráxil de ancián bondadoso, sorprendeume a súa lucidez, enteireza e sabedoría. Apoiado no seu caxato, a súa mirada iluminábase ao ver tantos rapaces e rapazas entusiasmados polo súa obra e persoa.

A min agradoume moitísimo escoitalo pois non podía imaxinar que detrás de tan gran literato se agochase tamén unha persoa tan humilde e entrañable.

Lucía Gil



Areaquente: unha novela con cheiro.

Moitas veces preguntámonos se realmente a ficción, a maxia, a imaxinación impregnada de fortuíta creatividade ou ata a ilusión e a perpetua esperanza por alcanzar os nosos propios soños e as nosas propias verdades é o que apaixonadamente dá sentido ás nosas vidas ou nos transmite ganas para enfrontarnos ó mundo cada mañá.

O intenso arrecendo de todos estes sentimentos e conceptos vitais xunto con outros moito máis comunmente humanos e existenciais impregna cada fenda dunha vila esquecida e illada no tempo e no espazo, árida e seca por fóra...e tan misteriosa e chea de historias por dentro...Areaquente, si, AREAQUENTE, un lugar localizado en ningures e totalmente descoñecido polas persoas que xamais habitaron nela; porque as que si o fixeron, as que se encargaron de colmala de paixóns e de segredos, de alegrías e de penurias, deixaron a súa pegada espiritual plasmada nela para sempre. As personaxes, todas e cada unha delas, son as que curten e polen pouco a pouco todo o significado que encerra a propia vila coas súas vidas.

A novela en si está ateigada de historias de desamor, traizóns, mentiras e enganos, e está envolta nun ambiente e circunstancias moi taciturnas e melancólicas. Cada personaxe vive a súa propia soidade e o amor dunha maneira distinta, o que lle otorga a xenial combinación de intensidade emocional á obra.

Non hai ningunha historia de amor realmente feliz de principio a fin, dado que todas teñen e se rodean de elementos amargos e deprimentes; ou polo menos esa é a percepción que teño eu.

Ademais, podemos afirmar que todas foron relacións baseadas unicamente no amor ou que...realmente detrás desta autoconvición e recreación na coita de amor por parte de cada personaxe escondíase gran parte de aparencia e obsesión? O único que está claro é que cada personaxe deixa ó descuberto unha forma única, singular e totalmente especial de enfocar este sentimento e mailo propio desexo; cada historia parece ter uns límites distintos pero á vez enlazados uns con outros xa que todas comparten o castigo da soidade e da dor eterna. Así mesmo, cada un destes límites

está baseado na propia perspectiva do que significa o termo "QUERER" por parte de cada personaxe da novela, xa que ninguén quere nin ama de igual maneira.

Desamor, angustia, saudade, illamento, traizón.

Unha novela chea de TRAIZÓNs derivadas de toda a intensidade e descontrol paixonal que desborda cada personaxe, acompañada da droga que move todo corazón tarde ou cedo, as inevitables doses de CIÚMES.

Podemos comprobalo perfectamente se nos paramos a analizar os elementos máis abrumadores de cada historia, por exemplo se nos paramos a analizar o conxunto de traizóns:

Que dicir por exemplo de Elixeo, que nunca lle confesa a Bernarda que leva toda a vida "namorado" dela, traizoándose a si mesmo, resignándose a aceptalo sen loitar verdadeiramente por ela e conformándose coa baleira cobiza; ademais de por suposto a traizón a Aurelio, ó deixar que Bernarda o culpase do asasinato de Primitivo cando en realidade fora el quen o matara deixándose posuír polos ciúmes en ansias de vinganza.

Aínda máis, que dicir dos amores-desamores-traizóns cruzadas entre Aurelio-Ximena-Primitivo-Bernarda, que viviron envoltos nunha saga interminábel de enredos e complicacións de principio a fin: Aurelio namorado de Ximena morrendo de ciúmes cara a Primitivo, a propia Ximena esforzándose por facerlle crer a Aurelio que o amaba a pesar de estar tola polo amor de Primitivo, o que lle fixo odiar toda a súa vida a Bernarda, a muller deste último e sen sen dúbida ó meu parecer a personaxe xunto con Cristovo do Val (figura arredor da cal se move a novela, que nos serve de guía, e nos mostra a súa evolución vital-personal a medida que avanza a historia; personaxe que tamén está a vivir a súa propia, dolorosa e desacougante experiencia, mergullado nos suburbios do desamor, a amargura, a aceptación da realidade e a loita diaria por demostrar ser máis forte coa súa propia alma) para min, xunto con Bernarda, son as dúas personaxes máis "destacables" da novela.

Bernarda...Bernarda tamén amaba incondicionalmente a Primitivo malia saber que Elixeo tamén a pretendía e que lle daría todo o que xamais lle deu Primitivo... a pesar de que o seu home frecuentaba e incluía a Ximena na súa relación, como bo miserable adicado a xogar a dúas bandas sen importarlle os

sentimentos dos dous irmáns nin por suposto de Ximena.

Realmente, pareceume unha novela moi pero que moi bonita e apaixonada. Tal vez algo complicada ou difícil de entender en ocasións, nas que me custaba darlle o enfoque correcto ou ler máis alá das palabras fixándome no simbolismo (como por exemplo o da oliveira ou o da chuvia) e nas escondidas pero incrivelmente tecidas intencións da autora. Ó longo da novela xurdíronme moitas preguntas, algunhas das cales se autocontestaban soas posteriormente e outras como:

"Que é o que busca a autora transmitir á hora de comparar un pobo como Areaquente coa propia historia de Cristovo do Val e a situación na que se atopa?"

ou:

"Cal é o significado e o valor máis alá do optimismo, alegría e fertilidade que esconde a oliveira?"

ou:

"Están relamente mortos os habitantes de Areaquente ou deberíamos ter bastante clara a súa filosofía dende o primeiro momento no que se nos relata o maravilloso detalle da roupa no tendal?"

"Como se debe interpretar o final? Como é a foto que hai no sobre? Como chegan as imaxes a cheirar? De quen son esas meniñas que escrutan a súa desolada vila dende a casoupa do páramo?"

Pouco a pouco para todas estas preguntas de máis difícil resposta conseguín forxar a miña propia opinión, e despois de reflexionar acerca de cada unha delas fun sacando as miñas conclusións, que ao escoitar a An Alfaya puiden contrastar.

Cando un se afai ó ritmo incesante e ó lirismo da novela, a verdade é que se fai bastante doada de seguir.

En resumidas contas, persoalmente deleitouse a súa maneira de expresarse, e, ademais, as historias parécenme moi ben cohesionadas e encaixadas unhas con outras á parte de reflexar esplendidamente as angustias existenciais dos seres humanos. Para min, é sinxelamente unha novela CON CHEIRO.



Eva Rodríguez





Actividades das Letras Galegas (2010-2011)

Martes, 3 de maio.

Xabier P. Docampo, falará da súa obra "Cando petan na porta pola noite."

Hora: 13:00

Cursos: 2º ESO

Luns, 9 de maio.

Paula Carballera, escritora, actriz e contacontes.

Hora: 13:00

Cursos: 1º ESO

Xoves, 19 de maio.

Recital sobre Lois Pereiro, a cargo do cantante e compositor

Manu Clavijo.

Hora: 13:00

Cursos: 3º e 4º ESO

Venres, 20 de maio.

An Alfaya, comentará a súa obra "Arcaquente."


Hora: 13:00

Cursos: 1º BACHARELATO.

* Estes días entregáranse os premios do concurso literario.



Biblioteca
IES Otero Pedrayo
Coa lectura



Álvaro Cunqueiro
1911-2011

O GATIPEDRO

O gatipetro é un gato branco que ten na cahola um corno mouro; o gatipetro ven pólas noites ás casas, e párase nas habitacións nas que hai nenos durmindo. Entón o gatipetro ponse a verquer auga pólo seu corniño, i o neno, en sonos, escoitando o pingar da fontíña aquela, soña que mexa, e de verdade mexa na cama. Pra espantar o gatipetro abonda con botar unhas áreas de sal á porta do cuarto i ó pé da fiestra.

O gatipetro anda apoiándose, ademais de nas catro patas, na língua, e probando con ista o sabor do sal, o gatipetro dá a volta e prosegue a súa nouturnia viaxe, deixando os nenos da casa en paz

Aarón Abalo



RESEÑA CRÍTICA

CORREDORES DE SOMBRA

Autor: Agustín Fernández Paz

Clara é unha rapaza que vai pasar as vacacións de verán ao pazo da súa familia. Cando chega alí encóntrase con que o están remodelando, pero as obras páranse cando se descobre un cadáver nun oco entre dous tabiques. Clara é testemuña do descubrimento do corpo, e entra ó habitáculo atopando algunhas pistas. Toda a novela xira entorno á busca de dúas respostas: quen era o cadáver e quen é o asasino. Para respondelas, Clara contará coa axuda de Miguel (un rapaz de orixe humilde que leva vivindo toda a vida no lugar) con quen se terá que somerxer nunha historia que sucedeu na época franquista e que aínda deixou as súas pegadas na vila. *Corredores de sombra* é unha novela que realmente engancha. Ten unha mestura de temas moi ben entrelazados tales como amor, traizón, historia, desigualdade social... Ademais retrata moi ben a vida do pobo e dos vestixios que aínda quedan da forma de pensar da ditadura franquista. Realmente é unha novela que merece a pena ler e coa cal se pasan moi bos ratos.

Marcos Rivada

FARENHEIT 451

Autor: Ray Bradbury

Esta novela de ciencia ficción conta a historia de Guy Montag, un bombeiro que paradoxicamente ten por traballo queimar libros. Vive coa súa muller, sen plantexarse moitas cousas ata que un día coñece a Clarisse, unha rapaza que é considerada unha tola, pero que lle fai plantexarse se en realidade, é feliz. Tempo despois, nunha queima de libros que parecía rutinaria, descobre que unha señora maior aínda estaba na casa onde estaban queimando os seus libros, por máis que Montag intentou sacala, ela preferiu morrer queimada cos seus libros; pouco antes de que se derrubara a casa, el colleu un exemplar da biblia. A seguir, entérase de que Clarisse morreu e a súa familia marchou. Nese momento proponlle

á súa muller ler uns libros que foi recollendo en distintas queimas. Despois disto contacta cun home que é profesor de literatura. No seu encontro falan de como facer para cambiar o estado actual do mundo...

Esta distopía mostra unha cidade futura dos EEUU na que a alineación das masas acaba por deshumanizar o mundo. É unha sociedade completamente autoritaria, na que practicamente ninguén sabe que só ten unha falsa sensación de liberdade. Unha ilusión na que cada certo tempo elixen a un representante baseándose na imaxe e na publicidade, xa que non hai nada máis ca iso neses políticos. A lei máis represiva de todas é a prohibición dos libros coa excusa de que confunden e enfrontan á xente, pero a única intención é acabar con todo redaño de imaxinación e ansias de liberdade na mente da xente, xa que os libros non son máis que o testemuño dos vicios e virtudes do ser humano que o levaron ás máis cruentas masacres, e a reacción do pobo ante tales inxustizas. Testemuños que farian dubidar á xente sobre o estado que falsamente os representa, e temas como as guerras que pasaron, e ameazan con volver, que pasan de forma indiferente polos cidadáns, só preocupados en baleirar a súa mente nunha pantalla ou con drogas que estimulen ou relaxen as súas cabezas baleiras de todo ápice de reflexión, cheas de publicidade.

Adrián Fernández

O HEREXE

Autor: Miguel Delibes

"O herexe" foi a última novela escrita por Miguel Delibes, unha das grandes figuras da literatura española do século XX e un mestre no uso do lingua, que utilizou sempre coa precisión coa que os ourives realizan as xoias máis elaboradas. O protagonista, Cipriano Salcedo, comerciante afortunado, tivo que cargar co estigma de non coñecer a súa nai polo seu falecemento no parto, e de ter un pai ríxido e distante. O mundo afectivo reduciuse aos aloumiños da súa ama de cría, Minervina, que estará presente de forma decisiva en varias fases da súa vida; case todo o demais que o rodeou ao longo da súa vida pertencía a un ambiente hostil.

Con "O herexe", Delibes aproveitou para pasar factura á intransixencia da Igrexia, situando o cumio da novela na condena sufrida por Cipriano por parte da Inquisición ao condenalo á fogueira por discrepar da súa doutrina e abrazar as teses de Lutero. Evitou facelo na etapa contemporánea, levando a escena ao século XVI, o que o obrigou a realizar unha esixente tarefa de documentación, pero a crítica á institución relixiosa está presente ao longo da obra. Polo demais, o conxunto dos personaxes que conforman a novela constitúen un canto á liberdade e ao amor, así como á firmeza nas convicións persoais de Cipriano Salcedo ata o final da súa vida, cando as chamas carbonizaban o seu corpo, a pesar de que moitos dos que coma el defendían o protestantismo volvéronse atrás para salvarse do castigo da Inquisición.

Alberte Pavón

MARINA

Autor: Carlos Ruiz Zafón

Oscar Draí, nunha das súas escapadas do internado, coñece a Marina, unha rapaza ben feita dos seus mesmos anos coa que explorará antigos barrios de Barcelona vivindo aventuras perigosas que os unirán ata o extremo de namorárense. Removerán o pasado avolto de Mijail, dono dunha famosa empresa ortopédica chamada Velo-Granell, que casou cunha actriz, Eva Irinova. Este home constrúe persoas deformes e monstruosas coa fin de parecerse a Deus. Haberá un incendio na casa de Mijail no que supostamente morre este último e desaparece da faz da terra Eva Irinova, ata que Oscar e Marina a descubran.

Esta novela gustoume porque dende a primeira páxina conseguiu engancharme pois mestura dous romances coa intriga que cada capítulo crea ao deixarnos en suspense ademais do terror polo pasado escuro e as deformidades que un ser humano lle pode facer a outra ata o extremo de parecer robots. Recomendo este libro para os adolescentes, ademais da triloxía do cemiterio dos libros olvidados, tamén deste autor.

Marcos Fernández



Fractais


Fractal... ..

Vaia palabra máis rara, verdade? E se inda por riba vos din que é un concepto matemático e que non son nin de dimensión un (como unha recta) nin dous (coma unha circunferencia) senón de dimensión 1,5 entón xa apaga e vámonos. Pero tranquilos, non é para tanto, se dedicades un par de minutos a ler isto entenderedes de seguro de que vos estou a falar.

Para comezar direivos que lonxe de definicións complexas cheas de fórmulas imposibles, un fractal non é máis ca un elemento (xeralmente unha imaxe) que se forma coa repetición do todo en diferentes escalas, é dicir, se vedes unha imaxe fractal e vos achegades a unha pequena parte da mesma, atoparedes exactamente o mesmo debuxo pero nunha escala máis pequena; o todo coma unha peza de si mesmo.


Un pequeno exemplo para un parágrafo tan longo:

- 1-Collede un folio e debuxade un segmento recto, dividídeo en tres e no anaco do medio facede un triángulo.
- 2-Volvede a facer o mesmo en cada unha das liñas que quedan (catro en total)
- 3-Repetindo ese proceso infinitamente estaredes creando un fractal, así de sinxelo!




* Este fractal é o chamado liña de Koch, recibe o nome do matemático sueco Niel Fabian Helge von Koch.

Outros exemplos que destacan son os conxuntos de Mandelbrot:



Ou o triángulo de Sierpinski. (Este último é o símbolo dunha coñecidísima saga de videoxogos, non vos digo cal que estou certo de que xa o sabedes)



Este tipo de figuras supoñen unha gran dor de cabeza para os matemáticos xa que é un concepto moi difícil de definir que ademais conleva obstáculos como o xa mencionado da dimensión intermedia ou a imposibilidade de medir este tipo de figuras pois a lonxitude aumenta con cada transformación.

Agora que sabemos que é volvamos ó mundo real, para que carafios serven? Unha aplicación podería ser o estudo dos seres vivos, xa que certos sistemas como o circulatorio ou o nervioso amosan unha xeometría fractal e polo tanto pódense explicar mediante esta ciencia. Aplicándoos do mesmo xeito serven para representar cordilleiras montañosas ou certos tipos de árbores, facendose útil o seu uso tamén na xeografía.


Por outro lado, algunha vez se vos ocorreu pensar que as partituras compostas por autores tan famosos como Bach, Mozart ou Bethoveen seguen tamén estruturas fractais?

Xa por último, e como aplicación máis visual e cotiá, pensade nunha desas imaxes tan estrañas que hai por internet de figuras moi psicodélicas? Si home si, esas que parecen froito dunha noite de

desfase e que te fan cavilar sobre como as debuxarían...

Pois é moi sinxelo, basta con ter un ordenador co programa necesario, introducir unha fórmula matemática (non adoitan ser moi complicadas, non vaiades pensar) e deixar que a nosa máquina traballe xerando unha bonita imaxe, que en realidade é un fractal, e que servirá para deixar abraiado a calquera que a vexa e pense que foi feita por vós. Así que, animádevos e buscade un pouco, xa veredes como o que atopades non vos decepciona.

Adrián Rodríguez




Traballos realizados por alumnos de 1º de ESO durante o curso 2010-2011, dirixidos pola profesora Conchita González Otero.



- Diámetro de la mayor circunferencia 108 m radio $= 53 \text{ m}$
 $S = \pi \cdot r^2 = 314 \cdot 53^2 = 314 \cdot 2809 = 8820 \text{ m}^2$
- Diámetro de la circunferencia B $= 23 \text{ m}$ $r = 11.5 \text{ m}$
 $S = \pi \cdot r^2 = 314 \cdot 11.5^2 = 314 \cdot 132 = 4114 \text{ m}^2$
- Diámetro de la circunferencia C $= 120 \text{ m}$; $r = 60 \text{ m}$
- Diámetro de la circunferencia D $= 1 \text{ m}$; $r = 0.5 \text{ m}$.

* Cantidad de agua que
 fluyen en bargas por día = 300 l/s
 * El agua sale a 67°C
 ▶ Perímetro total de arboledado:
 159'45 m.

AS BURGAS





CERTAME LITERARIO OTERO PEDRAYO 2011

Durante moitos anos M^a Xosé foi membro do xurado deste certame. Sobrábanlle méritos para formar parte del, dende o seu enorme compromiso coa nosa lingua, que se manifestaba de mil maneiras, ata o inmenso cariño que profesaba polos seus alumnos e todas as iniciativas que eles emprendían. Un ano as datas do certame coincidiron coa viaxe a Francia dos alumnos de Bacharelato aos que ela acompañou. Non puido estar. E tiveron que buscar un substituto. Tiña que ter un perfil similar, a empresa non parecía doada. Pero a vida demostroume que ás veces a maxia confabúlase para reunir nun mesmo espazo a seres extraordinarios. E así foi. M^a Xosé seguiu sendo a primeira que lía Rañolas e Conchita, a súa compañeira de departamento, foi quen ocupou o seu lugar como membro do xurado. Conchita, quen non sendo galega fixo súa a nosa lingua con enorme esforzo, amor e ilusión. Tamén paixón. Porque sen paixón a vida carece do brillo que a fai única e especial nalgunhas persoas. As que van deixando pegada mentres tecen unha tea de araña de sentimentos ao seu redor transformando o noso monótono andar nunha sinfonía de acordes.

Hoxe M^a Xosé xa non está. Foise un día sen despedirse. Sen facer ruído. Ela, feita de silencios cheos de palabras. Ela, que falaba coa mirada e coas mans. Foise para quedarse para sempre entre nós. Como están José, Begonia... e agora ela.

A todos eles vai adicado este certame.

E todos os certames que se convoquen no sucesivo.

Porque ao se marcharen, oh, "cruel" broma do destino esqueceron a súa tea de araña que imperturbable segue enguedellando as nosas vidas as súas co latexar cadencioso dos que nunca deixaremos de amar.

RELATOS GAÑADORES

Xénero	Nivel	Título	Autor
Relato	I	Historias no interior do tobo	Alejandro Doval
	II	Tenebrae	Brais Casas
	III	A realidade, fundamentalmente un recordo	Liliana Villar
		Fremont e Hernan	Jacobo López
Ensaio	III	A morte	Andrea Tumbeiro

Relato Nivel I.

Historias no interior do tobo

Gústame moito ir a casa do avó. Ao mellor é porque non vou moito, ou quizais porque o avó é para min meu pai.

O meu pai de verdade, morreu cando eu só tiña un mes. Mamá, el, os meus sete irmáns e mais eu estabamos no interior da fraga. Eu, moi curioso, fun á beira do río; e mamá, preocupada, veu detrás. Cando xa levabamos un bo tempo alí, escoitamos varios disparos moi preto e mamá, sen pensalo dúas veces, colleume polo pescozo e botou a correr, saltando por riba do río. Cando estivemos ben lonxe, agochoume entre unhas pedras e botou a correr desandando o camiño. A espera foi eterna. Crin que non ía volver e, por primeira vez na miña curta vida, sentín medo. Esa sensación de oco por dentro, de estar caendo nunha caída interminable que nunca vai rematar. Pero a caída rematou, e os meus pés volveron á terra ao ver a mamá de novo. Pero... viña soa? E meu pai? E meus irmáns? Cando mamá mo contou non a podía crer. Asasinados? Como que asasinados? Pois si, esa era a palabra. ASASINADOS. No sitio só quedaba un charco de sangue e os cadáveres de meus irmáns.

Entón o avó veu vivir ó noso tobo, porque mamá tiña que cazar e eu era moi pequerrecho para quedar só na casa. O avó líame contos e xogaba comigo, pero o que máis me gustou sempre e me gusta do avó son os seus relatos. Cántame unha historia cada vez que nos vemos. O avó, a verdade, ten razón cando di que os lobos temos unha moi mala reputación non merecida, e poño como exemplos dous dos relatos do avó:

Un día, ía meu avó falar con Don Porquiño, o mestre, para ver se lle podía dar clase á súa filla (miña nai). O profesor, ao velo, papou tal susto que colleu dous borradores e sacudiullos na cara causándolle unha forte tose, que derrubou a casa-escola do porco (o meu avó sempre tivo unha tose bastante forte), que saíu correndo cara a casa de seu irmán, que estaba moi preto de alí. O avó seguiu, pois tiña que preguntarlle iso. Cando chegou, os porquiños botáronlle un caldeiro de auga fría pola ventá, cousa que fixo que meu avó



esbirrase, derrubando a casiña de madeira. Os porquiños saíron correndo e metéronse na casa do seu irmán pequeno. O avó foi detrás (esta vez para rifarlles polo da auga) e, como non deu entrado á casa, subiu ó tellado e entrou pola cheminea. Ía caerlles unha boa, pero decatáronse e acenderon o lume. O pobre avó queimouse a punta do rabo.

Outra é a da carapuchiña vermella. A nena aquela, segundo di meu avó, era orfa, a súa única familia era a avoa e, como non, quería herdar e levoulle á avoa cogomelos venenosos. Nun par de horas de dixestión estaba morta. E adiviñades a quen lle botou a culpa? Si, efectivamente, ao lobo.

Mamá non veu comer hoxe, así que comín co avó.

-Lupus, ven comer, anda -díciame o avó antes de comer.

-Xa vou, avó. Espera que remate de escribir isto -suspirei.

-Cando eras pequerrecho estabas ansioso por escoitar as miñas historias. Agora, sen embargo, mesmo parece que non che interesan.

-Si que me interesan avó. O que pasa é que agora ando máis ocupado. Dende que me ensinaron a escribir non parei aínda.

-Veña, que teño fame.

Acabei indo. Cando cheguei xa había no meu "prato" medio cordeiro e unha pata de cabra (o avó cociña en abundancia). Rematamos de comer pasadas dúas horas (que estómago ten meu avó!) e o avó, como sempre, contou unha das súas historias:

-Conteiche algunha vez que pola miña culpa comeron a un humano?

-Non, nunca. En serio?

-Si. Era un gandeiro que andaba coas súas ovellas cando eu pasei por diante. Comezou a berrar: "Socorro, socorro! O lobo!". Eu marchei, e non tardaron en chegar vinte persoas con paus e pás, pero non viron ningún lobo e marcharon. Dous días despois volvín pasar por alí e repetiuse a operación: "Socorro, socorro! O lobo!". Volveu chegar xente armada, pero non había ningún lobo. Tres días despois, estaba eu contemplando a paisaxe dende un alto, cando o vin. Era o mesmo pastor e esta vez tiña en fronte a Carnaz, un dos lobos máis furiosos que había en toda Galicia por aqueles tempos. O mozo berrou: "Socorro, socorro! O lobo!". Pero esta vez, a xente, que xa o tiña por mentireiro, non foi, e o mozo foi devorado sen piedade. Abraiante, non si?

-Si...-contestei

-E a dos cabritiños? Conteiche a dos cabritiños?...

Despois de moitas historias máis volvín para a casa e púxenme a escribir isto...

-Lupus, a cear!

-Xa vou mamá!

Síntoo, pero miña nai, cando perde a paciencia... Xa vos contarei máis outro día! Abur!



Alejandro Doval

Entrevista ao autor:

Por que decidiches participar no certame literario?

Sempre me gustou escribir; e a miña profesora de galego animoume a participar.

Gústache escribir?

Si, gústame moito. Aínda que a moita xente lle pareza o contrario, é moi divertido. Eu penso que se moita xente probara a deixar libre a súa imaxinación e plasmar nun papel as súas ilusións por unha soa vez, pensaría doutro modo. Opino que o punto principal está en non velo como unha obriga senón coma unha actividade de lecer.

Cando comezaches a escribir?

De moi pequeno, pouco despois de aprender a facelo, sobre os 6-7 anos.

Cal é o teu xénero favorito á hora de escribir?

Gústame moito a fantasía.

Gústache ler?

Si, é unha das miñas maiores afeccións.

En que te inspiraches para escribir o conto?

En nada en especial, soamente quería escribir algo distinto.

Canto tardaches en escribilo?

A verdade é que o escribín nunha tarde, nunhas 5-6 horas.

Para rematar?

Para rematar quero darlle as grazas á miña exprofesora de galego, Pilar Prieto, por animarme a participar.



Relato Nivel II

TENEBRAE

Que farías se soubeses que tés que matar ás persoas que queres?
 Que farías se soubeses que só un pode sobrevivir?
 Que farías se soubeses que o teu premio pode ser algo peor ca a morte?

Contaba unha antiga lenda que ao principio do mundo houbo unha batalla entre o ceo e máis o inferno, unha batalla que finalmente gañaría o ceo deixando o inferno baixo terra, o inframundo, un lugar escuro onde repousarían as almas dos pecadores. Un reinado onde gobernaría Lucifer, o demo maior, condenado a vivir baixo terra durante a eternidade dos tempos. E baixo as súas ordes estaría un anxo de ás negras e pel branca, o único capaz de arrastrar as almas do mundo dos vivos ao dos mortos, un anxo coñecido como a Morte.

Chámome Gabriel. Esta lenda non me importaba moito ata que, en fin, agora... Teño.....Son ... Pero prefiro empezar polo principio.

Aquela tarde quedáramos na praza os de sempre, os cinco da panda. Era o 31 de outubro e centos de nenos estaban a prepararse para ir casa por casa pedindo caramelos, como manda a tradición do noso pobo. Volvía eu polo vello polígono da cidade onde me acababa de despedir dos colegas. Estaba escurecendo, algún moucho xa comezara a cantar... escurecendo? Eran as cinco da tarde! Aquilo era imposible! Toquei a fronte para ver se estaba delirando. Pero non. Un ruído, Os da panda, pensei. De súpeto o chan empezou a tremer e no ceo formouse un gran tornado que comezou a engulir todo ao seu paso. Chovía a Deus dar ...auga, non , sangue...Berrei....

A cabeza dárame voltas, tiña ganas de devolver. O chan estaba frío. Escuridade . Unha luz. Alguén me levantaba e me acomodaba nunha cadeira. Pouco a pouco puider ir distinguindo unha habitación, grandes teitos e unha cadeira impresionante na que había alguén sentado. De súpeto acendéronse todas as luces como no campo dunha festa. A sala era moito máis grande do que imaxinara nun principio e había outras persoas nela que... Xoán, Laura, Cristian, Eva... Non. Imposible, eles? Que estaba a pasar? Por que estaban atados con grilletes? Non entendía nada. Entón a persoa que estaba sentada naquela inquietante cadeira ergueuse e comezou a falar. As palabras, mellor dito, as frases que pronunciou fixéronme pensar nunha especie de broma dalgún estúpido programa de televisión que tanto abundaban nas distintas canles. Pero non, aquilo era real. Estabamos a formar parte dunha especie de xogo macabro. Como dixó o encarapuchado, nós, os cinco, fomos elixidos ao azar entre milleiros de rapaces do mundo, elixidos para loitar, elixidos para marcar unha nova etapa na civilización.

.....

A lenda que eu coñecía non acababa aí, como ben dixó o encarapuchado, mais eu sóubeno naquel momento cando a completou: ...baixo as súas ordes estará un anxo de ás negras e pel branca, o único capaz de arrastrar as almas cara ao inferno pero non por toda a eternidade senón por un período de 1500 anos ao cabo dos cales se ofrecerán cinco tributos que serán cinco rapaces novos, fortes; cinco rapaces sometidos a unha loita conxunta, a probas inhumanas que os porán a proba para determinar quen dos cinco merece vivir e ser o gañador. Unhas probas que estaban a piques de comezar.

Unha vez que acabou de falar, o misterioso encarapuchado ergueuse da cadeira e un a un foinos quitando os grilletes. O contacto das súas mans coas miñas produciume unha sensación de noxo e arrepío. Estaba frío, moi frío. Desconcertado aínda por todo o que estaba a vivir, foinos entregando a cada un un coitelo e unha machada que apenas podíamos suxeitar nas nosas trementes mans. Despois conduciunos por un longo corredor cheo de portas que semellaba o castelo de Barba azul, aquel conto que tanto me impresionara de neno. Chegamos a unha gran sala, aínda que máis pequena que a anterior, con cinco portas, unha para cada un de nós. O encarapuchado volveu falar, esta vez máis baixo e case en susurros díxonos: lembrade, sodes cinco, só un pode sobrevivir, cinco portas, unha para cada un de vós, un único gañador, un único premio polo que teredes que loitar. E dito isto a sala foi perdendo os seus contornos adquirindo unha forma e unha cor distinta ás que tiña.

Aínda non tivera a ocasión de falar cos meus amigos pero a pesar de todo oía os seus xemidos, sentía o seu medo que tamén era o meu e decatéime de que faltaba Xoán. Daquela vin a súa porta aberta. Marchara. Quería vivir e non lle importaba nada máis, nin sequera os seus amigos. Tiña que reprocharllo? Pero e eu, que debía facer? Quedar alí?, fuxir tamén? Se quedaba con eles, a miña morte sería segura, só un gañaría: Xoán. Non, tiña que intentalo aínda que non o lograra. Quería vivir. Pero antes convencín aos demais de que o intentarían, igual ca min, que nada se consegue se non se intenta, que un non pode agardar a que as cousas pasen, que ás veces hai que arriscar para seguir. Por iso eu tamén estaba disposto a participar nesa aventura que eu non buscara pero aparecera. E decidido, boteilles un sorriso que se perdeu na escuridade antes de abrir a porta número cinco, a miña.

Un corredor longo e serpeante abríase ante min. Case non se podía respirar. Ao cabo de pouco metros unha esmorecente luz fixo que me decatase da presenza dun mapa cravado á miña altura. Intentei lelo coa escasa luz que había, era vello e estaba enrugado. Comezaba xusto onde eu me atopaba. Comezei a camiñar con paso un pouco máis firme. Para o meu abraio deime conta de que cada paso que daba aparecía reflectivo no mapa que aparecía e desaparecía ao seu antollo. Nel podía ollar a ruta seguida polos meus amigos. Xoán era o que máis adiante ía e o labirinto no que nos atopabamos estaba cheo de salas contiguas. Xoán parecía estar na metade do percorrido, eu



aínda no inicio. Entón comprendín que debía correr, dar-me présa porque só un podía ser o gañador. Así que botei a correr cara a unha das portes tan distinta e tan igual ás restantes e xusto cando estaba a punto de abri-la un ruído fixo que me parara. Un siseo repugnante e en-xordecedor espallouse polo lugar. E entón vinas: Arañas. O meu primeiro medo. Dende pequeno producián-me un terror insoportable. Esa era pois a primeira proba. Pero ese terror deume unha forza inmensa, por nada do mundo pensaba estar a soas con eses bichos nun lugar como aquel así que agarrei a machada que repousaba na miña man e funas eliminando. Eran grandiosas, con milleiros de dentes, e íanse acercando así que ... zás... A primeira fóra. Unha sensación de noxo percorreume de novo o corpo pero non me deu tempo a máis porque... a segunda... Noxo de novo. E despois outra que parecía reinar en tamaño e poder sobre as outras. Era negra como boca de lobo cun punto vermello nun dos seus costados e un zume pestilente asomando pola súa boca. Berrei. Saltei. E unha forza descomunal apoderouse de min mentres lle afundía a machada naquel punto vermello que parecía engulilo todo.

Desapareceu. Desapareceron todas elas coma se nunca existiran, coma se todo fose unha alucinación, coma se... E a porta abriuse. E entendino. Eran os nosos medos, tiñamos que loitar contra eles, vencelos definitivamente.

Seguín avanzando. O mapa indicaba as nosas posicións, Xoán á cabeza e os demais en distintos puntos do percorrido, todos agás un, o que entrara pola porta dúas. Unha cruz dourada marcaba a súa silueta. Estaba morto.

A seguinte sala era máis pequena. Primeiro arañas, a que máis temía? Non me deu tempo a responder pois un riso terrorífico sobresaltoume. O segundo medo: os pallasos.

Convertéranse no meu pesadelo desde aquel día no que unha amiga de miña nai me regalara unha caixa sorpresa na que un vulgar e horrible pallaso de grandes ollos saltóns e mirada atravesada bateu no meu colo. Tiña cinco anos. Nunca máis. O pallaso que tiña agora ante min era enorme, de cara branquísima, pero coa mesma mirada perversa e facendo malabares con... Deus... eran cabezas ou estaba a sufrir alucinacións?

Que podía facer? Cada vez movíase máis rápido, estaba mareándome... Debía vencelo, pero como? Entón collín o coitelo que levaba amarrado no cinto e dispúxen-me a afrontalo cando dun manotazo agarroume, deixando caer as pobres cabezas coas que estivera a xogar, Aquilo produciume tal desacougo que cheo de rabia craveille o coitelo nun dos botóns da túnica da que parecía saír unha luz cegadora que por un intre me deslumbrou ata que un fío de sangue rozou a miña man e o tacto dunha chave foi parar nela. A chave para abrir a seguinte porta! Que sucedera? Só sabía que a proba estaba superada, así aparecía no mapa pero, no percorrido de Xoán a piques de chegar á meta, unha mancha e unha cruz dourada perfilaban un corpo que... unha bágoa con sabor a sal esvarou pola miña meixela mentres algo escachaba para sempre dentro de min.

Supervivencia. Era no que tiña que pensar. Só quedabamos dous. Debía avanzar. Mirei o mapa. Había nel algo estraño. Todo o labirinto se transformara nunha única sala enorme na que estaba a piques de entrar.

Era moito máis ca enorme, era xigantesca. Nela, como indicaba o mapa, había algo máis ou máis ben alguén máis...Cristian. Alí estaba no outro extremo, case difuminado na inmensidade daquel lugar. Non moi lonxe del pero moito máis visible, de novo a cadeira e o encarapuchado acompañado doutras persoas ás que si me custaba distinguir.Un gran reloxo colgaba na parede. Non, non era un reloxo, era un cronómetro. Tres minutos marcaba, tres minutos para que? Non me deu tempo a pensalo pois coa velocidade dun lóstrego vin como Cristian batía contra min coma unha besta enfurecida. Levaba un tridente na man. Ese era o terceiro medo. O medo a enfrontarte a quen queres co medo a perdelo. Dous minutos. Sen pensalo agarrei a machada. Notaba a suor enchoupando todo o meu corpo. Estaba preto. Entón empezou o combate. Foron os peores segundos da miña vida nos que preferín non mirarlle á cara porque sabía que de facelo, non sería capaz de seguir adiante. A única idea na miña mente era a de acabar canto antes con aquel pesadelo. Só faltaban uns poucos segundos que me salvarían de algo peor ca a morte (ou polo menos iso era o que pensaba naquel momento). Oín o seu berro estremecedor. Tempo. Síntoo- berrei- , síntoo... Chorei, chorei coma nunca chorara. Eu, o único que sobrevivira, pero a que prezo? Tendo que matar ao meu mellor amigo. Non puiden seguir lamentándome pois o encarapuchado achegouseme e sacando a carapucha entregoume algo.

Algo co que acaba a lenda coa que comecei ao principio: unha gadaña. Como ben dicía: ...un anxo de ás negras ao servizo do Todopoderoso maligno pero non para toda a eternidade...

Agora eu son... ese capaz de arrastrar as almas ao inferno. Ese é o meu premio. O premio a quen matou a quen quería.

Agora eu sonA MORTE.

Para ... pero que son 1500 anos senón toda unha eternidade?



Brais Casas



Entrevista ao autor

Se non lembro mal, esta é a terceira vez que gañas este certame.

Pois si. Gústame moito escribir e esta é unha oportunidade que se me presenta todos os anos pero estiven a punto de non presentarme este ano.

Por que?

Sigo escribindo pero non sinto a necesidade de presentarme a un certame, polo menos neste momento, despois xa veremos.

De onde che ven esta afección?

Ao mellor é algo xenético, á miña nai encántalle escribir e a min sempre me tirou, xa dende pequeno; cando ía en 3º de Primaria escribín o meu primeiro relato co que gañei o meu primeiro premio: publicouse na revista do colexio.

Ou sexa que vas para escritor?

Ben, iso de que vou para escritor é moito dicir, sabe deus para o que vou! O que si sei é que disfruto escribindo, desafógome, son moi inquieto e esta é unha vía para desafogarme.

Tenebrae, por que este título? Por que esta temática?

Buscaba un título distinto que significase escuridade e con respecto á temática gústame o terror e daquela inspireime noutros libros que teño lido e que van por esa liña

Que che gusta máis, ler ou escribir?

Gústanme as dúas cousas pero quizais neste momento disfruto máis lendo pero de cando en vez póneme a escribir porque sinto a necesidade de expresarme deste xeito.

Presentaraste o ano que ven?

Non. Xa cho dixen. Escribirei algo e entregareillo á profesora pero non quero presentalo ao certame. Este ano non, o que ven veremos.

Relato Nivel III

A realidade, fundamentalmente un recordo

Espertei nunha habitación baleira de ledicia, ao meu carón unha muller de cabelos dourados e face pálida que agochaba a súa tristura tras uns ollos azuis, azuis como o infinito do ceo. Non conseguira articular unha palabra, nin tan sequera unha vogal. Sentía no peito unha opresión de angustia que sobrepasaba os meus límites. Enseguida entrou no cuarto un home de bata branca cun gran sorriso na cara, mais a muller permanecía inmóbil na cadeira coa mirada perdida na nada, sen apenas expresión. Enseguida me decatei de que polo seu rostro esvaraba unha bágoa, mais ela seguía inmóbil, sumerxida nun pensamento cheo de anguria e soidade.

De súpeto sentín unha man fría e áspera sobre a miña testa, aquela muller de aspecto frío e débil conseguira transmitirme unha sensación de calor e familiaridade. Tiña a sensación de coñecela, aquela mirada perdida atopábase na miña e sentín que sen ningunha xustificación se debuxaba un sorriso na cara. A pesar de non comprender o que estaba a pasar, aquela sensación foi un pequeno suspiro dentro de todo aquel calvario.

Aquela muller e o home de bata branca saíron do cuarto sen dicir nada mais non podía evitar escoitar a conversación trala porta:

- Señora, debe escoitarme. aínda non o podemos explicar, mais foi sen dúbida un golpe de sorte.

Levanteime da cama, quedara durmida, aínda rondaba polo meu pensamento a conversa que escoitara esa mesma tarde. Asoimeime á fiestra e enseguida comprobei que anoitecera. Aínda non conseguía explicalo mais estrañaba a compañía daquela muller. Aquela noite non conseguira durmir, deiteime e aínda dándolle voltas á cabeza non conseguira lembrar o meu nome. Sentín unha curiosidade terrible por coñecer o meu aspecto físico, decateime de que levaba o cabelo recolleito nunha coleta, quiteina e notei como sobre os meus ombreiros esvaraban cabelos dourados, aquel perfume érame tan familiar que non puider evitar volver a asocialo con aquela muller. De socato fitei unha carpetiña situada no lateral da cama, no envés atopábase o nome completo dunha muller, Candela Branco Soto, tratábase dunha ficha de ingreso no Hospital.

Abrina e enseguida fixei a vista nas iniciais EC, non tardei moito en adiviñar o seu significado, estado crítico. Enseguida unha morea de imaxes confusas invadiron a miña mente e non fun quen de seguir lendo o informe, pecheino e quedei fitando uns intrins aquel nome mais non me resultaba familiar.

Esperaba todos os días ansiosa volver a ver aquela muller, mais facía días e días que ela non volvía. A única compañía da que dispuña era a da antipática enfermeira que me traía a comida e aquel misterioso informe. Mais agora polo menos coñecía o meu nome, chamábame Candela. Pasaba os días ollando pola fiestra, xogando ás adiviñas coa mente, asociando nomes e cifras, a piques de volverme tola.

Unha mañá, ao meu carón e para a miña sorpresa, a muller de cabelos dourados e face pálida estaba sentada na cadeira, mais tiña un aspecto distinto. Na súa mirada había agora un mar de bágoas que loitaban por non saír, na súa man un sobre onde se podía ler perfectamente, perdóame. Aquela mañá quedamos o sobre e máis eu sós, esperei uns intrins a que a muller tomara a porta e abrín o sobre.

En tinta azul e con mala letra podía ler:

Candela, filla, perdóame por ser tan covarde.



Xa tiña bastante coa miña confusión e agora si que non entendía nada. Continúei esperando sentada naquela cama de hospital a que alguén viñese a por min.

Unha mañá, mentres estaba almorzando, o home de bata branca volveu entrar no cuarto e frotando as mans díxome:

- Candela, hoxe é o teu día de sorte, xa estás lista para marchar a casa.

Nese intre non puiden evitar pórme nerviosa e plantexarme unha morea de preguntas, preguntas sen sentindo, sen ningunha resposta.

Debía ser mediodía cando pola porta entrou un mozo duns 25 anos que freou de golpe ao verme sentada naquela cadeira. Na súa mirada notei como as ganas de abrazarme o consumían e como esperaba unha resposta diferente á que recibía, mais eu non podía evitar permancer inmóbil ante aquel ser, nese momento para min, descoñecido.

Enseguida vinme sentada nun coche, ao meu carón o mozo conducía o automóbil, apenas comezara a viaxe cando o rapaz prendeu a radio e comezou a soar unha melodía familiar, de súpeto mirei para el e el miroume cun sorriso de complicidade, seguía sen entender nada, pero aquela melodía tranquilizábame e non tardei en quedar anegada nun profundo sono.

A luz do sol obrigoume a abrir os ollos, perezosa mirei cara aos lados mais non había ninguén. O rapaz que conducía o automóbil xa non estaba, fitei ao meu redor, atopábame no xardín dalgunha casa. Baixei do coche e ao lonxe albisquei a casa, tratábase dunha casa enorme, cuns ventanais dourados e un gran balcón. A medida que avanzaba as imaxes invadían a miña mente, cada detalle era importante, cada detalle lembrábame unha vida anterior.

Ao chegar á porta nin sequera tiven que chamar, xa estaba aberta. Entrei sen ningún reparo, camiñei por un corredor longo e cheo de fotografías ata chegar a unha porta que estaba medio aberta, asegúreime de que non había ninguén e entrei, parecía que aquela casa estaba baleira.

Ao entrar, non puiden evitar pensar naquela muller do hospital, a miña nai. Fitei a cómoda ao lado da cama, había unha morea de fotografías mais só recoñecía ao mozo e á miña nai. A través das fotografías duducín que aquel rapaz debía ser o meu mozo, pois naquela foto parecíamos moi namorados.

Enseguida entrou no cuarto unha muller, anciá, que sen decir nada abrazoume e collendo a fotografía na man díxome: Bótala de menos, verdade? Mais eu non souben que contestar.

Aquela tarde non tardei en percorrer aquela casa en busca de recordos, mais só imaxes confusas volvían a invadir a miña mente e o único que conseguía era confundirme aínda máis. Cando estaba a piques de anoitecer, atopeime no xardín co rapaz, na súa mirada notei como a tristura se apoderaba do sorriso que mostrara aquela mesma tarde. Sen nada máis díxenlle, perdóame. Virouse cara a min, deume unha aperta e sen máis marchou.

Aquela noite espertei polos pesadelos, non deixaba de soñar a mesma cousa unha e outra vez, un accidente de coche, de socato reparei en que aínda tiña o informe do hospital entre as miñas cousas. Nese intre non o dubidei e decidín lelo.

- A paciente Candela Branco Soto, ingresada en EC por un accidente de coche o pasado 24 de febreiro do 2011, segue sen mostrar ningunha resposta.

Saltando a mirada ata abaixo podíase ler:

- Hoxe día 12 de abril de 2015, a paciente Candela Branco Soto, tras 4 anos en estado vexetal, segue sen mostrar resposta, só recibe estímulos.

Non puiden evitar saír correndo da habitación. No corredor que se dirixía á cociña había un retrato pendurado na parede, aqueles ollos e aquel sorriso éranme tan familiares que non puiden evitar susurrar; papá. Tiña a sensación de que todo comezaba a ter sentido mais onde estaba aquel home ao que eu chamaba papá?

Aquela noite o ceo estaba despexado, podíase enxergar cada estrela, podíase explorar cada recuncho do ceo, mais eu non tiña ganas de disfrutar daquela noite tan formidable. Pechei os ollos uns intres e quixen lembrar mais non o conseguía, só recordaba un paseo co meu papá á beira dun río e o accidente de coche que se repetía unha e outra vez na miña cabeza, aquel pensamento abarcaba toda a miña mente e facíame estremecer cada vez que pensaba nel.

Pasaron os días, as semanas e incluso os meses e eu seguía naquela casa de campo, agardando respostas que nin sequera sabía se chegarían, familiarizándome cos recunchos da casa e coa miña avoa, porque xa sabía quen vivía naquela casa, a miña avoa Lucinda, mais aínda non fora quen de lle preguntar polo meu pai.

Unha tarde decidín saír dar unha volta polo aldea, según o carreiro que levaba á igrexa, decateime de que na pequena mochiliña na que levaba a merenda a avoa metérame unha cámara de fotos, non tardei moito en collerlle gusto á réflex - debía ser amiga íntima noutra vida- pensei para min. Ao chegar ao cemiterio, abrin a cancela e entrei, sentín un calafrío por toda a espalda, tiña o presentimento de que algo non ía ben mais continúei camiñando, nese intre volvían a recordar o accidente, mais non era quen aínda de asocialo con aquel lugar. Non tardei moito en dar-me conta de que ao fondo había unha muller, unha muller de cabelos dourados, o corazón latexábame máis forte ca nunca e saín correndo cara a ela, pero de súpeto tropezei cunha pedra e caín ao chan golpeando a cabeza.

Mancárame, pois notaba como sobre a miña cara esvaraban pingas de sangue, pero non foi impedimento para levantarme e volver saír correndo cara á muller, xusto antes de chegar a ela pareime en seco, de pronto distintas imaxes cruzaron a miña mente: o meu papá, a miña nai, Uxía, Adela, Bruno, Roi, Sebastian, Carlos, Juan, sen explicación comezara a lembrar.

Non puiden evitar sentir temor, como as miñas pernas comezaban a tremer e como empezaba a tatear intentando chamar a atención da muller, de mamá. Mais non reparara en que choraba a morte de alguén, a morte de papá. Nese mesmo intre o encanastrado quebracabezas comezara a ter sentido, horrible, pero ao fin e ao cabo sentido.



Liliana Villar



Entrevista á autora

- Por que decidiches escribir un relato?

Vexamos, xa dende moi pequena tiña a sensación de que cando escribía, ben fose unha carta, un diario ou un poema, desfaciame das cadeas da mente e baleiraba o meu corazón, todas as miñas penas, decepcións, angustias... quedaban alí, plasmadas nun simple papel, esquecíaaas por un instante. E bueno, este caso non foi unha excepción, en certo modo foi un pequeno proxecto para desafogar penas, e bueno, tivo bo resultado!

- Cal foi a túa fonte de inspiración?

Cando me poño a escribir a miña imaxinación voa soa, sen límites e sen control. Pero neste caso é necesario dicir que tivo un alto grao de influencia o meu estado anímico naquel momento, pero supoño que como para todo.

- Como decidiches presentar a túa pequena obra?

Sen dúbida pola miña profesora de galego ,Conchita, sempre nos animou moito a escribir e a participar na revista "Rañolas" , e na miña defensa direi que é unha experiencia xenial, sobre todo se se recoñece o teu traballo e as túas ganas!

- Pensas volver a presentarte ao concurso literario o próximo ano?

Curiosa pregunta, é moi difícil contestala xa que non sei que pasará de aquí a un ano, pero se teño a oportunidade non o dubidarei, é algo que me gusta e co que disfruto , animo tamén a que todos os rapaces e rapazas o fagan!

- Agora, falando do relato. Dime, utilizaches un escenario coñecido?

A dicir verdade fixen uso da miña imaxinación nunha alta porcentaxe, pero hai algúns trazos e elementos da miña aldea, como o cemiterio ou a casa da miña avoa, cos balcóns e as fiestras douradas.

- Eras tí a protagonista da historia?

Vaia, esta cuestión é tamén difícil de contestar. Podería dicir que si, os trazos físicos da protagonista, a melena dourada, a face pálida, e mesmo o comenzo da historia cando esperta do coma no hospital ,foi un soño moi particular que tiveron pouco antes de comenzo a escribir, pero, no resto da historia non, tampouco me gustaría ser a protagonista de dita traxedia.

- Cal foi a túa reaccion ante o premio? Esperábalo?

A dicir verdade foi totalmente unha sorpresa, pódese dicir que son unha persoa bastante insegura, e bueno, algo pesimista tamén, sempre me poño no peor dos casos para logo non levarme decepcións, pero neste caso foi unha alegría! Saín recoller o premio algo intimidada e aínda insegura, pero ao saír tiña ganas de chegar a casa para amosarlles aos meus pais e avós o premio! Fíxome unha gran ilusión!

E por último, a quen lle dedicarías o teu relato?

Ao meu Papá, porque meréceo máis ca ninguén, por sere unha persoa tan forte.

Relato Nivel III

Fremont e Herman

A casa de Herman atopábase no centro da cidade. Baixou as escaleiras e saíu á rúa co móbil na man portando un amplo sorriso. Quizais non o notaba, pero aquelas mensaxes alédábanlle o día. Os seus amigos esperábano para ir entrenar e ao achegarse a eles dixéronlle:

-A ver cando nos dis quen te fai sorrir así-Baixou a cabeza e non dixo nada, gardou con dilixencia o teléfono no peto e partiron cara ao ximnasio.

-Rapaces, eu marchou a casa , que estou moi canso- dixo un dos seus amigos.

Cada un marchou nunha dirección pero a Herman estábano esperando preto da súa casa.

Fremont viuno chegar coa mochila sobre o ombreiro dereito, quitou os cascos do mp3 e admirouno coma quen queda estupefacto ante un gran acantilado, unha paisaxe infinda que te envolve e te evade.

-Que tal no ximnasio?

-Ben, estiven con estes e fixemos o de sempre, e ti?

-Aquí, agardando para verte.

-Xa sabes que non me gusta moito que veñas por aquí que te poden ver os meus pais ou os veciños...

Herman abriu a porta e sentaron no único sillón que adornaba o portal. Era unha gran estancia rectangular, onde o pequeno ascensor estaba no lado oposto á porta e entre eles un gran espello, un sillón e unha pequena planta de plástico.

Fremont sentou ao seu carón apoiando a súa man sobre o xeonllo de seu amigo, quen o mirou. Herman inclinouse cara a el, pechou os ollos e sentiu coma unha fragancia percorría cada un dos seus poros. El, delicado coma un pétalo de rosa, dun vermello tan intenso coma unha posta de sol, acariciou os seus beizos e reprimiu as súas ganas de chorar...

Herman entrou na casa e sorteou con gran destreza as habituais preguntas dos seus pais. Pechouse na súa habitación e púxose a escoitar música.

"Espero que non nos vise ninguén..." Tumbouse na cama cun suspiro. "Sei que Fremont se preocupa por min pero penso que non estou preparado para contarlle aos meus pais...Quizais entendan todo esto...Se me resulta difícil a min! Canto máis a eles. Na casa cada vez



que sae o tema evítano rapidamente con bromas"

Cambiou a canción e deitouse sobre o seu lado dereito, quedando ensimismado cara ao precioso cadro de Monet. Aqueles nenúfares transmitíanlle unha gran tranquilidade e a sensación de liberdade ao ver que flotaban no ceo reflectido. "Nunca comprenderei por que non me deixan ser libre... Por que non podo escoller o que me gusta? Quen é o que dicta as normas sobre o que está ben visto ou mal visto? Nunca, nunca, nunca me podo sentir libre se todos eses ollos axexan sobre min, se todos eles matan a miña dignidade e non me deixan vivir".

Tragou saliva e sentiu como un xélido diamante baixaba rozando a súa cara para rematar na almofada, sen embargo levou consigo parte da angustia que sentía. "Síntome continuamente rodeado de hipócritas e de persoas pouco coherentes. Poñen o grito no ceo para defender a liberdade, a igualdade, mais nesas mesmas situacións cotiás retráense e ao contrario do que dixeron, non están seguras da lexitimidade do que defenden." Vírase e tumbado sobre a cama mira a lámpada que colga do teito. "Cando sento no banco do parque, coa persoa á que quero, a xente, sen importar a idade, non pode pasar sen mirar estrañada. Non sei se o fan inconscientemente por curiosidade, ou iso quero crer. Polo contrario outros non poden reprimir a súa curiosidade, que se traduce en certas ocasións nunha cara de noxo ou murmuros co compañeiro...Son acaso un bicho raro? Ou é que non estou a facer o correcto? Resúltame deprimente pensar que todo o mundo aborrece os meus gustos e os rexeita. Prefiro polo momento, vivir pensando que só é unha pequena curiosidade, sexa isto verdade ou mentira".

Herman quedou durmido mentres seguía cismando na súa difícil situación, pode que non fose o único que pensara niso. É mellor crer para non ser pesimistas, que non é o único.

O primeiro raio de sol cruzou a fiestra e topouse coa cara de Herman que inda estaba a durmir. Pechou con forza os ollos mais pronto se estarricou e comprobou que ía un precioso día de primavera. Co ruído das potas e das cuncas encamiñouse cara á cociña onde súa nai estaba a preparar o almorzo.

Bos días...díxolle súa nai mentres pousaba a cunca do leite ante o seu nariz. Non se molestou en contestarlle e tomou o almorzo. Despois mirou o reloxo e deuse conta de que se lle facía tarde, quedara con Fremont, quería chegar un pouco antes e esperalo no parque. Mentres tanto Fremont preguntábase, de pé fronte ao armario, que podía pór para saír. Vístese, colle a súa cámara e sae apresuradamente da casa. Cando chega ao parque, Herman está apoiado no tronco da nogueira máis grosa. Non podía evitar pór ese sorriso parvo cada vez que o vía, e sabía que el tampouco.

-Hai moito que agardas?

-Non te preocupes, non levo moito agardando. Ademais, co bo día que vai hoxe estase moi a gusto aquí apoiado. Prefiro estar aquí ca na casa porque miña nai me volveu preguntar onde ía. Xa sabes que non me gusta mentirlle pero tiven que dicirlle que ía con Iria. Póñoame moi nervioso cando quedamos e pregunta polo que fixen, onde estiven, con quen...

-Non tes que tomalo tan a peito. Inda que se enteiraran, es o seu fillo e non che recriminarían nada.

-Sempre dis o mesmo pero non os coñeces. Meu pai cando vemos algo na televisión sempre solta algunha barbaridade e o peor de todo é que miña nai lle ri as grazas. A min non me senta nada ben aínda que intento rir...Pero cústame moito.

-Non sexas parvo, se realmente pensas outras cousas pódellelas dicir. Es libre para opinar, non che poden dicir nada. Pode que nun principio estean obcecados e non queiran ver a verdade pero co tempo aceptaron.

-Non me veñas cos teus "loita" e "reivindicáte"! A cousa non resulta tan sinxela e máis tal e como son eles...

-Seino, pero penso que vivir así, agochados, non nos leva a ningures. Se nos defendemos non se botarán enriba, o mundo é moi grande e a hipocresía écheo, pero no noso interior o debezo de liberdade rematará co que nos oprime. Sei que non podemos cambiar ás persoas pero podemos mellorar un pouquiño máis o mundo, facelo mellor e intentar vivir neste caos.

-Se no fondo tes razón...Pero...Xa sabes...As miradas, os insultos, os empurróns, as novatadas, non son sinxelas de aturar nin de erradicar...

Herman mirouno aos ollos e baixou a cabeza.

Fremont achegouse e agarrouno entre os seus brazos. Sentíase sempre tan ben ao seu carón. O seu arrecendo e a súa respiración provocaban nel unha sensación de tranquilidade. Recreábase nunha inmensa pradería, totalmente florida, por onde pasaba un precioso río de augas cristalinas, se te achegabas podías comprobar sen fixarte moito como os preciosos peixes de cores se mesturaban coas coloridas flores dos nenúfares. Se alzabas a vista ao horizonte, contemplábase unha inmensa pradería e máis lonxe erguíanse as montañas cos seus cumes nevados. O tacto que sentía ao rozar a súa cara coa herba era aveludado e o ambiente estaba enchoupado del. Herman non sentiu a mesma sensación ao ver como a muller que pasaba ao seu carón mostraba xesto de noxo. Ela sen pudor nin vergoña ningunha cuspiu ao chan para acenturar a súa repugnancia cara a eles. Fremont deuse conta e xa non o puido soportar máis, nese momento montou en cólera e...Viuse frenado por Herman que suxeitou a súa man mentres a muller se afastaba deixando escapar algunhas miradas que se cruzaban co volcán de ira que facía erupción dentro de Fremont.

-Por que me agarras? Non quero aturar a babecas como esa, estou canso de que nos traten así.

-Tranquilízate...Non pasa nada...Deixa que marche...É mellor que non lle fagamos caso...

-Non son capaz de facer caso omiso a estes insultosi Pensas segur así toda a vida aturando isto? Eu non...-Fremont estaba a berrar demasiado, os que pasaban ao seu redor quedaban mirando con cara de estrañados, preguntándose que lle pasaba pero era só unha curiosidade. Realmente a xente non estaba disposta a perder o tempo nalgún que non coñecía, sería mellor deixalos alí e pensar no que realmente importaba, eles.

Non esperaron moito para irse, hoxe, coma moitos outros días, non era un bo día para eles, por que? Mentres regresaban a casa bateron cunha amiga de Fremont.

Agneta deulle dous bicos ao seu amigo e presentouse ante Herman, este que quedara paralizado regresou en si e correspondeulle o bico. Como é que Fremont nunca lle falara dela? Era...non sei como dicilo...Especial."



A rapaza mediría uns 1,75 cm, a simple vista parecía normal pero de preto tiña algo que te atrapaba. Os seus cabelos eran castaños cuns fíos vermellos como os das flores de Madagascar que se enguedellaban nun bosque de lianas. O ton clorofila palpábase nos preciosos ollos que te tragaban, devorándote coma se te precipitases dende a copa das máis altas árbores á profundidade da selva. Ao baixar a vista, un escentileo cor carmín duns beizos recén pintados cegábate e atraíate co mesmo ímpetu co que o rei da selva salta sobre a súa presa. A súa tez marcada sutilmente polo sol reuníao a todos. Esta amazona facíase real cando nos percatamos dun pequeno piercing colgado no nariz, coas mesmas puntas que comandaban as frechas lanzadas por Xena ao lombo do seu cabalo. Vestía unha camiseta branca e solta, cuns pantalóns curtos. Levaba colgando do seu ombreiro dereito un bolso de coiro do que sobresaía unha morea de debuxos feitos a carboncillo.

Fremont aledouse moito de vela. "como para non facelo"-pensou Herman. Non falaron durante moito tempo pero quedaron en verse proximamente.

As seguintes semanas pasaron sen incidentes, tan só algunhas intromisións daqueles que só pensaban neles aínda que para Herman estes momentos se acumulaban na súa mente en forma de pedras que cada vez resultaban máis pesadas. A semente da súa impotencia medraba dentro del, máis rápido do que se abre a flor de Don Diego cando sae o sol. O fulgor do amencer comezaba a facer dente no seu estado de ánimo e pechábao dentro de si mesmo.

-Nótote raro...Pásache algo?- Preguntáballe a miúdo Fremont, mais el intentaba sorrir como querendo ocultar o seu verdadeiro desánimo. Había unha idea que lle rondaba a cabeza mais que desbotara rapidamente nun principio. Os raios do sol que iluminaban o mundo transformábano e non era o mesmo Herman que fora o día anterior. A noite engulíuno e o sol estaba a transformalo. Chegando o día a flor deu o seu froito e Fremont atopou unha cara no seu buzón, non tiña remite, estaba escrita a man e deseguido recoñeceu a letra.

"Amor...Amor...Amor...O lume que ardía entre nós segue vivo e ten por seguro que nunca rematará. Pero a fogueira na que me estou a consumir non é esta, é algo que non me deixa vivir. A madeira desta árbore que se queima non é a da semente que ti plantaches, é a que foi abonada por xardiñeiros que non saben de flores, nin de nada...Non intentes apagar este lume coas túas bágoas, xa non o conseguirás. A fogueira é volcán e o volcán estoupou cunha nube de pó que destruírá moitas flores. Ten coidado e gárdate dela. Nunca...Nunca...Nunca esquezas que a nosa chama é máis forte ca calquera volcán, que en nós hai unha estrela que brillou, brilla e brillará. O amor está na luz, a luz está no lume e o lume estará sempre dentro de ti"

Jacobo López

Ensaio Nivel III

A morte

A morte é algo que produciu temor no ser humano dende que este ten conciencia de si mesmo .A morte é a "sombra" da vida , pois sempre estás acompañado dela. A morte ensombrece todo aquilo que te fai feliz na vida . De mesmo modo, a morte é a sombra que te segue alí onde vas, incansable e levando consigo unha moeda de cara ou cruz, tócache hoxe ou espera outro día. Sen embargo, non está sempre presente en nós senón que nos asalta con máis frecuencia cando a sentimos máis preto, ben porque a nosa vida avanza ou porque notamos ou presentimos o noso final. Tamén pode ser cando sentimos a morte de alguén cercano . É aí cando reaparece na nosa mente e pensamento a nosa propia mortalidade . Podemos dicir que a partir dese momento no que nos invade o temor aparece o terror "Carpe diem" (vive o momento) ; reaccionando deste modo a dúas preguntas fundamentais nesta disertación: Cando chegará a morte? E haberá algo máis alí ou xa non serei nada cando me alcance?

Ó longo da historia e a través da filosofía e de crenzas relixiosas desenvóléronse teorías que tratan de proporcionarlle unha maior sensación de permanencia e, non dispoñendo noutros casos dunha certeza maior que a que proporcionan os seus coñecementos , reducindo a esperanza a aquilo que consiga construír na súa vida corporal ou material.Neste caso, a realidade humana non é a mesma para todos.

Uns cren na teoría nonista segundo a cal o ser humano está constituído principalmente pola súa dimensión material , o corpo. Rexeita deste modo a posibilidade dunha segunda dimensión humana , máis etérea , que se coñece por varios nomes: A alma e a mente . Polo tanto , hai que ter en conta que a nosa única dimensión é material e que a morte significa o fin da existencia terrenal do ser humano, debemos supor que esta postura propón que a morte significa o fin da existencia humana e que NADA hai despois da morte (iso é o que cren algunhas persoas) .

Non estou satisfeita con esta idea , xa que se só existira esa realidade material, a vida practicamente non tería sentido.

Aquí entra o "xogo" da relixión, que nos intenta " explicar", dalgunha forma, que hai despois da morte ou que se temos "fe" salvarémonos . Esta teoría cuxa concepción divide o material (corpo) do espiritual (alma) defendérona grandes pensadores tales como: Platón, Aristóteles, Descartes... Ademais dalgunhas relixións (Cristianismo, Islam, Xudaísmo)

que plantexan a morte simplemente coa separación das dúas realidades anteriores , sendo estas un momento de transición da existencia



terrenal á transcendencia (dalgunha maneira : espiritual) . A última opción ofrece a aqueles que a toman por verdadeira un sosiego espiritual que non poderían adquirir de ningún outro modo . Ofrecéndolles a Salvación , a Salvación das súas almas fronte á morte , coa única condición de que os seus fieis sigan as ensinanzas da relixión en cuestión .

Distínguense varias relixión e cada unha delas "funciona" dun xeito distinto , pero aínda que sexan distintas , teñen algunha relación.

Así , no cristianismo cando morremos a alma volve a Deus , dependendo de se se recoñeceu , ou non , a Deus como salvador na nosa "viaxe" á Terra .

Aqueles que non recoñeceron a Deus como o seu señor e salvador deberán presentarse no xuízo final . A obra de Deus resúmese na seguinte frase:

"esta é a miña obra e a miña gloria, levar a cabo a inmortalidade e a vida eterna do home" . Segundo os cristiáns, a morte represéntase coa figura dun esquelete que empuña unha gadaña e algunhas veces un reloxo de area ou outras armas.

Ademais , os mormóns cren que o espírito que abandona o corpo é semellante á aparencia que deixa no seu estado carnal, pero na súa forma máis xoven. Os coñecementos adquiridos , aparencia física ... consérvanse pero nun estado de perfección .

Outro caso é o dos "testigos" de Xehová que cren que a gran maioría dos mortos se atopan nun estado de inconsciencia absoluto. Serán xulgados na "nova terra", os que obrasen ben vivirán o paraíso e os que fixeran o oposto serán castigados coa morte eterna. Cren tamén nos 144.000 "unxidos polo espírito santo" que segundo eles ao falecer van ao ceo para ser reis , sacerdotes... e gobernar con Cristo "sobre a terra" no reinado milenario .

Polo tanto, podemos apreciar distintas formas de relixión pero todas elas, cunha concepción distinta, están relacionadas porque cren nun Deus e cren tamén na búsqueda da salvación .

Dentro das distintas relixións temos maneiras totalmente diferentes de ver as cousas .

Por exemplo: os hindús cren que a alma pasa por moitos "renacementos" .

Poden ser como membro dunha casta superior a Deus ou como unha escala social máis baixa, cunha casta inferior , ou como un animal, posto que a roda do karma (as accións dunha vida anterior) aplícanse a homes e animais . Os hindús ensinan que todas as criaturas , tanto homes como bestas , están na súa situación actual por causa das accións (karma) de vidas anteriores. Por outra banda e para rematar co tema da relixión, temos outro dous conceptos : encarnación e reencarnación .

O primeiro refírese ó tempo en que deus veu á Terra en carne humana e o segundo a volver na carne ou regresar na carne . Esta teoría implica que poderíamos ter unha vida anterior na Terra e que probablemente no futuro haberá outras moitas .

Nunha disertación como esta parece primordial falar dalgunhas relixións que nos axudan un pouco a entender a morte . Proseguirei cos meus argumentos e a miña experiencia sobre a morte :

Lembro a primeira vez que comecei a dar-me conta realmente de que eu ía morrer e non porque me ocorrera algo senón que foi simplemente pensando. Un día tan normal como o de hoxe, deitada , tiven a oportunidade por un momento de sentir a morte moi preto de min , tan preto que o medo apoderouse de todo o meu corpo . Pensei , que ocorrerá cando morra?

Chegan ao teu pensamento remorsos e cousas difíciles de explicar , só se o vives , pódelo sentir.

Sentín que era absurdo vivir , porque total ía morrer (vivimos para morrer), sentínme por un intre fóra de min mesma, coma se alguén se metera dentro de min . Quizais isto pareza un pouco estraño , pero realmente téis un temor moi grande a morrer, polo menos eu . Por outro lado , tranquilízanme certas cousas , como por exemplo a miña fe e outro tipo de crenzas .

Non creo na opción de que o ser humano cando morre quede "durmiendo" se nón que creo en algo máis . Parecerá unha parvada pero penso que cada un é libre de crer o que queira .

Penso que unha vez que morremos o noso corpo queda baixo terra pero a nosa alma ascende . Todo comenzo un día , investigo moito sobre as outras opcións relacionadas coa morte co sobrenatural e aínda que crea en Deus , que non está nada mal investigar e percartarte doutras cousas .

Creo que vivimos noutro ciclo e noutra etapa que antes outra xente xa vivira . Somos seres humanos , materia ; pero temos alma e espírito .

Anteriormente , moito antes de que existise a Terra, penso que houbo miles de planetas máis que comezaron igual ca nós e que ó chegar a un punto concreto da ciencia e de descubrir a verdadeira realidade, todo eso destruíase , quedando algunhas persoas que reniciarian un novo proceso , ciclo e etapa . Quizais , pareza un pouco "atolado" o tema.

A morte , como dixen antes , ten que ver coa relixión, eu son cristiá e creo efectivamente en Deus e na salvación , pero algunhas argumentacións doutras relixións tamén as creo ; por exemplo a dos hindús , que cren que antes vivimos unha historia (unha vida) que morremos e nos convertemos noutra cousa , sexa animal ou non.

Estou completamente segura de que isto é certo. Un día escoitei falar a un psicólogo que hipnotizara a unha paciente e mentres este proceso tiña lugar, a paciente contaba a súa experiencia nunha vida anterior. Fora un golfiño. Como este caso hai outro moitos interesantes que me fan pensar que para estar realmente ó lado de Deus téis que comprender e ter experiencia dende outras perspectivas ata acadar a sabeduría completa e con ela estar xunto a Deus . Non sei se expliquei moi ben a miña tese , pero para min é realmente complicado plasmar os meus "pensamentos" nunha folla. Polo tanto , aínda que sexa cristiá, defendo a salvación , pero tamén os distintos procesos (noutras vidas , despois da morte) para poder estar ao lado de Deus.

Que é a vida e maila morte?

Describirei a vida dende un punto filosófico.

Dende unha perspectiva filosófica , a vida pode abordarse dende diferentes conceptos : obxectivismo (Edmund Husserl) , dualidade alma-corpo (Platón , Descartes, Max Scheller , Ludwig Klages) , mente e cerebro (Henri Bergson) , vida e ser (Héctor Delfor Mandrioni) e a fenomenoloxía do coñecemento e a aprehensión (Nicolai Hartmann) . O concepto de vida ou existencia , inseparable da morte ou inexistencia e a súa transcendencia , foron e son distintos nos lugares e nas épocas da historia da humanidade . A importancia primordial da vida para o ser humano inflúe na linguaxe , de maneira que son numerosos os distintos usos e expresións que conteñen este termo. Para a maioría das relixións , a vida presenta connotacións espirituais e transcendentais.



Por outro lado, a morte é, en esencia, a extinción do proceso homeostático e pon fin á vida . O proceso homeostático é a característica dun sistema aberto ou pechado, especialmente nun organismo vivo. Un exemplo de morte é o suicidio . O contrario ao desexo de vivir que non contradi o instinto de supervivencia , xa que el nos impulsa a esquivar a morte . Por exemplo , os suicidas que saltan ao baleiro agárranse a algo para non morrer (instinto de supervivencia). Na relixión cristiá fai moi pouco non se enterraban nun cemiterio a aquelas persoas que se suicidaban . Sen embargo , no atentado das torres xemelgas (os asasinos e suicidas musulmáns facíano para acadar o paraíso), velaí distintas maneiras de "observar" a relixión .

Neste punto da miña disertación, cheguei a unha conclusión (respostando as cuestións anteriores) .

A morte do ser humano parece un gran enigma que non se consegue descifrar debido á ausencia do coñecemento e experiencias do fatal desenlace ó que está condenado .

Tememos a morte porque é algo descoñecido e non hai enigma, por agora, tan profundo como o de saber que hai despois dela . É certo que mediante as teorías explicadas anteriormente intentarei dar respostas a esas cuestións , pero son só teorías posto que ninguén sabe se hai algo despois dela e cando chega , se realmente existe algo , xa non o podes transmitir. Polo tanto , debemos dicir que a "fe" é un aspecto importante do concepto morte . Segundo a "fe" podemos diferenciar 3 posibilidades :

- 1) Despois da morte non sucede nada.
- 2) Despois de morrer regresamos á Terra en forma de animal planta ou persoa.
- 3) Hai vida máis aló do "mundo" polo que a persoa non chega ao seu fin senón a outro lugar.

No caso de que algunha das teorías anteriores sexa a verdadeira . Por que temer unha "experiencia" que endexamais experimentaremos? Aquí citaríamos ó filósofo Epicuro , "mentres vivimos , a morte non existe e cando esta existe , nós xa non somos" . Co cal se a morte non é o fin da existencia humana isto significa que en certo modo perduramos, polo que a nosa maior preocupación , a posibilidade de deixar de existir , xa non tería razón de ser .



Andrea Tumbeiro Romero

Entrevista á autora

Por que decidiches presentarte de novo ó concurso literario?

Ademais de que o ano pasado foi unha experiencia moi boa; o meu profesor de filosofía animoume a presentarme este ano, pero en vez de escribir un relato presenteime no xénero de ensaio.

Por que o teu ensaio trata sobre o tema da morte?

Creo que é un tema que preocupa a moita xente, incluso a min. Por iso decidín buscar información, documentarme e despois escribir o que eu pensaba.

Cambíaches de opinión ó facer o teu traballo?

A verdade é que nalgúns conceptos si. Cando te informas sobre algún tema ,debes coller distintas fontes de información así como temas que xiren ó redor do teu e ao final sacar unha conclusión como podes apreciar no meu ensaio.

Sorprendeuche gañar o premio?

Pois a verdade é que si. Ó presentarme na categoría de ensaio, non sabía se podería gustar, aínda que intentei facer algo que lle gustase á xente.

Axudouche alguén a facelo?

Fíxeno eu. Escollín o tema e logo redacteino. En principio foi un traballo da clase de filosofía e despois de lelo o meu profesor, decidín comentarlle que quería presentalo para o concurso literario.

Volverás presentarte o ano que vén?

Se teño tempo suficiente, si. Gústame pasar o tempo escribindo historias ou dando a miña opinión sobre temas diversos que interesan na actualidade. Probablemente o ano que ven si que me presente, pero aínda non sei en que categoría facelo.

Olga Vortolomei.



A miña experiencia na Sinfónica de Galicia

"Pip pip, pip pip". Soa o meu despertador. Son as sete menos cuarto da mañá. É sábado. ¡Que sono teño! Teño que dar-me présa se non quero perder o bus. Como todos os sábados dende o 15 de xaneiro de 2011, saio da miña casa co meu violonchelo ós ombreiros e diríxome cara ao Parque de San Lázaro, onde outros seis músicos ourensáns agardan por un pequeno bus que nos levará dereitiños ó Palacio da Ópera da Coruña. Todos temos entre doce e quince anos e tocamos un instrumento de corda. Somos tres violonchelos, un contrabaixo, unha viola e dous violíns. Todos estudamos no Conservatorio de Música de Ourense.



Xa se albiscan no horizonte as enormes columnas do Palacio da Ópera. O autobús apaga o motor. Xa chegamos. Baixamos cos nosos instrumentos e un arrecendo a mar invádenos. Dirixímonos cara á sala Mozart, sacamos os instrumentos e sentamos nos nosos sitios. Alí agardan outros vinte e sete músicos de corda, de entre once e quince anos. A maioría son da Coruña, pero tamén hai xente de Ferrol, Lugo e Santiago. Tamén están alí os nosos instrutores, Jorge Montes e Enrique Iglesias. Xuntos formamos a Orquestra de Nenos da Sinfónica de Galicia.



Despois de revisar a afinación, comezamos a facer unha das cousas que mellor sabemos facer: a música. Jorge e Quique van corrixindo os nosos erros e dando os detalles precisos para que poidamos interpretar grandiosamente as obras de xenios da música como foron Bach, Sibelius, Purcell ou Telemann. Traballamos durante tres horas cun descanso de vinte minutos. Cada día, as obras soan mellor e mellor. Toda a orquestra ten un espírito de superación, unha ilusión por aprender cada día máis e facelo mellor.

Ao rematarmos o ensaio, enfundamos os nosos instrumentos, que xa case se converteron nos nosos compañeiros inseparables. Despedímonos dos nosos amigos e os sete ourensáns subimos ó bus e voltamos a casa.


Así eran os meus sábados pola mañá do curso pasado. Constituiron para min unha experiencia moi instrutiva a nivel musical pero tamén a nivel persoal. Despois do primeiro concerto na Coruña apareceron as primeiras reportaxes na prensa. Chegamos a saír na televisión. Demos a coñecer ó mundo o noso traballo, aínda sendo tan xoves. Comezamos a ter certa fama. Pero iso non era o que máis me importaba. O que máis valor tiña para min eran os sentimentos que saían do meu violonchelo e que se mesturaban cos que os meus compañeiros e amigos sacaban dos seus instrumentos. A música que chegaba ó máis profundo da miña alma e percorría cada parte do meu corpo.

Este curso tiven a sorte de poder seguir na orquestra. Dos sete ourensáns que eramos, xa só quedamos dous. Veu moita xente nova, entre eles dous mozos máis de Ourense, pero iso non implica que a ilusión sexa diferente. Seguimos a traballar do mesmo xeito. Sen embargo, este ano é distinto ó anterior, mais a intención do proxecto segue sendo a mesma: mellorar coma músico e coma persoa. E de momento, vai ben encamiñada.



Pronto cumprirei os dezaseis anos e para o curso que vén xa non poderei seguir nesta orquestra. O que pasará despois non o sei. Pode que intente seguir na Xove Orquestra Sinfónica de Galicia. O que si teño claro é que todas esas viaxes cada sábado á Coruña, todas as experiencias vividas, todas as alegrías e os sorrisos, todas as sensacións que a miña música me transmitían a min, xa ninguén vai poder arrebatarmas. Levarei esta preciosa lembranza sempre gardada no meu corazón.

Iago Rodríguez



NACE UN ARTISTA

Todo empezou cando unha amiga, Cecilia, me avisou de que ía comezar un programa en Antena 3, "El numero uno", no que podía participar xente de todas as idades, sempre e cando lles gustase cantar. Busquei o número para apuntarme, e chamei. Unha semana despois chamáronme para que mandara un vídeo meu cantando e déronme unha dirección de correo electrónico para que o enviase. Se lles gustaba, chamaríanme para a 2ª fase da selección : o casting presencial, en Santiago de Compostela.

Pasaron uns días e crin que non me ían chamar. Pero para a miña sorpresa, recordo que un luns, á tarde, no medio dun exame de recuperación de matemáticas sooume o móbil. E vale, xa sei que non se pode telo acendido en clases, e menos nun exame, pero como estaba esperando esa chamada... Mireino ás escondidas e recoñecín o nº, xa que era o mesmo co que me chamaran a primeira vez. Pedínlle á profesora se podía saír un momento, que era urxente, e ela deixoume (menos mal). Cando o collín, efectivamente, pasara á 2ª fase do casting e tiña que ir a Santiago.

Fun e fixen alí a audición, que non durou máis de 5 minutos. Estaba moi nervioso, e para colmo non me dixeron no momento se pasaba ou non. Tiña que mirar a páxina de Antena 3.com o domingo (fixera o casting o venres), e se estaba alí o meu vídeo, significaba que superara a proba e estaba na semifinal. Eu, a verdade, estaba 100% seguro de que non ía pasar... Pero o domingo cando mirei a páxina web non o podía crer: Alí estaba o meu vídeo! Presentáranse ao casting de Santiago unhas 350 persoas, e apenas pasaran 10, e eu entre eles... Foi moi gratificante e especial ese feito para min.

Puxeron o vídeo o domingo e só os 5 máis votados habían pasar á fase final. Estaba seguro de que o conseguiría, porque me apoiaba moita xente: profesores do instituto, amigos, familia... e así foi

Pasados os tres días, acabara liderando a lista. Estaba moi feliz. Conseguírao.



A última eliminatoria foi en Barcelona. Durante tres días estivemos nun hotel os 100 finalistas de toda España, dando o mellor de cada un para ser seleccionados para o programa. Acompañoume a miña nai e a min e a ela pagáronnos todo: o hotel, o voo, os taxis para os desprazamentos... Fun moi ilusionado sen saber que pasaría.

Cando cheguei ao holl, xa había xente, aínda que non os 100. Foi increíble chegar alí e que algúns te recoñeceran...: "Este es el que cantó la de Broken Strings" (foi a canción que cantei en Santiago), " Me encanta la voz de este chico"... E eu, como non, tamén recoñecía a uns poucos.

Ese primeiro día tivémolles que cantar á organización do programa para ter unha primeira "toma de contacto", e fixéronnos unha entrevista gravada para coñecernos e preguntar algunhas cousas do programa tipo: Cres que poderías ser o "Número uno"? Que pensas do xurado? (por certo, eran Sergio Dalma, Natalia Jiménez, Ana Torroja, David Bustamante e Miguel Bosé) Que buscabas no "Numero uno"? etc. A min foime un pouco mal a entrevista, porque era liosa e estaba bastante nervioso, non sabía o que dicía ou dicía parvadas. Pero ós meus compañeiros, polo que me contaran, tampouco lles saíra moi ben.

O segundo día, á mañá, fomos a unha nave a gravar un SPOT para o programa, éramos 100 e 5 xurados, ou sexa, 20 concursantes por cada "coach", éramos nós os que elixiamos con que cantante queríamos ir. Eu escollín a David Bustamante, xa que vivira o mesmo ca min

esa tensión do casting. Á tarde, os participantes de Miguel e Sergio gravaron os seus respectivos castings e os que non gravamos, os dos 3 artistas que quedaban, volvemos ó hotel.

No tempo libre estabamos no holl cantando e de noite íamos algúns para a habitación dalguén e montábase unha auténtica "festa" cos afortunados artistas que tiveron a sorte de chegar ata alí.

O terceiro día, o último á última hora, foi o meu casting. Comezamos ás 18 h. e acabamos ás 21:30 h. Foi moi emotivo, houbo choros, risas...moitísima emoción. Tivemos momentos de contacto con David, falabamos da experiencia... El foi moi simpático e dedicoume unhas palabras moi bonitas cando se marchaba. Deume un abrazo, apretoume a man e díxome : Tes un talento e unha voz moi especial. Segue adiante formándote e chegarás moi lonxe. Eso para min foi un gran regalo. Non o esperaba.



De 100 persoas pasaron 25. Eu non. Pero non pasa nada, o que me importa de verdade é ter coñecido a xente moi especial coa que aínda manteño contacto e coa que programei unha escapadiña, en vacacións, para volver a vernos. Ademais, eu alí era o único que non tiña experiencia. Nunca fun a clases de canto, non sei técnicas, non sei nada. Cheguei alí polo talento de meu... Había xente con discos, maquetas, varios anos en orquestras... E tamén éramos máis de 3500 nos castings presenciais, e a pesar disto conseguín un lugar entre os 100 mellores. Todo foi do mellor xeito que podía ser. Estou feliz, e con moitas ganas de volver a vivir algo así.

Joao Henrique Dos Reis



20 anos De Nevermind



Nevermind de Nirvana foi e é un dos discos máis influíntes da historia da música. Publicouse o 24 de setembro de 1991.

O grupo Nirvana estivo composto por Kurt Cobain, Krist Novoselic e Dave Grohl. Fundouse en febreiro de 1988 en Aberdeen, Washington. Ó principio o grupo só contaba con Cobain, Novoselic e varios baterías. En 1988 decidiron chamarse Nirvana, despois de pasar por nomes coma Skid Row, Bliss, Pen Cap Chew ou Ted Ed Fred. A súa primeira actuación foi o 24 de abril de 1988 en The Vogue, un dos poucos locais de Seattle onde se lle deixaba tocar ós grupos a música que querían. Firmaron ca discográfica independente Sub Pop nese mesmo ano. O 15 de xuño 1989 publicaron o seu primeiro disco chamado Bleach. En 1990 incluíron a Grohl. O seu seguinte disco chamaríase Nevermind e pasaría á historia. Seguiron outros chamados In Utero ou Incesticide. O grupo disolveuse no ano 1994 xa que o seu líder Kurt Cobain suicidouse. Os demais integrantes



seguiron facendo música noutros grupos, por exemplo, Dave pertence actualmente ó grupo Foo Fighters.

NEVERMIND

Grabouse en maio de 1991 no estudo de Sound City. A portada do disco está baseada nun documental sobre partos na auga, xa que mostra un bebé nadando, pero Kurt retocou a imaxe para pór un billete que colga tentadoramente dun anzó. É unha imaxe da inocencia ó borde da corrupción.


A perda da inocencia, o sentimento de ira, o sarcasmo e a autocritica están moi presentes no álbum, dende o famoso Smell Like Teen Spirit ata Something in the Way.

A canción máis coñecida é Smell Like Teen Spirit, que é de melodía explosiva e capta sempre a atención de quen a escoita. Outras cancións coñecidas son Come As You Are ou In Bloom. As súas

letras xeraron polémica sobre o seu verdadeiro significado, pero o verdadeiro motor do álbum foi a forza da música. Con este disco o grupo perfeccionou o seu estilo: souberon utilizar mellor a súa forza, cando dalo todo e cando conterse. Sen ningunha dúbida, Nevermind marcou un antes e un despois para o grupo Nirvana, pero tamén para a música mundial. Puido converterse nun disco que marcou época, pero ademais diso converteuse en eterno.

Curiosidades:

- Kurt Cobain e Krist Novoselic naceron en Aberdeen, Washington. Dende o ano 2005 ó letreiro de benvida colocóuselle outro máis pequeno por debaixo co título dunha canción de Nevermind: Come as you are, polo que agora lese: Benvido a Aberdeen, ven tal e como es.



- Ó morrer Kurt, entrou nun grupo de músicos da época chamado o Club dos 27, xa que morreron todos con 27 anos. A el pertencen artistas Janis Joplin, Jimi Hendrix ou Brain Jones.

*Antía Quintana
M^a Jesús Conde*





ENTREVISTA

- 1. Cal é a verdadeira historia do gato do logotipo?**
 Pois veredes, a verdadeira historia do logotipo é que nós eramos moi fans de 'LOS RAMONES' que son os que nos levaron á horta do rock .Como eles tiñan una aguia de logotipo, nós, como bos ourensáns que sempre collemos o máis grande,o máis bonito e nunca o mellor, non sabíamos que coller. Nunha revista reparamos en que para separar as follas aparecía un gato e collemos o logotipo ese. Fixemos unha especie de pancarta que nos custou 18.000 pesetas. Logo, máis tarde, reparamos en que o gato é coma nós: nocturno, agresivo e suave.
- 2. Como foi a experiencia de tocar con grandes grupos como 'Los Ramones' e os 'Rolling Stones'?**
 Cando tocamos cos Ramones foi nos anos 80, daquela o mundo dos concertos era un mundo moi perigoso, sobre todo para os teloneiros, porque a xente era moi agresiva, dado que tiraban moitas botellas, latas e de todo ás persoas que tocaban e non lles gustaban. Dende A Coruña viñéronnos buscar a nós e contratáronnos para tocar 30 minutos. Como anécdota recordo que antes de saltar ao escenario déronnos un "culín" de whisky .Fomos afortunados xa que non nos tiraron nada e as críticas do concerto foron positivas.
- 3. É certo que coleccionas discos? Cantos tes?**
 Eu nunca tiven o propósito de coleccionar discos nin de mercar discos para coleccionar pero si é certo que teño moitos dicos, Lps, Cds etc. Levo mercando discos dende os trece anos e pouco a pouco fun xuntando moitos. Teño sobre 10.000 discos en total .
- 4. Por que actuades tan pouco en Ourense?**
 Chégalle ben, aínda tocamos aquí ben veces, o que pasa é que os ourensáns non somos moi dados a coñecer novos estilos e novos grupos, entón parece que nunca tocamos aquí. Certo é que botamos unha tempada longa sen tocar en Ourense pero aínda tocamos hai pouco varias veces.
- 5. Porque titulástedes o último traballo 'Adios Adios'?**
 Daquela estábamos nunha situación na que víamos un final e nós como grupo quixemos dar unha "pincelada final" porque a ver se fa ser o demo. A propia canción vai contradicindo algunhas cousas pero ao final quedamos coa frase que di 'Hoy adiós es un grito que quiere decir bienvenido'
- 6. Con que disco te quedarías?**
 Non podo dicir un, hai moitos e non son capaz de elixir un.
- 7. Con que canción te quedarías? E, se non tocaras nos Suaves, en que grupo che gustaría tocar?**
 Non sei, hai moitas, pero posiblemente "Pobre jugador, llegaste a mi, pardao..."
 Sen dúbida en 'Los carniceros' onde toco a batería.
- 8. Como vos vedes como grupo despois de trinta anos?**
 Ja,ja,ja... bastante acabados, co paso do tempo véxome con máis experiencia, con máis anos, temos máis tolerancia entre nós mesmos, e sobre todo, despois de trinta anos aprendes a escoitar aos demais, creo que esa é a clave de todos os grupos.
- 9. Algunha vez cometédedes fallos grandes mentres tocabades en directo?**
 Si, moitos, pero porque somos humanos e todos nos equivocamos. Todos sexan mellores ou peores cometen erros e se non os cometeran, non serían humanos, cada un fai o que pode e os erros máis comúns son, por exemplo,
- trabucarse de estrofa ou empezar antes ou mesmo cantar un estribillo cando non é.
- 10. Que música escoitades cando ides de rota?**
 Cada vez escoitamos menos música e estamos máis en silencio. Xa estamos acostumados uns aos outros. Levo 22 anos compartindo habitación con Alberto Cereijo e...iso xa estamos moi acostumados uns aos outros, ja,ja,ja... Temos música en común pero non adoitamos escoitala, pero si que escoitamos a radio aínda que non música na radio senón que escoitamos as novas.
- 11-Con que concerto te quedarías?**
 Sen dúbida co concerto no que fumos teloneiros dos Ramones, ese concerto significa moito polo seu valor sentimental.
- 12-Reivindicades moito o de ser galegos sen embargo non cantades en galego, cres que se vos pecharian portas comercialmente falando se o fixerdes?**
 As letras están en castelán por costume. No grupo o que máis reivindica o galego son eu, a miña nai falaba en castelán e o meu pai en galego. Cando tiña 12 anos comezei a falar galego e a preocuparme por conservar a lingua que falaba a miña avoa á que tanto quixen. Dos catro irmáns o que máis se preocupou fun eu. Eu nunca marchei da miña terra, só durante 3 meses para ir facer a mili.
 As letras son en castelán polo costume que ten Yosi de falalo e as letras, polo tanto, fixéronse en castelán.
- 13-Moitas grazas pola paciencia e que sexan outros trinta anos.**
 Non creo que volvamos estar outros trinta anos en pé no escenario jajajaja

Aingeru Arza
 FernandoRebello
 Xabier Rubira





A EVOLUCIÓN DO SENTIMENTO NACIONALISTA GALEGO

O considerado hoxe **nacionalismo galego**, corrente tanto ideolóxica coma cultural, vai reivindicar o recoñecemento da Galiza como nación e como tal con dereito a autodeterminación, plantexándose tamén un Estado Español federal ou confederal, aínda que as posturas máis radicais, as aferradas á defensa do sentimento galego, elevan as devanditas reivindicacións ata chegar ao punto da **(esquerda independentista)** independencia da Galiza tendo como motivo tentar a ruptura co Estado Español e o modelo capitalista, e xurridon ao mesmo tempo o sentimento de unidade debido ao pasado común coa veciña Portugal, definindo así a tendencia **Reintegracionista**, que sostén que o galego e mailo portugués consolidanse nun mesmo "diasistema" lingüístico, coñecido coma Portugués, o cal posúe normas actuais tanto do portugués coma de países lusófonos de África, Brasil e por suposto da Galiza. Todas estas correntes buscan a defensa da lingua e cultura galega e mesmo a integración de concellos galego falantes coma Asturias, Castela e León, Val do Ellas. Tamén se dá o **Irredentismo Galego**, o que desencadea a idea da non tan utópica "**PORTUGALIZA**", termo que amosa a tentativa de unión do pobo Portugués e da comunidade autónoma da Galiza, unión que se reflexa no marco cultural, lingüística, histórica e xeográfica.

Aparece un **movemento social** con dimensións culturais e políticas que comprenden dende a prehistoria ata os nosos días, coa formación dun pobo galego unido a unha dimensión política arraigada ao nacionalismo galego nado nas últimas décadas do sec. XIX que desencadearía a formación de partidos políticos tralos diferentes movementos culturais.

MOVEMENTOS CULTURAIS QUE DESENCADEARÁN O SENTIMENTO NACIONALISTA GALEGO

O nacemento do nacionalismo galego acádase verdadeiramente na época das

Irmadades da Fala, aínda que con anterioridade aparecen xa pinceladas. Destaca Galiza por ser un pobo moi reacio á imposición política ou cultural provinte doutros pobos, como se ve na forte oposición á conquista romana, chegando a producirse verdadeiras escenas de defensa do propio como se ve na batalla de Astures, Galaicos (Celtas) e Cántabros contra a invasión Romana que tivo lugar no **Monte Medulio** (situación xeográfica controvertida). Xa na **Idade Media** albíscase unha achega á independencia debida aos enfrontamentos de casas nobiliarias, comezando co **Condado de Galiza**, e representando no 750 a integración no Reino Astúr e saíndo á luz o **Reino de Galiza** no 910 manténdose como **Reino independente**, pero efémero debido as particións hereditarias, que non devolverían a independencia a Galiza e limitando o territorio da Galiza ata as terras do Miño que se denominarían máis adiante Portugal no 1143, reducindo así os límites da Galiza. Tería lugar pois no sec. XIV unha revolta que atendía á actitude dos nobres, que tras unha diminución das súas rentas esixían novos tributos á poboación, protexendo mosteiros e igrexas o que desencadeou continuas expedicións de saqueo e refuxiados nas súas fortalezas. Formáronse irmadades entre campesiños e habitantes das cidades que buscaban a eliminación dos abusos e violencia dos señores, provocando **as Revoltas Irmandiñas** e finalizando coa derrota do bando Irmandiño e a vitoria nobiliaria que impuxo unha gran represión; este movemento pretendía rematar co poder feudal e conseguir unha maior xustiza. Os **Séculos Escuros do XVI - XVIII** supoñen un ocaso lingüístico, económico e cultural. O galego fica ausente da vida escrita, oficial e pública quedando reducido a simple lingua oral. Malia ser o medio de expresión da meirande parte da poboación, a minoría castelán-falante é a que detenta o poder político, económico e cultural, impoñendo o castelán en todos os ámbitos. Causas desta decadencia son, entre outras, as **institucións creadas polos Reis Católicos** (**Real Audiencia, A Xunta Do Reino, Tribunal da Santa Inquisición, Santa Hermandad**) que centralizaron o poder xunto cunha **igreja desgaleguizadora** e un **funcionariado predominantemente castelán**. Engádese a emigración debido á fame e fortes tributos que se tiñan que pagar ademais de non termos dereito a voto en Cortes ata o XVII. Xa no sec XIX xorden unha gran variedade de **movementos sociopolíticos**; por un lado o **carlismo** que defende o desaparecido

Reino de Galiza dende perspectivas tradicionais e clericais; o **provincialismo** que defende a integridade do territorio de Galiza ameazado pola tentativa do Estado de organizar en provincias, xa que os provincialistas querían unha soa provincia e non as catro que hoxe se coñecen, este movemento foi representado por Miguel Solís e tamén ten o seu reflexo no ámbito cultural co **Rexurdimento literario da Galiza**; o **federalismo** que vería o seu cumio coa primeira República Española, promulgando que Galiza ficase como **cantón** e rexida por unha propia constitución cantonal, pero sen éxito e o **rexionalismo**, apenas defendido na actualidade. É un período no que se produce a achega das ideas galeguistas a sectores tradicionais e conservadores debido a acontecementos coma a fundación da **Asociación Regional Gallega** con líderes como **Murguía** e **Brañas** (férreo conservador e partidario do cooperativismo) segue coa fundación da **RAG** que dará paso ás Irmadades da Fala; e o **agrarismo** movemento de campesiños enfrontados aos foros e sistemas tributarios, tendo lugar nesta época o **Rexurdimento literario** levado a cabo por **Rosalía de Castro, Pondal e Curros**. O **ideario galeguista** que xurdiu co provincialismo e rexionalismo é tomado polas Irmadades da Fala (asociación sociocultural) da cal formaron parte galeguistas como **Antón Vilar Ponte** ("Nacionalismo Galego") **Vicente Risco** ("Teoría do nacionalismo Galego" político que involuciona dende o nacionalismo de esquerda ata a vinculación coa dereita ata mesmo renunciar á defensa que anteriormente fixera da súa nación) e **Ramón Cabanillas**. Este comezo do nacionalismo galego ten o seu punto de partida na asemblea das **Irmadades da Fala** en Lugo en 1918, na que se reivindica a autonomía total para Galiza, cooficialidade do galego e castelán e un posto de Galiza na Sociedade das Nacións.

O pulo necesario ao Nacionalismo Galego



Coa **Asemblea das Irmadades da Fala** vaise producir a diferenciación dos obxectivos de organización; uns defendían maior



participación política (*esquerdas*) e outros seguir incrementando a liña cultural (*dereitas*), a cal primará e dará lugar ao **Grupo Nós**, fundándose o **Seminario de Estudos Galegos** (co que comezaría a introdución do galego no ámbito do traballo científico). Despois, debido á ditadura de Primo de Rivera e a súa política represiva fronte ao galego, hai unha involución política dos galeguista, trasladándose parte do labor ás Américas, caso da Xuntanza Nazionalista Galega da Habana e Sociedade Republicana chegándose a formar a **ORGA de Casares Quiroga**, de transfondo autonómico, republicano pero de base burguesa, sendo a forza impulsora do establecemento dunha estratexia conxunta e autónoma dos republicanos galegos no **Pacto de Lestrobe** e creando a **Federación Republicana Galega**, que acadaría éxito electoral en 1931, con destacados nazionalistas como **Antón Vilar Ponte** (defendía construír os sistemas políticos dende a racionalidade e desde o servizo ás persoas, xa que as consideraba de forma individual e non como entes abstractos), **Suárez Picallo** (cunha activa participación na vida sindical e política, posición ideolóxica que se radicalizaría trala Revolución Rusa); e introducido polo **Partido Republicano Gallego**, **Otero Pedrayo** ("*Arredor de si*" que pode considerarse parcialmente autobiográfica e que nos permite albiscar os camiños que percorreron os integrantes da chamada Xeración Nós ata o galeguismo) chegando a posicionarse na **Izquierda Republicana de Manuel Azaña**. No 1931 nace o **Partido Galeguista**, liderado por **CASTELAO** cun ideario nacionalista galego, federalista, pacifista, progresista e universalista. Acepta o concepto das autonomías na Segunda República Española como a máxima aspiración posible no momento, pero sen renunciar ao federalismo. Tamén pode ser denominado europeísta xa que afirma que a súa meta é chegar a uns Estados Unidos de Europa. Defende a acción como motor do pensamento (**filosofía da praxe**), criticando a quen defende un ideal, mais en realidade non quere velo realizado por procurar tan só as honras e a posteridade. O pensamento político de Castelao atópase, fundamentalmente, no libro **Sempre en Galiza**. Foi un forte partidario dos pactos **Galeuzca**, entre as nacións vasca, catalá e galega, reclama a plena soberanía política para as tres rexións, definidas como nacións, propuña a creación dun consello conxunto para unir forzas, rexeitaba o separatismo e defendía a

federalización de Galiza cos demais pobos ibéricos como medio para conseguir a liberdade da Galiza). **Bóveda** proclamaba a autodeterminación política de Galiza que se traducía como aspiración mínima na constitución dun Parlamento e un Goberno galego dentro da Constitución da República.



A eliminación do caciquismo, o antiimperialismo, a igualdade política da muller, a supresión das deputacións provinciais, o recoñecemento da parroquia como entidade política-administrativa básica, a oficialidade da lingua galega, a reforma agraria, aumentou o apoio ás esquerdas políticas e viuse premiado en 1936 co inicio da consolidación e da **autodeterminación** de Galiza e unha achega á dignidade dos galegos ademais dun pulo ás continuas formas de aglutinar o galeguismo, a aprobación do **ESTATUTO DE AUTONOMÍA**. Aínda que o estoupido da sublevación militar imposibilitou a súa aprobación nas cortes dando lugar a unha época de represión, depresión, enturbamento, escuridade.... (inclasificable) pois durante a ditadura de Franco chegarían a cometerse verdadeiras atrocidades coa fin de neutralizar e mesmo extirpar o sentimento nacionalista, caso dos **fusilamentos de Bóveda e Casal** entre outros moitos, trasladando o motivo nacionalista ao exilio. **O consello de Galiza** (buscaba aglutinar aos deputados galegos, por riba de partidos políticos, para dotar dun órgano político á Galiza no exilio pretendendo actuar na práctica como un goberno galego no exilio) desenvolto por Castelao, Picallo, Villaverde. A morte de Castelao trouxo o declive e o final do **PG** postulándose a vía cultural coa creación da **Editorial Galaxia** co gran labor de prestixiar a lingua galega. Logo no 1963 **Ramón Piñeiro** tentou galeguizar a sociedade, facer que as novas xeración se apegasen á cultura galega para preparalos con vistas

á transición democrática e traballar para que os novos universitarios se enchoupasen do galeguismo independentemente da súa ideoloxía política ou postura artística. Segundo as súas propias palabras tratábase de "crear unha conciencia de Galicia". Promove o **Partido Socialista Galego** que desenvolvía un marxismo aberto a novas tendencias da esquerda europea, cun líder coma **Xosé Manuel Beiras** que na súa obra "O atraso económico de Galicia", realizou unha diagnose da economía galega como unha nación periférica que sufría dun neocolonialismo socioeconómico que explicaba o seu subdesenvolvemento. Logo baseándose no leninismo e marxismo afróntanse os alicerces de **UPG** autodefinido "comunista patriótico, porque asume a loita de liberación nacional" que reivindica o separatismo de 2 España e polo tanto a súa independencia, idea xa presente en **Comisións Labregas** e que sentaría as bases de **Estudantes Revolucionarios Galegos**.



Ao chegar a "democracia" desenvolverase a tentativa dun nacionalismo de centro. A posición de **Xerardo Fernández Albor**

(primeiro presidente da Xunta de Galiza) apoiado por Fraga nun ensaio do que sería a consolidación da dereita nunha Galiza minada pola pobreza e polas falsas promesas nunha época que suporía un antes e un despois nas aspiracións da dignidade galega, convértese en oportunidade perdida debido ás numerosas opcións de defensa do nacionalismo galego que sucumbirían, ante a búsqueda de propios beneficios e véndose seducidos por **Adolfo Suarez**, caso de Meilán Gil e Franqueira. Tras esta turbia situación aparece a **Asamblea Nacional Popular** que tenta implantar o nacionalismo de esquerdas coa estratexia de axitación social e revolucionaria sendo dirixida pola UPG e albiscándose o preludio do **BNG**. Antes crearíase o Consello de Forzas Políticas Galegas con carlistas e o **Movemento comunista da Galiza** e outros partidos partidarios da ruptura política a favor da autodeterminación que tería un maior pulo trala aprobación por Suarez da Lei de reforma política no que se comezou a desenvolver con forza a ideoloxía independentista de Galiza con **Ceibe-OLN** que apoiou o **Exército Guerrilheiro**



do **Povo Galego Ceive (EGPGC)** grupo de defensa da independencia galega de forma armada, conformando unha nova tendencia e representado polo carismático **Xose Luis Mendez Ferrin**; e coas primeiras eleccións post-franquismo nas que o galeguismo preséntase fragmentado e con moita incertidume, destacando o BNG e a UNIDADE GALEGA, amosando a crúa realidade de que o nazionalismo galego vai ir a remolque do catalán e vasco debido ao non entendemento e a mestura de obxetivos que non tiñan que ver coa propia defensa do noso.

Xa logo coa aceptación da **Autonomía Galega no 1981** e logo de producirse un maior apoio a movementos nacionalistas máis radicais e achegados ao pobo que loitan pola independencia caso de **Galiza CEIBE** e seguindo as premisas da loita armada desenvolto por **Moncho Reboeirás**

figura que defendeu a Galiza e que se convertería no principal baluarte do ideario galeguista moderno na súa defensa sendo evocado por moitos partidos de ideario independentista e reintegracionista, e que trala súa morte indiscriminada provoca a forte represión de nacionalistas galegos, que levan a cabo as forzas da garda civil provocando o exilio a Portugal. Logo de épocas de escasa representación de forzas políticas nacionalistas, no **1983 a COALICION GALEGA** perfílase como terceira forza política, freando a dereita española. Nacería a concepción tripartita do nacionalismo chegando a presidencia do **PSdeG** xunto coa **Coalición galega e o ineficaz PNG** destacando a lei de normalización lingüística e acelerando a carreira ascendente do BNG de carácter centro-esquerda, que intentaba a recuperación do nacionalismo tras uns 10 anos de continuas involucións ademais das accións dos gobernos de Fraga que confeccionarían unha constante na vida do pobo galego, chegando a ser a época de maior atraso económico e político que se prolongaría ata case os nosos días.

Chegado ao punto de que a representación nacionalista no parlamento é o BNG que acabará consolidándose grazas ao labor de Beiras. Houbo tamén fracasadas aparicións de grupos coma Terra Galega ou o refundado Partido Galeguista e doutros que profundizan na liña independentista como o **FRENTE POPULAR GALEGA e NÓS-UNIDADE**

POPULAR (baseado na idea de independencia, socialismo, feminismo, antipatriarcado, democracia popular e participativa, anti-imperialista, monolingüe social e reintegracionista), abrindo a época á aparición de movementos xuvenís independentistas. Coa chegada ao goberno do **bipartito do BNG e o PSG** aparece unha luz ao final do túnel que se ve esvaecida por un goberno ineficaz que deixa de lado ao principal valedor do nacionalismo como é o pobo vendo así mermadas as ideas de apoio ao nacionalismo, aínda que se albisca unha pequena mellora coa formación das galegoescolas e a reactivación da importante selección galega de fútbol, elemento que axuda se cadra máis a implantación de identificación do galego co que é seu.

Máis adiante ,coa Reforma do Estatuto de Autonomía, os nacionalistas pretenden acadar máis cotas de autogoberno como dar estatus xurídico ao galego propondo modelos de financiación autonómica que revirtan na Galiza o valor engadido xerado polos seus sectores productivos, pausable a tentativa da introducción do preámbulo do termo "**nación común dos galegos**"

Xa nos nosos días pódese ver como todo volve á incorporación dunha dereita que se amosa sumisa e despreocupada ante os problemas dunha cultura diferente como é a galega sen abogar pola súa defensa e promovendo o asoballamento, nun momento na que a esquerda nacionalista aparece como rachada e incapacitada para acadar os obxetivos polos que moita xente loitou, nun momento no que a xuventude galega demanda a dignificación da Galiza en detrimento da asoballado España, vendo como este sentimento aflora cada vez máis en toda a poboación e como ao mesmo tempo non se lle dá a implicación necesaria ao pobo. Todo isto dá lugar á formación e apoio de diferentes formas para lograr estes obxetivos seguindo os pasos dos máis grandes e louvados como Castela ou Moncho. Xorden os sentimentos de independencia e mesmo o reintegracionismo (volta ao galego-portugues); partindo do mesmo diasistema lingüístico e como consecuencia da procura da converxencia entre o galego e o portugués propón a adopción dunha grafía baseada na norma portuguesa, como o Estudo crítico das normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego de 1983 coñecida como **Norma AGAL**, ou a adopción do portugués

padrón defendida polo sector lusista. Chega á visión dun futuro aferrado á unión galego portuguesa para rememorar o pasado glorioso e próspero. Tamén se desenvolven organizacións armadas coma a **Liga Armada Galega** que foi unha organización terrorista formada por militantes dos GRAPO; **Resistencia Galega** partidaria do independentismo galego de esquerdas liderado por **Toninho** ...

Hoxe estase a desenvolver o renacemento da ideoloxía do nazionalismo galego, non grazas ao proxecto político que se desenvolve senón á implicación da mocidade galega que olla coma a súa cultura se ve sometida e ninguén parece facer nada para resolvelo. O futuro está posto en nós e nós conformamos os alicerces sobre os cales se formará a dignificación da Galiza.

Víctor Pérez



ALGÚNS ANTIGOS OFICIOS GALEGOS

Na Galicia antiga había infinidade de oficios agora completamente desaparecidos. A maioría deles estaban ligados á vida rural e artesanal; ambiente que dominou sempre en Galicia. Pero os costumes foron cambiando e as novas tecnoloxías foron levando ao olvido oficios que en tempos foran esenciais.

Algúns deles fóronse modificando e cambiando de nome respondendo á demanda dos habitantes, como por exemplo, a profesión dos barbeiros que caeu en desuso pasando a chamarse unicamente perruqueiros; outros foron substituídos por máquinas perdendo o seu posto na sociedade ante a imposibilidade de competir, como o afiadador.

Sería moi importante que procurásemos lembrar eses oficios perdidos, que algunha vez foron imprescindibles, e que deron pé á aparición dos actuais.

○ BARBEIRO

Os barbeiros non só se encargaban de arranxar a barba dos homes, séculos atrás cando non existían os dentistas nin os médicos eran eles os que se ocupaban de tratar as dentaduras e de intervir enfermidades. Co paso dos anos o seu oficio quedou reducido unicamente ao de tratar o cabelo, os perruqueiros.



○ SERENO

Foi un dos oficios máis emblemáticos dos antigos barrios das cidades máis grandes. Era o encargado de vixiar as rúas durante a noite, así como de prender e apagar as farolas e de ter as chaves de tódolos portais; asegurando a seguridade

nocturna de tódalas cidades. Dise que a maioría dos serenos que había en Madrid nos anos 60 e 70 eran galegos emigrados á capital.

OS ZAPATEIROS E ZOQUEIROS

Os zapateiros fabricaban e arranxaban



zapatos con coiro empregando unha ferramenta variada. Eles eran os encargados de adquirir as materias primas, facer o calzado e finalmente distribuílo e vendelo unha vez rematado. Tamén había os zapateiros de portal que eran zapateiros ambulantes que percorrían as aldeas ofrecéndose a facer arranxos. Os zoqueiros especializábanse máis concretamente nos zocos, empregaban madeira de bidueiro, ameneiro ou salgueiro. Era un calzado sumamente cómodo pois protexía á xente das chuvias e das Neves Invernais. Ao principio ían de casa en casa alí onde os chamaban instalándose nalgunha paleira ou pendello. O oficio aprendíase canda rapaz acompañando a un zoqueiro profesional que lle ía ensinando o manexo das ferramentas e as técnicas do oficio. Este oficio moi importante en Galicia, arraigou en comarcas como Santiago, Betanzos e Melide.

OS FERREIROS

Fabricaban apeiros de labranza como fouciñas, eixadas, sachos, picañas..., pero tamén ferros para o arado, ferraxes para os carros e as bestas xunto con utensilios decorativos e de cociña. Mediante forxas e martelos fabricaban obxectos de metal de necesidade para toda a sociedade e facíanos no seus obradoiros chamados forxas. Ao lado estaba a fragua con lume

de carbón pedra ou madeira que se avivaba pola corrente de aire que lle chegaba dende o fol. O oficio de ferreiro sobrevive pero o ferreiro límitase agora a facer reixas, balconadas, cancelas ou a arranxar moitas cousas que antes fabricaba el mesmo.

AS TECEDERAS

Este oficio, exclusivamente feminino, consistía en fabricar teas, que se elaboran no tear utilizando principalmente, liño e la. Predominou durante moito tempo pero hoxe desapareceu debido á alta competencia e á realización tan laboriosa. Tecedeiras e fiandeiras non son o mesmo oficio. As fiandeiras eran as que se encargaban de converter as fibras de liño e la en nobelos cos que despois as tecelás elaboraban os tecidos. O liño é unha planta que se cultivou en Galicia dende a antigüidade e moitas familias no século XIX tiñan terreos adicados ao seu cultivo. As mulleres aproveitando o tempo libre que lles deixaba a familia ou mentres coidaban do gando fiaban coas súas rocas e os seus fusos o liño. Normalmente facíanos na casa e mesmo en pequenos grupos, o que se deu en chamar os fiandeiros onde ademais de fiar divertíanse con xogos e cancións.



© AFIADOR



Era un comerciante ambulante que se ocupaba de afiar coitelos, tesoiras e mesmo paraugas. Transportaba os seus utensilios de traballo nunha bicicleta (e hai séculos ao lombo). Percorria as rúas cunha pequena frauta de pan como asubío. É un dos oficios máis característicos da provincia de Ourense en municipios como Chandrexa de Queixa, Castro Caldelas ou Nogueira de Ramuín Apareceu fai tres séculos e perdurou ao longo do tempo grazas á tenacidade destes homes, curtidos nas máis duras condicións. Hoxe só queda un afiador que de cando en vez percorre as rúas de Ourense na súa bicicleta.

Sobre este oficio hai moito escrito e se queredes saber máis lede o libro de Xosé Antonio Fidalgo Santamariña: *Os saberes tradicionais dos galegos*. Nel descubriredes ademais outros moitos oficios hoxe totalmente desaparecidos como os follateiros, pedreiros e cesteiros; así como os acibecheiros, prateiros, campaneiros e moitos máis que sería moi importante que alomenos perdurasen no noso recordo.

Elena López
Alba Gulín

Da pucha e o pano á gorra publicitaria



A pucha que cubriu a cabeza de moitos galegos durante anos está a piques de desaparecer ou mellor dito, en moitos lugares xa

desapareceu. Agora o que cobre a cabeza de moitos anciáns son gorras publicitarias anunciando produtos variopintos dende fertilizantes a partidos políticos. Algo parecido está tamén a suceder co pano da cabeza co que moitas mulleres galegas cubriron a súa durante séculos. Poucos son os homes e mulleres que utilizan estes tocados na actualidade e dentro duns anos apenas serán unha lembranza.

Os etnógrafos e estudosos da cultura popular danlle pouco valor á pucha, peza que chegou a Galicia no século XX e que se usaba en todo o norte de España.

A historia do pano da cabeza é distinta e ten raíces máis profundas. Formou parte da maioría dos traxes tradicionais do país e o seu uso popularizouse en toda Galicia a partir de mediados do século XVIII.

Algunhas mulleres, de idade avanzada, ségueno levando e ao preguntarlles o porqué responden que o fan como sinal de loito. Ao morrer un pai, un fillo ou calquera familiar achegado empezaron a usalo e moitas non o volveran sacar pois engarzaban un loito tras outro. Hai pois na súa orixe un compoñente relixioso pero ademais as distintas cores que podía adoptar e os nós que se lle podían facer

formaban parte dun código que hoxe ninguén recorda.

Mais tampouco podemos esquecer a súa finalidade práctica pois empregábanse cando as mulleres ían traballar ao campo e cargaban cestas na cabeza ou tamén para protexerse do sol mentres traballaban pero dende hai anos foron substituídos por un complemento menos elegante, moito máis barato e práctico e cun uso indistinto entre homes e mulleres: a gorra publicitaria. Hai quen fala de feísmo aplicado á roupa.



Son maioría os estudosos que asocian o pano coa sumisión da muller propia dun país de gran tradición católica. Lembremos que a relixión católica establecía que na igrexa os homes tiñan que estar descubertos e as mulleres cubertas, isto é, o pano viría a ter a mesma función ca o hiyab do mundo árabe, outra cousa distinta é que as mulleres foran conscientes disto.

Con respecto aos códigos que representan os diferentes nós, os especialistas non se poñen de acordo. Segundo algúns o nó na caluga representaría nalgunhas zonas a soltería e a lazada na fronte que estaban casadas. Noutras zonas mesmo se facía o nó debaixo do queixo. Parece ser que variaban en función da zona pero no que si están de acordo os estudosos é que en todas estas formas hai un carácter de sumisión, polo menos na súa orixe, e que o loito amosábase no pano de cor negra que ía modificando a cor co paso do tempo pasando polo tonos morados e finalizando no malva.

Así pois, se tes pensado facerlle un agasallo ao teu avó, mércalle unha pucha e a túa avoa un bonito pano de cabeza, quizais non poidamos cambiar o curso da historia pero por un intre si podemos soñar.

Lara Álvarez
Beatriz González



	NETO DO	
	ESFORZO E	
	DO TRABALLO	

Esta historia trata sobre dúas persoas que aínda que naceron en distintos lugares (unha en Seixalbo en outra en Parada de Sil) teñen nas súas vidas moitos aspectos en común. O nado na aldea de Seixalbo é o meu avó Gerardo, e o de Parada de Sil é o outro avó chamado Ricardo.

Gerardo Pavón naceu en decembro de 1920. Era o segundo de oito irmáns pero a irmá maior foi sempre de carácter enfermizo polo que a efectos prácticos el foi en realidade o maior. A súa familia estaba formada polos oito irmáns, os pais e unha avoa cega, nai da súa nai. A existencia dos Pavón baseábase nos xornais que o pai Ramón ía facendo para os ricos do pobo. Ademais, collía o que se chamaba terras a medias; ou sexa, os que tiñan moitas fincas ou que tiñan menos pero non podían atendelas por algunha razón, prestábanllas ao pai Ramón e despois repartía a produción á metade co propietario. En resumo, explotación e miseria.

Así as cousas, os nenos pequenos, segundo as mans lles daban para algunha habilidade, ían incorporándose ao mundo do traballo. Como o avó Gerardo era o maior, pois aos 6 ou 7 anos xa gardaba as vacas no lameiro, e no verán axudaba a regar as plantacións de pementos - produto estrela da economía da aldea- ás veces ata a noite, pois as lagas - manantiais- e pozos eran poucos e tiñan a auga repartida por horas entre varios propietarios de parcelas; como era o maior, dicía, nunca soubo de xogos, só de traballo e esforzo.

As leccións que proporcionaban a necesidade e a escasez xunto con algo de escola -se había traballo, faltábase á escola-, e a súa intelixencia natural, fixeron de Gerardo un rapaz dunha sagacidade extraordinaria. Recén cumpridos os 13 anos entrou a traballar de pinche "na vía" (era como se

denominaba daquela ás obras de liña férrea Zamora- Ourense, que comezou a construírse a finais da década dos anos vinte do século pasado e rematou a principios dos cincuenta sendo inaugurada oficialmente o 27 de xuño de 1957).

Da vía chegaronlle os seus primeiros ingresos (tres pesetas diarias por unha xornada de sol a sol e de luns a sábado; se non se traballaba, non se cobraba). As veces aquelas pesetas eran o único ingreso que chegaba á casa. O avó Gerardo deuse conta de que no traballo existía case un réxime feudal, no que o xefe esixía ou ameazaba aos encargados; estes, aos obreiros, e estes aos peóns e aos pinches que eran o último elo da cadea. Decatouse enseguida de que canto máis alto estivera na cadea laboral, menos maltratado ía ser. Ise papel xogábano os choferes, e nos escasísimos momentos que lle quedaban libres aprendeu a manexar as vagonetas que levaban a terra dos túneles e das trincheiras para encher os vans. Un dos encargados desta sección fixouse nel e comezou a ensinarlle a conducir vellas camionetas. Ao pouco tempo andaba xa ó fronte dun camión daqueles, co que superaba en destreza a choferes profesionais; o único problema é que con dezaseis anos non podía sacar o carné de conducir. Co carné de segunda empezou a saír xa ás estradas como ilegal, conducindo os camións que necesitaban o de primeira. Aos 21 anos sacou o carné de primeira pero ao pouco tempo ingresou no servizo militar obrigatorio, tendo que estar alí 5 anos. De volta á vida civil continuou na vía e fíxose mozo da que logo sería a avoa Pura, que era unha mociña moi lista que se fixera modista e chegou a ter unha academia de corte e confección. Casaron cuns aforros de 500 pesetas. Eran tempos difíciles e decidiron marchar a Arxentina. Cando chegou o permiso para partir a avoa Pura estaba embarazada, co cal marchou o avó Gerardo só, e Pura un ano máis tarde coa nena de dez meses. O barco no que viaxaban tardaba 18 días en ir dende Vigo ata Bos Aires e con moitas escalas.

En Bos Aires o avó Gerardo traballaba nunha fábrica de cervexa e a avoa Pura cosía teas e zapatos. Aumentaron os seus ingresos grazas a que compraron unha máquina de coser e que o avó aprendeu a coser. Mentres a avoa estaba na fábrica, o avó cosía na casa e atendía á súa meniña.

Voltaron a Ourense xa que o pai da avoa Pura morreu e a súa nai Cristalina quedou viúva. Con todos os cartos que tiñan aforrados o avó comprou un taxi. Nesta nova andaina vital, a primeira lección que aprendeu era a de que había que ter coches bos e se eran novos, mellor, pois os clientes escollían antes un destes que un coche vello. Isto permitiulle gañar máis cartos que a maioría dos seus compañeiros e seguir criando a súa familia.

Así traballou arreo ata os sesenta anos, cando se xubilou. Por primeira vez soubo o que eran as vacacións e os festivos. Pero aínda hoxe mantén a súa actividade cos 90 anos que ten. É a historia dun home listo e sensible.

Na aldea de Teimende naceu o meu outro avó, Ricardo, en 1922. Era o segundo fillo e o primeiro home de 7 irmáns. O seu pai tiña unha fábrica de chocolate cunha soa máquina movida por un burro para moer o cacao. O resto do traballo facíase a man. Aos 14 anos tivo que deixar a escola e asumir responsabilidades na fábrica ata que fixo o servizo militar (Madrid), onde aprendeu o oficio de zapateiro. Co diñeiro que sacou deste oficio, instalou unha cociña económica na casa dos seus pais. O chocolate que fabricaban vendíao nas aldeas dos concellos de Parada de Sil, Maceda, e Castro Caldelas enriba dun cabalo, ademais cruzaba o río Sil nunha barca para vender no sur da Provincia de Lugo. En canto dispuxo de diñeiro, mercou unha motocicleta e adaptouna para transportar mercancías. Aínda que os tempos eran difíciles, na súa casa sempre tiveron de comer gracias ao que gañaban e mesmo mandou a estudar a dous dos seus irmáns.

En 1957 casou con Dolores Prieto, unha moza guapa trece anos máis nova e vinculeira. Ao pouco tempo decidiu ampliar o negocio e mercou a mellor maquinaria que había en Astorga. Entrou no mundo do márketing patrocinando festas, organizando sorteos...(introducía vales nas tabletas de chocolate).

Debido a problemas familiares, Ricardo emigrou só á costa azul francesa (Toulon). Estivo como inmigrante ilegal traballando nun invernoiro de cristal, cortando flores. Alí viviu o maio do 68 pero como non aprendeu case nada do idioma ao estar illado na finca onde traballaba, apenas tivo conciencia das revoltas, tan só lembraba que non lle pagaron.



Cos poucos cartos que gañou voltou a España a principios de 1969 e mercou a súa primeira furgoneta para darlle un pulo ás industrias Casares. Mellorou os envoltorios do chocolate introducindo o papel de aluminio, o que permitía que durante o inverno e nas épocas de humidade se conservase e non ter que recoller mercancía.

A introdución da furgoneta permitiulle ampliar o radio de distribución do chocolate e incrementar as vendas. Tras este paso outras pequenas fábricas de chocolate do entorno como a Sampaio de Maceda abandonaron a actividade e pecharon a porta.

O avó Ricardo continuou a súa actividade de chocolateiro, como era coñecido en todos os lugares onde vendía, ata 1982. A causa do peche foi o descenso das vendas ao introducirse no mercado os sucedáneos do chocolate que non están feitos con cacao senón con graxas e a prezo moito máis barato. Esta crise do sector dos chocolates tamén a sufriron outras empresas máis potentes cás industrias Casares como. Chocolates Feijoo, Os Remedios, etc.

E esta é a historia duns home traballadores e bondadosos, a historia dos meus avós.

Alberte Pavón

LENDAS

As seguintes lendas están ambientadas en distintos puntos da xeografía galega. Como todas as lendas, non se sabe que é o que hai de certo nelas ou se sucederon realmente, sen embargo forman parte da tradición oral galega, patrimonio cultural dos seus pobos. Algunhas destas lendas son de sobra coñecidas por todos, mentres que outras non teñen tanta fama e prestixio xa que, a fin de contas, son as persoas as responsables de transmitilas de xeración en xeración. Aquí atopamos algunhas delas:

○ A lenda do dragón: a Coca

Redondela e unha vila mariñeira do sur de Galicia, situada entre Vigo e Pontevedra, con moita historia, a vila dos viadutos, dos choccos, do mariñeiro Xan Carallas e da Coca.

No s. XVI, non se sabe a data exacta, na desembocadura do río Alvedosa, cara á ría de Vigo, uns rapaces viron coma se no río, debaixo da auga, estivese fervendo unha ola de cocido xigante. Quedaron abraiaados con aquilo, correndo polos camiños cara á vila e guichando de reollo como, o que parecía unha ola do cocido xigante fervendo, seguía en movemento. Cando chegaron á rampla que había fronte a onde estaba o peixe xa había unha morea de xente asustada, rezando o rosario e pensando que aquilo era a fin do mundo.

Algo empezou a xurdir do fondo do río; era un dragón enorme de color verdosa e cun limo que lle esvaraba polo corpo, cunhas ás, máis ben pequeniñas para o corpo que tiña, e un rabo longo acabado en punta, como a punta que ten a vara de pescar carallotes ou navallas. Quedaron todos paralizados polo medo mirando semellante aparición. Subindo pola rampla e bufando, movendo a cabeza á dereita e á esquerda, coma se estivese buscando algo. De repente, colleu a unha rapaza coa boca, meteuse no río e desapareceu. Coma se non pasara nada, os veciños resignados marcharon para as súas casas.

E desde ese momento todos os anos pola mesma data, a do Corpus Christi, empezouse a deixar unha moza na rampla para que o dragón (A coca) quedase satisfeito, ata que os mozos da vila non aguantaron máis, aquilo non podía seguir así. Xuntándose todos foron á Forxa de Baldomero e fixeron espadas para matar ao dragón. Todos á unha acabarían con el e deixaría de levar as mozas da vila. Agardaron a noite e cando o dragón apareceu, botáronse enriba del cravándolle as espadas e acabando coa súa vida.

Celebrouse unha gran festa, os mozos bailaban coas espadas aínda ensanguentadas e as mulleres collían as mozas poñendoas enriba dos seus ombreiros dando voltas ó son das gaitas. Os mariñeiros da vila sacaron viño e peixe seco con pan para todos...e desde ese día en Redondela celébrase a Festa da Coca, nos que a danza das espadas, os cabezudos e as penlas son a gran celebración.

○ A nena do zucre

Isto pasou no concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), nas proximidades do encoro da Ribeira. Era un señor que acababa de mercar aquela casa e que pola noite oía rúidos

cando se metía na cama. Unha noite baixou á porta, abriuna e viu unha nena que lle pediu zucre. O señor díxolle que ía á cociña polo zucre pero cando regresou a nena xa non estaba.

Ao día seguinte pola noite sentiu petar na porta. O señor, pensando que era a mesma nena, foi á cociña, colleu unha pedra de zucre na man e foi abrir a porta; e, efectivamente, alí estaba a mesma nena. A nena preguntoulle se lle daba o zucre e o señor deulle, mais ao intre sentiu un forte peso no pé. Mirou para abaixo e viu a pedra de zucre no chan. Cando ergueu a cabeza, a nena xa non estaba, así que pechou a porta. Ao día seguinte pola noite o señor viu na televisión unha noticia que contaba a desaparición dunha nena. E cando puxeron a foto da nena desaparecida, decatouse de que falaban da nena que lle pedira o zucre a noite anterior. Nunca máis se volveu a saber da nena nin do señor.

○ Ponte Pedriña

De vez en cando, aínda que só nas épocas de seca, vese, coma se fose o esqueleto dunha pantasma, é o que queda da Ponte Pedriña, a vella ponte romana do concello de Bande (Ourense) que dorme baixo as augas e que era paso da Vía XVIII, Itinerario de Antonino (A Vía Nova). Esta ponte foi declarada Monumento histórico-artístico no ano 1944 e cinco anos despois, sen atender a tal distinción, foi anegada baixo as augas do encoro das Conchas.

A historia fantástica popular é outra ben diferente. Un mozo de Santa Cruz rondaba unha moza da outra beira do río. Para ir onda dela cruzaba polos piares pero unha vez unha crecida impediulle facelo. O mozo botaba xuramentos e maldicións, tantos e tan fortes que se presentou o demo e propúxolle un trato. Lucifer comprometiase a traballar toda a noite para construír lle unha ponte; o mozo, a cambio, tería que entregarlle a alma cando morrese.

O mozo, vese que o amor primaba sobre todo, aceptou o trato e o demo vindo a noite púxose a facer a ponte. Pero xa amencía e aínda lle quedaba unha pedra por colocar. Vaia; non deu rematado a obra.

Contrariado polo contratempo o demo seica dixo:

-Por culpa dunha pedriña nunca me fuches



pagada. Vivirás sempre maldita e morrerás afogada.

Coa maldición deulle nome á ponte. O curioso é que sen a pedra que lle faltaba a ponte foi de moita utilidade desde os tempos romanos ata que os argalleiros do encoro cumpriron a maldición.

○ A Santa Compañía

Aínda que o aspecto da Santa Compañía varía segundo a tradición das diferentes zonas, a máis extendida é a formada por unha comitiva de almas en pena, ataviados con túnicas brancas con capucha que vagan durante a noite.

Esta procesión fantasmal forma dúas fileiras, van envoltas en sudarios e cos pés descalzos. Os fantasmas levan cadansúa vela prendida e ao seu paso deixan un cheiro a cera no aire. Ao fronte desta compañía fantasmal atópase un espectro maior chamado Estadea.

A procesión vai encabezada por un vivo (mortal) levando unha cruz e un caldeiro de auga bendita, seguido polas ánimas con velas acendidas, non sempre visibles, notándose a súa presenza no cheiro a cera e no vento que se levanta ó seu paso.

Esta persona viva que precede á procesión pode ser home ou muller, dependendo de se o patrón da parroquia é un santo ou unha santa. Tamén se di que a persoa que realiza devandita "función" non lembra durante o día o acontecido no transcurso da noite, unicamente se poderán recoñecer as persoas penadas con este castigo por estaren extremadamente mirradas e pálidas. Cada noite será máis intensa a súa luz e palidez. Non lles permiten descansar nunca, polo que a súa saúde vaise debilitando ata enfermaren sen que ninguén saiba as causas de tal misterioso mal. Condenados a vagar noite tras noite ata que morran ou outro incauto sexa sorprendido (a quen o que encabeza a procesión lle deberá pasar a cruz que leva).

Camiñan rezando (case sempre un rosario), entoando cánticos fúnebres e tocando unha campá pequena.

Ao seu paso, cesan tódolos rúidos dos animais do bosque e escóitanse campás. Os cans anuncian a chegada da Santa Compañía ouveando de forma desmedida, e os gatos escapan despavoridos e realmente asustados.

Para librarse desta obrigación, a persoa que vexa pasar á Santa Compañía debe trazar un círculo no chan e entrar nel ou ben acostarse boca abaixo. Débese levar unha cruz enriba, rezar sen escoitar os cánticos da Santa Compañía, ou ben, en última instancia, saír correndo.

○ A Lagoa de Cospeito

No lugar no que hoxe se atopa a lagoa de Cospeito, existiu nun tempo unha vila que chamaban Valverde. Disque a esta vila chegou un día un esolante pedindo pousada, pero todas as portas se ían pechando ao seu paso. Ata que, xa ás aforas do lugar, foi acollido nunha casíña humilde, onde lle deron abrigo. O mendigo pediu que polo amor de Deus lle desen tamén algo de comer, pero os veciños só tiñan unha becerra no cortello.. Así e todo, decidiron sacrificala para darlle comida a aquel pobre home.

Logo de cear, o visitante díxolles aos da casa que antes de se deitaren, botasen os ósos pequenos da becerra no cortello pequeno, e os grandes no cortello grande; malia non entenderen a razón decidiron facelo así e foron durmir. Ao día seguinte, ao mencer, o esmolante espertou a berros aos da casa pedíndolles leite para o almorzo. Os veciños pensaban que toleara e lembráronlle que o único animal que tiñan matáranos a noite anterior para darlle algo de cear. Pero o mendigo respondeulles: «¡Claro que tedes vacas que munxir! E iso é tan certo como que a vila de Valverde fica asolagada». Abraidos, os donos da casa foron aos cortellos e atoparon no pequeno varias becerras e no grande varias vacas. Logo miraron fóra e viron que a vila de Valverde fora, efectivamente, asolagada. Hoxe é a lagoa de Cospeito. Hai quen di que aquel mendigo non era outro que Xesús Cristo, que andaba a comprobar a xenerosidade dos homes. E hai quen di que nas noites de San Xoán pódense escoitar preto da lagoa as badaladas da igrexa de Valverde. e ata hai quen asegura ter visto en épocas de sequía os tellados da vella vila de Valverde.

*Andrea Paz
María González*

A lenda da Lagoa de Antela

Antioquía é unha cidade lendaria situada en Xinzo de Limia e fundada polo rei Antíoco. Esta cidade foi castigada por Deus debido aos pecados dos seus habitantes e quedou asolagada baixo a lagoa de Antela. Dende ese momento a xente afirma que só pode verse nas mañás do día de San Xoán, cando asoma sobre as augas a punta da torre.

Antioquía era a maior cidade daquela en toda Galicia e a máis rica, riqueza que alimentaba a soberbia coa que asoballaban ás xentes das terras veciñas. Por iso, Deus decidiu castigalos e acabar coa cidade e tódolos veciños, pero Xesús pediu salva-los xustos que alí vivían. E veu a Antioquía en corpo de esmoleiro pedindo un anaco de pan porta por porta, pero ninguén o tivo en conta excepto unha humilde rapaciña, de familia pobre, que vivía nunha casoupa apartada. Ante a egoísta resposta dos veciños Deus levou adiante o castigo previsto, pero non antes de que Xesús avisara a esa bondadosa familia para que se situase nun alto e que non volvera atrás, pasase o que pasase. Así o fixeron e conseguiron salva-la vida, menos un deles que mirou atrás e, por facelo, volveuse pedra.

Outra variante conta que, tras pedir caridade en tódalas casas, Xesús xa se retiraba do lugar cando viu nun alto unha velliña nunha pobre choza. Pedíulle esmola e a vella mandouno pasar, sentouno a carón do lume, deulle leite e bica e mandouno durmir logo na súa cama, mentres ela quedou durmindo no chan. Á mañá seguinte, a vella espertou soa na casa e cando saíu, viu que o lugar onde estaba Antioquía era agora unha enorme lagoa.

A lenda ten a súa orixe en Cardeita, unha aldea da parroquia de Sandiás. Dise que os veciños que alí escavaron atoparon unha trabe, un pote vello, un pozo con escaleiras ... procedentes da cidade de Antioquía. Tamén se di que a mañá do día de San Xoán asoma por enriba da lagoa o galo que tiña a torre no curuto, e que no inverno aínda é posible escoitar o son das badaladas das campás mergulladas na auga.

Noutros casos, na noite de Nadal escóitanse canta-los galos.

Natalia Gil -Yessica Fernández





o enigma continúa

Tamén foi coñecido cos nomes de "Sacamanteigas", "Home lobo asasino", "O lobo da xente", "Home do unto" (porque lles sacaba o unto ás persoas asasinadas por el e véndíao en Portugal), pero o seu verdadeiro nome era Manuel Blanco Romasanta.

Naceu o 18 de novembro de 1809 nunha aldea de Esgos e foi alcumado "O Canicha" polas súas pernas gordas, os seus modais amaneirados e pola súa dedicación a labores femininos. Díciase que era bo coa xente e era incapaz de sacrificar animais.

Aos vinte e un anos Romasanta casa cunha veciña de Soutelo, chamada Francisca, que morre pouco tempo despois.

Anos máis tarde é acusado de matar a un criado do prior de San Pedro de Rocas e a Manuel Ferreiro de Xinzo. Como consecuencia ten lugar a desaparición de Romasanta ata 1834 que é cando o acusan en León doutra morte. Volve fuxir e condénano a 10 anos de presidio por rebeldía no Xulgado de Ponferrada.

En 1845 e 1846, Manuel coñece a Manuela García Blanco coa que mantén unha relación amorosa. Romasanta convence a Manuela para que venda as súas propiedades e o mesmo día en que a muller estaba pechando a última venda, Manuel leva á filla desta muller á Serra de San Mamede (onde tiveron lugar todo os seus asasinatos) a servir de criada dun cura de Santander. Oito días despois, Manuela segue o camiño da súa filla con Romasanta, pero este regresa á vila uns poucos días despois e sen ela.

En Marzo de 1847, Benita (irmá de Manuela), vai de viaxe co seu fillo Francisco de nove anos e con Romasanta, fóra da vila. Coma no anterior caso, Romasanta regresa e esta vez comeza a vender as cousas de Benita polas parroquias do redor.

A última irmá, María, pídelle axuda a Manuel para saír da miseria, este aconséllalle vender todo, pero ela quere deixarllo en herdanza ao seu fillo e nunca ten lugar esta viaxe.

Manuel inicia outra relación amorosa con Rúa Carneiro que ten dúas fillas (unha de tres anos e a outra de once). Esta muller posúe algo de patrimonio e Romasanta atraído por el, convéncea para marchar de Rebordechau o domingo de Ramos de 1850. O día anterior, a muller deixáralle todas as súas propiedades a Manuel, quen, coma no caso anterior, regresa á vila coa filla maior de Rúa (cinco meses despois ela desaparece).

Ese mesmo ano, Romasanta consegue namorar a Josefa, que tamén ten un fillo (José), e en xuño lévao a Santander. Regresa aos 4 días coa mesma capa que levaba aquela noite o rapaz.

En 1851, Romasanta atópalle traballo fóra da vila a Josefa e ambos marchan. Como era de esperar, Romasanta volve á vila e vende as propiedades da muller.

En 1852 escapa para Castela e alí dise chamar Antonio Gómez. É recoñecido no mes de xullo por tres veciños de Laza. En agosto ten lugar a súa detención e lévano para Allariz.

No xuízo el mesmo recoñece que cambiou de nome, que levara a cabo 13 asasinatos e que era canibal xunto con dous cómplices: *"A primeira vez que me transformei foi na montaña do Couso. Encontreime con dous lobos grandes con aspecto feroz. De pronto, caín ao chan, comecei a sentir convulsións, revolqueime tres veces sen control e aos poucos segundos eu mesmo era un lobo. Estiven cinco días ambulando cos outros dous, ata que volví recuperar o meu corpo. O que vostede ve agora, señor xuíz. Os outros dous lobos viñan comigo, que eu cría que tamén eran lobos, cambiáronse á forma humana. Eran dous valencianos. Un chamábase Antonio e o outro don Genaro. E tamén sufrían unha maldición como a miña. Durante moito tempo saín como lobo con Antonio y don Genaro. Atacamos e comemos a varias persoas porque tiñamos fame."* Manuel Blanco Romasanta, CAUSA Nº 1778: CAUSA CONTRA HOME LOBO, XUZGADOS DE ALLARIZ (ORENSE).

En decembro dese mesmo ano os médicos presentan un informe que di que Manuel non está tolo e é responsable dos seus actos. Descríbeno coma un home baixo (1,37m de altura), de corenta e tres anos, moreno, de cute clara, ollos castaños e pelo negro, semicalvo, non sendo o seu aspecto nada repugnant. A súa mirada dise que é cambiante, unhas veces tímida e doce e outras feroz e altiva.

O 6 de marzo de 1853 é condeado á pena de morte pero Mister Philips (profesor de electrobioloxía) pide permiso á Isabel II para investigar o caso, a raíña concédello e Manuel sálvase da pena de morte ata 1854.

Hai lendas que din que foi levado á prisión de Celanova en 1851 e non se soubo nin onde, nin cando, nin se faleceu alí. Comentan tamén que houbo un gran incendio en Celanova e que desapareceran todos os documentos referentes a Manuel Blanco Romasanta.

Eu penso que a historia remata o 7 de outubro de 1854 cando ingresa no presidio da Coruña, xa que estes son os últimos datos que se teñen.

Curiosidades sobre Manuel Blanco Romasanta.

Na súa partida de nacemento aparece como muller co nome de Manuela e na partida de confirmación aparece co nome de Manuel. Este cambio leva a pensar que padecía un posible caso de hermafroditismo auténtico e ademais dicíase tamén que tiña marcados trazos femininos.

Mister Philips falaba dun caso de licantropía, isto é, unha enfermidade mental na que o paciente cre transformarse en lobo e actúa como tal.

Actualidade.

O antropólogo estadounidense Ivort MacsawA atopou na provincia de Ourense restos das persoas asasinadas.

As Xornadas sobre Manuel Romasanta celebradas en Allariz a finais do ano pasado aportaron dúas novidades que afondan aínda máis no misterio deste home. Segundo algúns investigadores morrería no cárcere de Ceuta dun cancro de estómago. E quizais o cornizó, un fungo parasito do centeo, que entre outros usos ten o de ser fonte do LSD, puido estar detrás dos asasinatos cometidos, segundo afirma Luis García Maña.

Durante estas Xornadas a vila de Allariz reviviou de novo este suceso coa recreación do xuízo que se presentou oficialmente.

Pero... canto hai de verdade e canto queda aínda por saber?

O enigma continúa...

Paloma Rodríguez





A vida no rural non sería a mesma sen diferentes "tradicións". Este traballo trata sobre unha delas, que ademais é unha das máis estendidas; mirar a lúa para case todos os labores do campo.

Escollemos este tema porque, polo menos nós, sempre lle tivemos apego á vida do rural e tras tantos anos participando nas tarefas do campo intrigábanos saber por que as tiñamos que facer nun día específico e non noutro. Cando preguntábase a razón só nos contestaban que era polas lúas pero agora, tras investigar un pouco por nós mesmos xa sabemos un pouco máis sobre todo isto.

Comecemos pois por saber que son os ciclos lunares, xa que é no que se fundamente toda esta idea.

Os ciclos lunares son as diferentes posicións nas que se encontra a lúa con respecto á Terra. Son catro diferentes que duran en total 28 días, polo que cada un, ao teren a mesma duración, é de 7 días. Os ciclos ordenados son: lúa nova, cuarto crecente, lúa chea e cuarto minguante.

A crenza da influencia da lúa está máis estendida na agricultura. Fenómenos como sementar, recolectar, podar... están rexidos sempre polo calendario lunar. A pesar dos avances tecnolóxicos, aínda se segue mirando o ceo para realizar os labores máis simples.

En agricultura, as mellores lúas son a minguante e a chea. Pero ademais desta xeralización hai actividades que tamén se poden facer noutras lúas específicas.

Nos cultivos, por exemplo, as plantas que teñen froito para abaixo (cenoiras, remolacha...) medran mellor se se cultivan en lúa minguante ou chea. Pero as que teñen froito para arriba (tomates, chícharos...) tamén se poden sementar en crecente.

A poda ha de facerse en minguante. O exemplo máis coñecido desta actividade é o da cepa. Cando se poda calquera vexetal, este vai sufrir pola perda dunha das súas ramas ademais de perder parte da seiva (tal e coma se se tratase do

corpo humano). Pero esta perda en minguante é menor polo que se di que "sangra menos" establecendo a comparación cunha hemorragia.

Logo tamén podemos diferenciar a poda de árbores enfermas e a de árbores sas. Para as primeiras a lúa na que se debe realizar esta tarefa é a minguante, namentres que para o segundo caso aínda que é preferible a minguante, tamén se pode facer en crecente.

A tala de árbores sempre se ten que facer en cuarto minguante porque se te saes desa lúa aparecen uns bichiños no tronco que o furan completamente, pero dentro da fase de minguante permanece forte e san.

Na pesca tamén se fala da influencia lunar. De tal forma que a lúa chea é a mellor para pescar de noite debido a que os peixes ven mellor a comida. Mentres que en lúa minguante como os peixes non poden ver, non se pode pescar de noite.

Por último, accións como cortar as unllas ou o pelo dependendo dos resultados que se busquen, hai que facelo nunha lúa ou noutra: para que medren máis rapidamente deben facerse en lúa minguante.

Antigamente existían algúns trucos para que a xente que non tiña calendario puidese saber que lúa era, para isto só fai falla o dedo matapiollos de cada man. A lúa minguante coincide coa forma que ten a unlla deste dedo ao estender a nosa man dereita cara ao ceo; mentres que a lúa minguante ten a forma da unlla da man esquerda.

Aínda que estes pequenos trucos están aí, as posicións lunares foron aparecendo en todos os calendarios e tamén nunhas publicacións chamadas "Almanques agrícolas". Na edición deste ano que caeu nas nosas mans aparte de dar consellos, falar de cultivos... atopamos un espazo de dez páxinas que se adica ao tempo (facendo unha predición para todo o ano) e no que aparecen os sucesivos cambios de lúa.

Coma xa dixemos, a influencia lunar sobre as diferentes tarefas vese normalmente como unha tradición seguida polos pobos durante moitos séculos. Isto é así porque aínda a día de hoxe non se sabe se é verdade ou non, a pesar de existiren algunhas ideas. Pero o problema ven á hora de intentar explicar cientificamente ou polo menos de forma racional as razóns da influencia que exerce a lúa sobre os cultivos. Existen diferentes explicacións, entre elas destacan tres:

A primeira afirma que o que sucede é que, sobre todo a lúa nova e crecente, atraen a seiva interna dos vexetais provocando

que vaia máis forte e chegue a todas as partes da planta; mentres que nas lúas minguante e chea, esta atracción rompe provocando que a seiva perda forza e non sexa tan rápida. É dicir, baséase no principio da gravidade.

A segunda é que esta actividade é debida a que os receptores de luz das plantas precisan de luz e obtéñena tanto de día como de noite. Demostrouse que de noite tamén están activos cando hai lúa, baixando a súa actividade canto máis cerca esteamos da lúa nova.

Por último, pénsase que pode ser polo campo magnético que a lúa exerce sobre a Terra de forma que nun punto determinado, o campo magnético varía lixeiramente con cada fase lunar.

Pero realmente non hai estudos científicos nesta materia polo que estas hipóteses non teñen que ser cribles, e ademais, non se axustan moi ben á práctica:

A maior pega que se lle pode pór á primeira teoría é que a pesar de que o efecto da lúa no mar é innegable, os océanos son unhas grandísimas masas de auga, pero a seiva é unha masa moi pequena como para ser atraída.

Segundo a teoría número dous, daría igual sementar, podar ou realizar calquera actividade nunha ou noutra lúa, prestándolle só atención á cantidade de iluminación da lúa, xa que crecente e minguante puras teñen a mesma luz.

En canto á terceira, o magnetismo débese ás masas e posicións, non á luz, polo que non habería diferenza entre os cuartos.

Ademais, moitas persoas cren que hai factores moito máis influíntes como a chuvia, o sol, a temperatura... E á hora de comprobar se estas teorías son verdade, non se pode, porque nunha semana que dura cada fase lunar cambia completamente o tempo, polo que é imposible realizar experimentos concluíntes.

Tras todo este repertorio de explicacións, argumentos e crenzas, decatámonos de que non existe unha resposta definitiva a todas as preguntas sobre a influencia lunar.

Visto doutro xeito, a inexistencia de explicacións quizais sexa mellor, porque así séguese gardando esa maxia da tradición popular que, desgraciadamente, vai desaparecendo pouco a pouco para convertelo todo en proceso industrial.

Tras todo isto, crer ou non crer é cuestión do lector.

Marcos Rivada, Leyre Veloso, Rocío Pavón



Como veu a primavera
e chega o mes de maio,
coplas escribimos
no Otero Pedrayo.

Este maio fala
da crise española,
cos políticos de hoxe
non a sacamos fóra.

O problema xeral
é a crise mundial,
entre outros países
afectou a Portugal.

As mulleres gobernan,
con moito tesón,
senón preguntádello
a Carme Chacón.

Unha nova noticia
xorde na Moncloa,
Zapatero marcha
deixa a presidencia soa.

Moitas reformas
quixo impulsar,
e agora Rajoy
quizá vai mandar.

O presi Zapatero
foi aos Emiratos,
mirar se lle vendían
petróleo máis barato.

Baltar é boa xente
ofrece moito traballo,
ós que non pensan coma el
mándaos pró carallo.

Famosos son xa
de A Gudiña aos Peares,
o presidente Baltar
amigos e familiares.

Outra vez nova Rumasa
na bancarrota está,
por culpa de Ruíz Mateos
cando pagarán?

En primeira clase
van os deputados,
seica en turista
van mareados.

Nada podemos descargar
todo temos que mercar,
a nova lei Sinde
estanos a amolar.

No dous mil trece
é de xustiza,
o AVE en Ourense
e en toda Galiza.

Chegará o AVE
por fin chegará,
por baixo , por riba
por onde irá?

Pra aforrar combustible
baixaron a cento dez,
a ver se Zapatero
acouga dunha vez.

A xente no paro
non atopa traballo,
a nosa xubilación
vai pró carallo.

Os vellos de hoxe
só fan rezar,
queren dunha vez
poderse xubilar.

Cando teñas setenta
estarás traballando,
eu con corenta
estareime formando.

O impacto ambiental
a Terra está a matar,
por riba o Xapón
coa central nuclear.

A central de Fukushima,
está a botar radiacións,
pola culpa dun tsunami
que inundou Xapón.

Estes días reivindicamos
unha sanidade mellor,
manifestándonos estamos
necesitamos Piñor.

Nos bares deste país
Non se pode fumar,
os clientes saen á rua
marchan sen pagar.

Os mozos de hoxe en día
xa non queren estudar,
eles queren ir á tele
non facer nada e cobrar.

A través da rede
podemos ligar,
pero eses amores
non son de fiar.

Os rapaces de hoxe
non usan condón,
despois de nove meses
tocará biberón.
Pobres adolescentes
estanos a matar,
coas novas leis
que están a argallar.

Os rapaces beben
van ao botellón,
collen o coche
corren mogollón.

Os adolescentes
van de botellón,
porque nos bares
dan garrafón.

Contra Suíza perdemos
contra Holanda gañamos,
grazas ao gol de Iniesta
a copa levamos.

Do deporte en Ourense
temos que falar,
os nosos equipos
non acaban de funcionar.

Empezan con forza
e vanse apagando,
no fútbol e baloncesto
a estamos cagando.

O fútbol en Ourense
vai de mal a peor,
o ascenso desexado
queda pra outra ocasión.

Se falamos de baloncesto
o mellor a afección,
foi ata Palencia
pra conseguir a salvación.

Con moita ilusión
animou ó seu COB,
pero a pesar de todo
o descenso se consumou.

As nosas coplas
acabamos de amosar,
agora vós
xa as podeades vulgar.

COPLAS M A I O S 2 0 1 1



OS CONTOS INFANTÍS SON DE VERDADE PARA NENOS?

Moitos poden pensar que os contos infantís sempre foron como os coñecemos, pero se lemos as primeiras versións que se remontan a moitos séculos atrás, comprobaremos que eran moi violentos abundando os malostatros, as violacións e amputacións e mesmo o abandono de nenos. Hai unha razón de peso para a presenza destes temas e é que os contos non tiñan unha finalidade lúdica senón de aprendizaxe da vida. Daquela a infancia non era o que é hoxe, un lugar paradisíaco, senón unha realidade durísima á que o neno tiña que enfrontarse dende moi pequeno. A fame, o traballo duro de sol a sol e un horizonte onde as alegrías eran escasas, era o futuro que lles esperaba por iso os contos servían para amosarlles esa realidade e preparalos para a vida. O mundo era un lugar terrible e os nenos tiñan que ser astutos, decididos e desconfiados para saber distinguir entre o ben e o mal, para superar os obstáculos e saír con éxito día a día. Por todo isto, os contos que lemos hoxe presentan moitas diferenzas coas súas primeiras versións e resúltanos chocantes. Para que poidades ver o que aquí dicimos, seleccionamos algúns dos contos máis famosos e que posiblemente lestes ou vos leron.

Por que coñecemos en realidade como era a historia de carrapuchiña vermella, brancaneves ou cincenta?

A continuación expoñemos os contos tal e como Charles Perrault (o escritor orixinal) os escribiu

• CARRAPUCHIÑA VERMELLA: (1697, Francia)



No conto real de Perrault a avoa é devorada polo lobo, faise pasar por ela,

e cando Carrapuchiña vai visitala o lobo tamén a come.

Noutra versión (Inglaterra) o lobo mata a avoa e reúne o seu sangue en botellas que despois invita a que beba Carrapuchiña.

En todas as demais versións excepto na coñecida dos irmáns Grimm sempre Carrapuchiña remata con vida e a avoa morta.

• BRANCANEVES E OS SETE ANANIÑOS: (1812, Alemania)



No conto orixinal, Lisa (coñecida despois como Brancaneves) é abandonada aos sete anos, crávaselle un peite na cabeleira, cae desmaiada, logo métena nun sarcófago e segue a medrar dentro. Unha parente ve a súa beleza e decide matala sacándoa de alí e arrastrándoa polo chan, Lisa despréndese da peineta e volve á vida.

Noutra versión, onde xa aparece a que nós coñecemos como a raíña, esta manda matala pero ademais esixe como proba o seu corazón. Preséntanlle o corazón dun xabarín pero ela non o sabe, cocíñao e despois cómeo. Ao final, a raíña é condenada a calzar uns zapatos de ferro moi quentes e baila ata morrer.

• A CINCENTA: (Século IX, China)



Neste caso Perrault escribiu a versión menos cruel de todas. Esta historia ten

unhas 700 versións diferentes en distintos países. Nunha das primeiras, na China, onde para nós Cincenta sería Rashin Coatie, en vez de fada madriña ten un carneiro. O día do baile a madrastra descóbree, mátao e ásao. Rashin vai onda os ósos porque desexa ir a un baile e concédelle o seu desexo dándolle un

vestido e unhas zapatillas de raso, perdendo unha ao saír do baile. O príncipe atópaa e quere casar coa súa dona, a quen busca. A madrastra de Rashin entéirase e quere que a súa filla maior sexa quen case co príncipe así que como non teñen o mesmo pé, primeiro córtalle as dedas e despois, como non é suficiente, trónzalle tamén o calcañar. O príncipe casa con ela pero ao final un paxaro dille que o zapato non era dela senón de Rashin. Comproba que o pé está mutilado e casa con Rashin. Noutra versión, en Italia, o conto comeza con Zezolla (Cincenta) planeando o asasinato da súa madrastra a quen finalmente rompe o pescozo, pero o seu pai casa cunha muller aínda peor que ten seis fillas que a mandan traballar todo o día na cociña.

• A BELA DURMINTE: (1636, Italia)



É quizais un dos contos máis violentos e duros. Na versión orixinal un nobre (que non un príncipe) ao atopar no bosque o corpo da princesa non lle dá un bico senón que a viola e marcha. Nove meses máis tarde a princesa dá a luz a dous xemelgos, un neno e unha nena, que coidarán unhas fadas. Será o neno quen lle saque a acha envelenada á princesa. Pero a cousa non queda aquí senón que o nobre volve, confésalle que el é o pai dos nenos e queda a vivir con ela, ata que volve a abandonala por segunda vez e... a historia faise cada vez máis enrevesada e macabra polo que a deixamos aquí.

Abigail Gil
Laura Martínez-Risco



Métodos de tortura da Santa Inquisición.

A **Inquisición española** ou tamén coñecida como **Tribunal do Santo Oficio da Inquisición** actuou baixo o control dos reis de España de 1478 ata 1834. A Inquisición foi creada por medio dunha bula papal para combater a herexía albixense no sur de Francia. Exerciana autoridades eclesiásticas e utilizábase a tortura como medio de penitencia, variando os castigos dende levar un sambenito ou túnica ata ser queimado nunha praza pública.

Moitos foron os motivos que levaron aos Reis Católicos a introducir o sistema inquisitorial : establecer a unidade relixiosa, debilitar a oposición política e acabar coa poderosa minoría xudía conversa e co financiamento económico pois confiscábanse os bens dos procesados. A Inquisición gañou a súa reputación empregando métodos dunha enorme crueldade. Operaban en segredo, empregando informadores anónimos e efectuando arrestos nocturnos, non dubidaban en arrincar as confesións mediante torturas.

Durante séculos os moros ocuparon parte da península Ibérica mais os cristiáns tomaron o último reino musulmán en 1492. Moitos xudeos tamén vivían aquí e como os moros eran máis tolerantes que os cristiáns, os xudeos preferiron vivir nas rexións dominadas polos musulmáns. Co tempo, os musulmáns perderon o seu poder e os xudeos e os musulmáns quedaron paralizados, só podían recurrir a saír do país, converterse ao cristianismo ou ser asasinados. Moitos convertéronse mais odiaban a Igrexa e todo o que simbolizada e practicaban en segredo as súas relixións. Os cristiáns europeos temían que os cristiáns novos se rebelaran, por iso os monarcas Fernando e Isabel decidiron impoñer a Inquisición española para acabar e castigar a herexía.

Velaquí algunhas das moitísimas torturas que houbo na época da Santa Inquisición.

1. "O berce de Xudas"

Esta tortura consiste en colocar á vítima no cumio dunha pirámide de tal forma que todo o peso do corpo recaea sobre o ano, a vaxina e o escroto no caso dos homes.

Mentres, o verdugo varía a presión e de recibir a orde, pode elevala e facela caer repetidas veces.

2.O esmagadora cabezas



A cabeza da vítima queda inmobilizada e aos poucos vanlla esmagando ata fender a mandíbula e fracturar os ósos do cranio, drenando o cerebro pola cavidades oculares.

3. A cegoña.

Malia non parecer a simple vista unha tortura moi cruel, as dores chegan a ser insuportables ao estar o reo inmóbil e co paso dos minutos empezaren as primeiras cambras de tal xeito que ao cabo dun tempo, a dor é insuportable.



4. O garfo.



Serve para inmobilizar a cabeza da vítima xa que consta de catro puntas moi afiadas que se cravan no interior do queixo e no inicio do esterno. A vítima non pode falar, tan só murmurar.

Viste unha indumentaria especial ata ser levada á fogueira.

5. Unllas de gato.

Son grandes cravos de ferro semellantes ás unllas dos gatos e suxeitados por un mango. O obxectivo deste aparello é esgazar a carne ate chegar aos ósos de calquera parte do corpo da vítima. Tamén existe a versión feminina deste aparello

chamada "o arañazo". Ten a forma dun garfo e esgaza os peitos das mulleres.

6. A doncela de ferro de Nuremberg.

Este aparello é unha especie de sarcófago dos faraóns. Nas súas portas hai cravos afiados . Alí pechan ás vítimas que seguen sufrindo ata morrer.

7. Desgarrador de peitos.

Esta é unha tortura exclusiva para mulleres. As catro puntas de ferro esgazan os peitos das mulleres acusadas de herexía, blasfemia, adulterio, abortos provocados..., ata convertelas en masas informes. É unha tortura moi dolorosa.

8. A serra.



Este instrumento de tortura é un dos máis dolorosos xa que, como mostra a imaxe, o reo é fendido en dous coa serra.

A razón de estar cara a abaixo é que o sangue chegue perfectamente ó cerebro coa finalidade de que a vítima estea consciente ata que a serra chegue á altura do abdome e ás veces á altura incluso do peito.

9. Pera oral, vaxinal e anal.

Este aparello é unha pera ao revés , de ferro e rematada cunha chave de bronce e un gran parafuso. O instrumento introdúcese pola boca, recto ou vaxina do reo, unha vez alí ábrense ata que os órganos estean mutilados. É unha tortura esencialmente para as mulleres.

10. Picotas en tonel.

É unha tortura establecida principalmente para os borrachos, unha especie de humillación pública. Hai dúas clases de picotas, as que teñen fondo aberto para que o reo camiñe polas rúas para humillalo e as que teñen o fondo pechado, estas últimas están cheas de auga sucia ou ouriños.

Andrea Gerpe
Sandra Rodríguez



ISTO SI QUE É RARO, RARO, RARO...

(PERO A TODO HAI QUEN GAÑE)

Un ano máis coincidimos nesta a nosa revista coa fin de pasar un bo rato lendo artigos feitos polos teus compañeiros e profesores. Pois ben, dándolle voltas ó tema sobre o que podía tratar no meu artigo ocorrémese facelo sobre aquelas aplicacións orixinais, divertidas e por que non dicilo "frikis", que se poden atopar en internet. A continuación fágoche un pequeno percorrido por estas aplicacións para que vexas que no mundo somos moitos, e que nisto das ideas cibernéticas hai, coma na vida, xente para todo.



<http://es.eurobilltracker.com/>

Ai meu billete! Canto te botarei de menos!

Tés un billete de 500 € ao que lle téis tanto cariño? Lévasse ben con el, compartides xogos, afeccións, momentos de lecer, de traballo... pero hai un problema, queres mercar a nova PlayStation con un trillón de megas de velocidade, a nova colección de Dolce e Gabbana para H&M, mercar billetes para o interraíl deste verán, poder ver a Lady Gaga no seu vindeiro concerto nas festas patronais de Corcubión co seu novo traxe feito a base de xoubas da ría do Burgo... e téste que despedir do teu querido compañeiro. Que será del? estará ben? Acabará pechado nun banco suízo? No

peto dalgún mafioso ruso? En mans dalgún "Paco el Pocero"?

Agora podes saber onde se atopará sempre o teu billete, simplemente debes de darte de alta nesta aplicación e introducir o número de serie do billete, seguro, seguro, que antes ou despois haberá algún no mundo que teña gañas de coller o seu billete de 500€ e teclear o seu número de serie nesta aplicación para que tí saibas que o ten el e así poder chorar e chorar, e chorar, pola súa perda.



<http://www.breakupnotifier.com/>

Esta aplicación pouca explicación precisa. Tés Facebook? Queres saber cando algún dos teus amigos deixa de ter parella? Pois nada, só tes que darte de alta nesta sinxela aplicación e xa está, cando alguén no que esteas interesado/a deixe de ter parella, serás o primeiro/a en sabelo.

Eu preguntome, tal e como somos os españois, necesitamos realmente unha aplicación deste tipo?, si aquí antes de que fulanita deixe a menganito xa o saben os amigos dela, os amigos dos amigos dela, a caixaira do super onde menganito lle mercaba "esas chuches con forma de osito que tanto te gustaban..." a fulanita, a perruqueira da nai de fulanita a quen a caixaira do super lle contou que fulanita estaba o outro día cun compañeiro de clase de menganito no xardín do Posío, botándolle pan duro aos patos pensando que non os vía ninguén...(xa sabedes que por normativa municipal está prohibido darlle de comer aos palmípedos con mal xenio da poza)

<http://www.snapscouts.org/>

Agora unha de "yankies". Estarás afeito a ver en tódalas series e pelis que chegan de "Yankilandia" o importante que son nos "United States" as relacións que se establecen entre os veciños do barrio residencial con fermosas casas e lindos xardíns, o importante que é saber quen é



cadaquén, a que se dedica, o que come, cando dorme, cando saca a pasear ao can, etc. Pois ben, gracias a esta interesantiiiiisima aplicación, podes sacarlle fotos co teu móbil (obviamente si é un "aifón" mellor) a toda aquela persoa que che resulte sospeitosa, sobes a foto a internet e un conxunto de persoas (grandes mentes pensantes) estudarán como de sospeitosa é esa persoa e se merece a pena ser investigada. En definitiva, "paranoia inseguritosa yankidiense" pura e dura. "Si es que..."

<http://www.whatsyourprice.com/>

Outra de ingleses, neste caso á procura da súa media laranxa. Que es un rapaz que loce, ou unha rapaza despampanante, e queres gañar uns cartiños mentres buscas noiva/o, esta é a túa páxina web. O choio funciona así: es unha rapaza fermosa e interesante, queres coñecer xente e gañar cartos, pois nada, dáste de alta na web, colgas o teu perfil, os membros que estean interesados en ter unha cita contigo e vivan cerca de ti poxarán por ti, ti escolles o que máis che interese en principio tendo en conta o seu perfil ... e xa está, quedas con el e o primeiro non será un "que, tomamos algo?" senón que será, "onde están os cartos?"

Non entendo eu moi ben este choio, por que alguén que pode seguir conseguindo citas polas que lle pagan pode querer quedarse con algún dos seus pretendentes/as?

Esta claro que este método ten os seus fallos, ao mellor, para ligar, teremos que voltar ás discotecas dos oitenta ca súa media hora de cancións lentas... Ai que tempos!

<http://www.holdthebutton.com/>

Isto é un non parar! Agora toca superarte a ti mesmo, bater records, ser recoñecido a nivel mundial, saír en



revistas, xornais, e ata na televisión. Como conseguilo? Pois moi fácil. Colle o rato do teu ordenador, fai exercicios de quecemento co teu dedo índice, dirixete a esta páxina web e xoga a este incríbel xogo de estratexia, de resistencia, de poder mental, control do teu corpo, a victoria da psique fronte á dor física...

Complexas normas do xogo: téis que manter pulsado o botón esquerdo do teu rato o maior tempo posible.

Incríbel eh?, pois sí querido lector/a, mira que hai xogos parvos pero tan, tan, tan parvos son difíciles de atopar.

<http://www.posewithyourtoaster.com>

A seguinte aplicación dispoñible en internet está especialmente pensada para todos aqueles aos que lles guste presumir de roupa cara, móbil de última xeración, moto scooter "que lo flipas" e zapatos "a la última moda".

Que saibades que xa non ides á última, agora o que se leva é posar coa tostadora e subir a foto a esta páxina web. E para que vale isto? pois meu, se ti o sabes, faime un favor e cóntamo.

<http://www.titane.ca/main.html>



E xa para rematar, toca pórse serio, imos falar da relixión. Nos últimos tempos estamos acostumados a ver novas que fan referencia á modernización da Igrexa, novas como que o Santo Pai ten unha conta en Facebook e outra en Twitter, a venda en teletenda de rosarios dixitais portátiles que permiten escoitar e rezar o Santo Rosario en calquera lugar e sentirse coma se estiveses na igrexa antes da misa das seis... Pois ben, agora gracias a esta aplicación online podes falar con Deus, iso sí, en inglés, que parece ser que xa é un idioma tan internacional que ata o teñen como lingua oficial no ceo (cal será a do inferno?). Mediante unha pequena ventá de texto

podes enviar mensaxes instantáneas ao Pai e pedirlle consello en todo aquilo que te preocupe.

Dende logo, coa igrexa topamos! Xa só falta ter a confesión online, que chegará... todo chegará...

Ben, espero que despois desta breve relación de sitios web de vital importancia, adiques un pouco de tempo en pensar en cal podería ser esa aplicación que poderías pór en marcha en internet e que te fará rico en pouco tempo, ao fin e ao cabo, despois de ter lido isto... tan difícil non será!

Roberto C. González

FENÓMENS PARANORMAIS... TAMÉN EN GALICIA

O triángulo das Bermudas



É unha área xeográfica con forma de triángulo, cunha área aproximada de 1,1 millóns de km., situada no océano Atlántico entre as illas Bermudas, Puerto Rico e Fort Lauderdale (Florida). É famoso dende que a mediados do XX algúns escritores publicaron varios artigos nos que falaban da perigosidade desta zona.

Sen embargo as estatísticas da Garda Costeira dos Estados Unidos non indican que nesa zona haxa máis desaparicións de barcos e avións que noutras zonas de igual tráfico.

Xa dende a era da vela, as naves que viaxaban a Europa pasaban continuamente por esta zona para aproveitar os ventos dominantes e a Corrente do Golfo. Logo, co desenvolvemento das máquinas de vapor e os barcos con motores de combustión interna, gran parte do tráfico do Atlántico Norte seguiu cruzando (e aínda o fai) a través da área do suposto «Triángulo da Bermudas».

A corrente do Golfo, unha área cun tempo moi inestable (coñecida polos seus furacáns), tamén pasa polo triángulo ao abandonar o mar Caribe. A combinación dun denso tráfico marítimo e o tempo tempestuoso fai posible que algúns barcos se internen en tormentas e se perdan sen deixar rastro, especialmente antes do desenvolvemento das telecomunicacións, o radar e os satélites a finais do século XX. No Triángulo das Bermudas producíronse moitas desaparicións. A data de hoxe as cifras falan de máis de 50 naves e 20 avións que se perderon sen deixar rastro. Aínda que a maioría destas desaparicións poden explicarse, moitas outras non, e o debate continúa entre crentes e escépticos. A continuación sinalamos algunhas destas desaparicións.

1840: HMS Rosalie, barco que se dirixía Á Habana (Cuba), e foi atopado sen tripulación.

1902: (4 ou 21 de outubro): o Freya, buque alemán encontrado á deriva «pouco despois» de zarpar de Manzanillo (Cuba), cara a Chile

1909: The Spray, un pequeno iate do aventureiro canadense Joshua Slocum foi atopado á deriva e sen tripulación.

1917: SS Timandra, que se dirixía a Bos Aires dende Norfolk (Virxinia) cunha carga de carbón e unha tripulación de 21 persoas, desapareceu. Non emitiu ningún sinal de raio, a pesar de que tiña a capacidade para iso.

1926: afondese o SS Suduffco, debido a un furacán (un capitán que saíu na súa busca dixo del que era «o peor clima que vin na miña vida»).

1945: desaparecen 5 avións TBM Avenger (o famoso Voo 19) da Mariña Estadounidense.

1948: afóndese o SS Samkey (Berlitz di que se afundiou en 1943, pero ese foi o ano de inauguración). Deu a súa posición: 41° 48' N 24° O (200 km ao nordés de Azores, e a 4200 km ao nordés do Triángulo). Só transmite: «Todo vai ben».

1948: desaparece a aeronave Tudor IV Star Tiger, con 31 pasaxeiros.



1948: desaparece un avión DC-3 NC16002, con 28 pasaxeiros e a tripulación.

1950: desaparece un avión Globemaster, da Forza Aérea estadounidense.

1950: afóndese o cargueiro estadounidense SS Sandra (de 350 pés), despois de pasar por St. Augustine (Florida) na súa ruta cara ao Porto Cabelo (Venezuela).

1954: desaparece un avión Lockheed Constellation, da armada estadounidense, con 42 pasaxeiros a bordo.

1963: afóndese o Marine Sulphur Queen, probablemente ao desembarcar de Dry Tortugas; cargaba xofre fundido (posiblemente sen medidas de seguridade).

1967: desaparece un avión militar YC-122 convertido en avión de carga.

Lugares encantados

Estes son algúns dos lugares, xa sexan edificios ou terreos, dos que temos información e testemuñas de se teren producido neles algún tipo de fenómeno paranormal. Inclúense tamén aqueles que contan cunha tradición de maldición ou encantamento aínda que non se rexistren fenómenos actualmente.

Casal Xurado (Málaga)- neste lugar producíronse numerosas desaparicións relacionadas con ritos satánicos ademais de habituais fenómenos paranormais presenciados por habitantes da zona e proximidades.

Bélmez de la Moraleda (Xaén) - Caras de Bélmez - Dende 1971, sen dúbida, un dos casos máis famosos de España e do mundo. O foco de atención céntrase nunha casa na que aparecen manchas no chan e nas paredes que parecen rostros humanos. O que realmente espertou o interese deste fenómeno é o feito da súa variabilidade no tempo que parece responder a feitos externos ao propio fenómeno, como a situación emocional dos ocupantes da casa. O suceso foi considerado como fraude por uns e como fenómeno paranormal por outros. Realizáronse probas químicas que demostraron que algunhas das manchas foran provocadas intencionalmente, pero a complexidade do caso fixo que ata hoxe en día non haxa resposta e estea aberto a debate. As manchas continúan visibles hoxe en día.¹

As casas (Málaga)- Segundo algunhas testemuñas é habitual ver procesións onde as persoas levaban velas e

realizaban cánticos de orixe descoñecida para logo desapareceren na néboa. Ademais dise que aqueles que participan nas procesións non son humanos.

Deputación de Granada - (Granada) - Actualmente alberga a sede catastral. A historia paranormal do lugar remóntase ao século XIX, cando o solar estaba ocupado polos almacéns Wolworth; aínda que en realidade a sona como lugar encantado veulle coa remodelación do lugar para habilitalo como edificio público. Este feito deu máis forza á hipótese paranormal, xa que durante as obras atopáronse certa cantidade de ósos humanos que rapidamente se asociaron ao mito xa existente no lugar, creando un influxo colectivo de enorme forza. Ademais, dende a remodelación ata hoxe, sucedéronse numerosos e variados fenómenos paranormais que chegaron a alarmar aos traballadores do lugar, chegando mesmo a solicitar de forma oficial axuda a varios grupos de investigación paranormal. É un dos casos máis inquietantes do mundo.^{2 3}

Casa de Castril - (Granada) - Sede actual do Museo Arqueolóxico Provincial. Algunhas persoas que traballaban neste edificio público aseguran ter presenciado numerosos fenómenos paranormais, incluíndo os de sanación milagrosa. A lenda argumenta estes feitos nun romance acontecido séculos atrás no lugar que tivo consecuencias dramáticas xa que un dos protagonistas rematou sendo aforcado nun balcón do edificio, tapiado posteriormente cunha inscrición "Esperando a do ceo" que facía referencia á resposta do verdugo ante a petición de clemencia e xustiza da vítima.

O carballo de Luxis (Lugo)

No municipio de Castro de Rei hai un carballo centenario dunha beleza e simetría inigualable. Pois ben, segundo os veciños o carballo ademais de fermoso ten poderes máxicos pois segundo eles se un busca o abrigo da súa sombra e formula un desexo, este desexo cumprírase. O resultado é incuestionable segundo a xente e quizais este poder lle veña xa de atrás pois é ben sabido que os carballos foron árbores sagradas en moitas culturas, entre elas a celta, á que tanto debemos. Preto do carballo hai unha ermida e di a lenda que cando se quixo trasladar a súa imaxe a outra localidade, a imaxe por causas "sobrenaturais" sempre volvía.

Casa da Escusalla ou capela do monxe xorobado

Preto de Lobios atópase esta fortaleza na que ninguén logra pasar a noite pois os rúidos e as aparicións fantasmais fano imposible. Pero se queres saber máis deste lugar, vai a *Rañolas 7* e busca en *Coñecendo o noso*; alí Victor Pérez, autor do artigo e veciño da zona, vai sorprenderte con esta historia que ten a moitos veciños como testemuñas.

Ovnis en Galicia

Parece ser que Galicia é a zona con máis actividade ufolóxica da península ibérica e o avistamento de ovnis é máis frecuente do normal. Pero a gran oleada galega tivo lugar entre 1995 e 1999 nos que a actividade ovni acaparou os principais medios de comunicación. Un dos máis coñecidos é o que tivo lugar na instalación militar de As Gándaras, en Lugo. O ovni en cuestión foi captado por unha cámara de seguridade da torre de vixilancia. Era un obxecto composto por unha serie de luces que conformaban un triángulo. O sorprendente é que mentres que as luces aparecían nítidas nos monitores de seguridade, no exterior apenas eran perceptibles, quizás, coa intención de camuflarse. Por que?

O lugués Andrés Morandeira nunca poderá esquecer a madrugada do 26 de febreiro de 1996 pois agarrado ao volante do seu Renault non podía dar creto ao que estaba vivindo: el e mailo seu coche despegaron do chan para elevarse e flotar no aire por un tempo que a el lle pareceu unha eternidade. Ao aterrarse de novo no chan, comprobou horrorizado que o cadro de mandos deixara de funcionar. Que pasou? Que era esa forza descoñecida que o elevara?

Poderíamos aportar moitos máis casos pero imos acabar con un que lle oín contar a miña profesora de galego. Descoñece o ano exacto en que sucedeu pero sitúao a principios dos oitenta. Lembra como durante unha semana os veciños do barrio da Carballeira e despois de moitos outros puntos acudían todas as noites á praza da Lexión para avistar un ovni. Pregunteille se o vira, ao que me contestou que algo si que vira, unha luz que vagaba dun xeito estraño polo ceo, pero que nunca puido coñecer a súa orixe nin sequera ao cabo dos anos. Iso si, lembra con claridade a excitación que enchía a toda aquela xente ás 10 da noite, cita á que ela acudía sen falta, mesmo sen ceas se se daba o caso.

Pablo Sampayo - Adrián Díaz



A tentación sevillana dun canteirán do COB.



O Cajasol, equipo de ACB, interérase por Alex Mazaira, xogador ourensán que mide 1.95 metros con 14 anos.

1. Como conseguiches chegar até o punto de que se interesase por ti un equipo de tan alto nivel?

Traballando día a día e grazas á axuda de todo a meu entorno : familia, adestradores, amigos.

2. Como te describirías?

Como unha persoa tímida , á que lle gusta estar cos seus amigos e familia, constante no que fago e agradable

3. Estás de acordo coa decisión tomada polos teus pais , de que é demasiado pronto para deixar a túa casa?

Sí, queda moito camiño por diante e aínda son moi novo como para irme tan lonxe a vivir, coas consecuencias que isto leva.

4. Actualmente, onde estás a xogar?

Xogo no COB, no equipo Cadete A, pero adoito xogar cos maiores, os Juniors.

5. Que consellos lle darías a aqueles xogadores / ós que lles gustaria chegar ata onde estás ti?

Diríalles que confíen nos seus compañeiros, adestradores, familia, traballar a diario e non conformarse co que xa teñen.

6. Acabaches satisfeito coa túa actuación o ano pasado, tanto a nivel individual como colectivo?

A verdade é que si, estivemos disputando a liga galega e fixemos un bo papel quedando 7º, sen un dos nosos mellores xogadores. E a nivel individual estou moi satisfeito co meu rendemento, aguantando tantos adestramentos e partidos. E sobre todo poder estar na selección galega quedando 5º de España.

8. E no tema de estudos , adoitas ser un mozo constante?

Os estudos por agora van ben, con notables e sobresaiantes, e procuro estudar a diario.

9. Estiveches a adestrar durante o verán ou pola contra decidiches descansar e gozar da túa familia e amigos?

Este verán puider facer as dúas cousas, dos tres meses dous estiven adestrando e o mes que me sobrou aproveitei e estiven cos meus coñecidos.

12. A que adestrador ou adestradores destacarías no tempo que levas xogando ao baloncesto?

Os mellores adestradores que tiveron e que máis destaco son: Valentín Pérez, Carlos Gómez, Fernando Buendía e Enrique Fernández...

13. Cando empezaches este deporte, pensaches algunha vez onde podías chegar?

Non, cando empecei só pensaba en divertirme e esforzarme para poder gozar deste deporte toda a miña vida.

14. E por último, cales son os teus xogadores favoritos?

Os meus xogadores favoritos son Dirk Nowitzki, Nikola Mirotic e Juan Carlos Navarro.

Nerea Nieto
Alicia López.



ANQUE NON ME VEXADES

Para M^a Xosé Camba Seara, por todo.

Aquí vos deixo acesa a miña vida.

Se vos din que me fun, non é verdade...

Acudide ao Instituto do Posío

pois estarei alí seguramente.

Se, por un casual, non me atopades,

preguntádelle ás miñas compañeiras

-Mari Carme, Lili, Pilar, Conchita...-

pois elas saben sempre onde encontrarme...

(A verdade é que agora -dende o verán pasado-

só logro *ser quen fun...*)

Pero é fermoso

saber que estou convosco,

que endexamais me deixaredes fóra,

perdida nos paraños escarpados

do gris esquecemento.

Saberme viva en vós:

nada remata.

Aquí vos deixo acesa a miña lámpada.

Ide a fermosa Vila de Allariz...

Se alí non me atopades,

preguntade por min a Paco ou aos meus fillos

pois xamais partirei

da súa vida e dos seus corazóns.

Ide tamén a Parderrubias.

Este

home que velaquí camiña canda min,

ANQUE NON ME VEXADES,

anda sempre comigo para sempre:

é meu irmán, José Luis.


Un bico.

Edelmiro Vázquez Naval
Mes de Marzo de 2012



CARTAS DE AMOR


Gañadora do Nivel I



Non sei se son quen de escribirche unha carta na que poida expresar todo o que sinto por ti, pero prométoche que non me darei por vencida e que intentarei facelo coas máis doces palabras. Espero que algún día poida retirar este anaco de papel do escuro caixón do meu escritorio e que por fin teña a valentía de entregarcho mirándote aos ollos porque ti sempre serás o dono do meu corazón. Ti es a razón que fai que cada mañá me esperte con ganas de vivir e que cando me miro no espello non poida evitar rirme de min mesma ao dar-me conta de todas as parvadas que fago para parecerche máis guapa e interesante. Ti es a razón de que deixe de respirar e que sinto que me vai saír o corazón do peito cada vez que pasas ao meu carón e só ti es o culpable de que cando me falas sinto coma se estivese nunha nube de algodón, onde todo é perfecto e non queira baixarme dela nunca. Es o meu príncipe azul no que penso todas as noites e co que soño cousas maravillosas que por un intre, chego a crer que son reais. Non podo negar que me encantaría vivir por sempre nun soño no que ti e máis eu estivésemos xuntos e vivíramos felices, pero sei que, máis tarde ou máis cedo, tería que espertar porque me daría de conta de que é simplemente eso, un soño. Non podo culparte por descoñecer os meus sentimentos, nin por non me corresponder como tantas veces imaxinei que o fixeras. A única persoa responsable do meu silencio, non son máis ca eu mesma. Podo asegurarche que o meu amor sempre estará ben gardado na miña caixiña de prata, baixo chave, a ser descuberto polo seu verdadeiro dono, TI. Es a a única persoa neste mundo capaz de abrir coa chave do teu corazón a miña caixa de prata porque nunca perderei a esperanza de que Cupido che lance unha frecha e te namores perdidamente de min.

Lucía del Río

Gañador do Nivel II



Hoxe volvíñ soñar contigo! Que te atopaba na Gran Vía e ao pasar convidáchesme a pasa-la tarde ao teu carón. Eu alegremente aceptei e fomos paseando xuntos, ríndonos da vida e facendo bromas pola avenida. Na metade do soño convideite a un xelado e a continuación sentabámonos á carón dunha árbore. Case ao rematar o xelado, colliches un pouco do teu co dedo e botáchesmo sobre o nariz, rícheste e eu fíxenche o mesmo pero esta vez non foi no nariz, se non nos beizos, e seguíche a rir, e relamácheste...

Á alba despedíche de min cos dous beizos que sempre me das pero no segundo achegáche á orella esquerda e díxechesme en voz baixa e entrecortada que me querías. Si, que me querías...


Paralizado ao escoitarcho dicir por primeira vez, vin como marchabas, berreiche. Paráche. Revolvíche e viñeches correndo xunto a min; nese momento espertei, pero sei como acabaría: fundíndonos nun abrazo e dicíndonos o moito que nos queremos.

Agora, despois de contarche o que me pasou, teríache que dicir o fermosa que es cos teus ollos verdes...pero iso xa o sabes. Tampouco che direi o moito que te quero porque iso pódello dicir calquera, dende a túa nai ata unha amiga. Todos te queren. Como non te ían querer, de diferente maneira pero queren. Hízo me máis, porque volverei a soñar contigo mil e unha noite e serán todas iguais a esta. Fermosas.

Marcos Fernández



Gañadora do Nivel III



Falar de amor aos 16 anos, non soa un tanto hipócrita?

Penso que un pouco hipócrita si que son, así que aquí estou, falando do tema, do amor. Dicíndolle a quen me lea que morro polos seus bicos, que me desfago en cada un dos abrazos que me dá, que a súa mirada me transporta a un universo paralelo onde non existe nada máis ca nós. Pero iso soa a tópico, que se a mirada, que se os beizos...non! Eu quero falar dos sentimentos, do moito que tes que loitar por ser feliz de verdade, e que ás veces non consegues.

Pasear pola rúa agarrada da súa man, deitármonos na herba e xogar co meu cabelo, pasar as tardes sentada no seu colo escoitando como o seu corazón latexaba con forza, incluso durmir nos seus brazos quedou pasado. Quedou pasado porque ás veces esgótanse as forzas de ir contra vento e marea. Deus! Canto te quixen, canto te quero. A pesar de que ti agora non recordes o meu nome, nin nada do que vivimos, e nin sequera te molestes en virar a cara cando me atopas porque xa te esqueciches da miña, que se che digo "Ola" de ti non sae nada máis ca un "...", a pesar de todo iso. Quérote.


Pero sei que non te esqueciches de min porque o decidiras ti. Foi porque te obrigaron, obrigáronnos a separarnos. Éncheseme o corazón de esperanza cando vexo que a túa mirada me transmite todo o que non podes expresar con palabras, simples palabras. Cóntasme con eses ollíños cansados de mirar que me recoñeces, que nos seguimos entendendo, que che gustaría poder volver a tempos mellores, que me queres. Dinme os teus apertóns de mans que a pesar das poucas forzas que che quedan, estás comigo.

Si, con 16 anos son capaz de falar de amor, porque nunca se é demasiado novo para sentir, e menos sentir algo tan fermoso. Querer a un avó non ten prezo, nin idade, nin límites. É algo tan natural que ás veces pasa desapercibido.

Quérote moito, avoa.

Uxía Ferreiro

Accésit Nivel III



Ola, irmanciña

Non sei como vou ter que facer para que caiba neste anaqüiño de papel todo o que che quero contar. Tampouco sei como facer para terminalo porque xa sabes que ti e mais eu nunca terminamos de falar por teléfono porque sempre choramos pero desta vez irmanciña imos chorar por separado, eu mentres che escriba e ti cando me leas.

Imos facer igual ca a nosa separación, aínda que che xuro que eu non quería separarme de ti porque ti nunca o fixeches. Sempre estabas comigo e cos meus irmáns porque os nosos pais non sempre estaban, non lembro ben pero creo que eles sempre marchaban de madrugada e tamén lembro que ti o facías, irmanciña, pero por motivos diferentes. Eles facían para ir traballar e ti o facías para quedar comigo, para durmir ao meu lado pois se me pasaba algo, sempre estabas aí para min e para os meus irmáns tamén.

Ti sempre nos axudabas, irmanciña, eu non fixen igual, non fixen o que tiña que facer, non valorei todo o que eu tiña, todos os momentos que pasei contigo. Pero agora irmanciña, agora valóroo todo e desexo volver a ter aqueles momentos. Momentos de risa, cariño, de ensino cando me ensinabas a enfrontarme á vida, empuxábasme pola espalda cando tiña medo a dar a cara, cando discutíamos, agora sei que en moitas cousas tiñas razón.

Agora xa aprendín moito, irmanciña, sobre todo a valorar as cousas e iso nunca o veu esquecer.

Pero sabes cal é o momento que máis boto de menos, irmanciña?

Aínda que che pareza raro este é o momento que máis boto de menos, cando me encontrabas chorando recordo perfectamente o que facías. Primeiro abrazábasme e despois dicíame: Se sentes ganas ou necesidade de chorar, faino neniña, despois falaremos se queres.

Porque xa sabes que tes unha irmanciña con moi mala sorte e que sempre ten a necesidade de chorar. E sabes o que teño que facer aquí? Aquí, irmanciña, teño que pecharme no baño porque sei que fóra non hai xente así coma ti nin sequera na miña casa. Pero mesmo así teño que estarlle agradecida a algúns amigos que teño aquí, valoro moita a súa amizade.

Agora valoro as cousas, aínda que me dá moita rabia por non estares ao meu lado para verme.

E agora que vas ser nai estou moi feliz por ti e pola miña sobriña, que vai ser a máis afortunada por ter unha nai así coma ti e eu vou facer o posible para estar coa túa filla e ensinalle a valorar a marabillosa nai que lle tocou porque senón, algún día sentirase tan arrependida coma eu o estou agora.

Irmanciña, gustárame que teñas ben claro unha cousa e que non a olvides nunca.

Quero que saibas que se aparece algunha bolboreta ou paxaro para avisarme de que agora mesmo vou deixar este mundo, o único que me gustaría de agora mesmo vou deixar este mundo, o único que me gustaría e poderlle pedir e agradecerlle aos meus pais o terme dado unha irmá coma ti.

Cleide Tabares



SERIES AMERICANAS

As series americanas foron gañando moita audiencia no resto do mundo. Algunhas das que máis espectadores teñen son:

HOW I MET YOUR MOTHER (Como coñecín á vosa nai)



É unha sitcom norteamericana que conseguiu abraiar a espectadores de todas as partes do mundo grazas ao seu carácter de comedia e ao seu argumento moderno, no que Ted Mosby cóntalle aos seus fillos como coñeceu a súa nai. Para facer isto, ten que volver ao pasado, contándolle todas as experiencias que viviu de mozo cos seus mellores amigos.

THE VAMPIRE DIARIES (Crónicas vampíricas)



É unha serie estadounidense que trata de vampiros, homes lobos e bruxas. Nela dous vampiros irmáns, namóranse dunha mesma rapaza e dispútanse o seu amor. Nelas tamén conviven a maxia, as aventuras, a intriga e moitas historias amorosas.

GOSSIP GIRL



Serie que relata a vida de mozos adolescentes que viven no Upper East Side, un dos barrios máis ricos da gran cidade de Nova York. Nela hai un blog chamado "Reina Cotilla" que desvela na súa páxina todos os segredos dos protagonistas.

THE WALKING DEAD



É unha serie na que Rick Grimes, un policía, esperta dun coma despois dun accidente e descobre que todos os habitantes da súa cidade se transformaron en zombis decidindo buscar a súa familia e vivindo moitas venturas extremas.

TWO AND A HALF MEN (Dous homes e medio)



Trata de dous irmáns. Un que é un ligón empedernido e outro que é un bonachón. Este último divorciase da súa muller coa que tiña un fillo. Agora viven os tres homes xuntos e pásanlle moitas aventuras graciosas.

THE BIG BANG THEORY



Serie que trata sobre a vida de catro amigos físicos que teñen unha vida pouco común. Esta vese alterada coa chegada de Penny, unha rapaza co pelo louro e un pouco tola, ela será a súa nova veciña. Os cinco convertíranse en bos amigos e vivirán situacións extremas e á vez moi divertidas.

Noelia Rodríguez
Iria Sotelo



Tanto as películas como os actores e actrices galeg@s están tendo moito éxito dentro e fóra de Galicia. Comezaremos falando das películas que máis están triunfando actualmente dentro e fóra do noso país:

- ✓ **Celda 211:** Película pertencente ao xénero de drama carcelario, gañadora de 8 premios Goya e que foi respaldada pola produtora galega "Vaca Films".
- ✓ **18 comidas:** Película pertencente ao xénero drama e comedia, gañadora dos premios Mestre Mateo 2010 e recoñecida con sete distincións. Dirixida polo director galego Jorge Coira.
- ✓ **Crebinsky:** Película do xénero drama e comedia, galardoada con dúas distincións e dirixida polo director galego Enrique Otero.
- ✓ **Secuestrados:** Película do xénero drama e terror dirixida por Miguel Ángel Vivas e producida por "Vaca Films". Foi vendida en máis de 40 países.
- ✓ **Retornos:** Película pertencente ao xénero de drama e intriga, dirixida por Luis Avilés e producida por "Vaca Films", ten 6 candidaturas aos premios Goya 2011.

Estas son algunhas das que máis éxito están tendo dentro do cine galego e español. Cómpre subliñar a presenza da



produtora "Vaca Films" que está detrás de cada unha delas. Unha produtora galega.

Os actores e actrices galeg@s que máis popularidade están tendo en Europa e mesmo fóra son:

✓ **Luís Tosar:** Actor lugués premiado como mellor actor nos premios Goya coa película "Te doy mis ojos" e pola súa interpretación en Celda 211; foi elixido con tres películas para representar aos Óscar e participou en corenta e unha películas. Está orgulloso de ser galego e presume da súa terra alí onde vai.



✓ **Francis Lorenzo:** Actor pontevedrés que representou papeis principais en sete series importantes a nivel español e actualmente participa en "Águila roja" como Hernán.



✓ **Mario Casas:** Actor coruñés que con tan só 24 anos xa protagonizou oito películas e tivo un papel fundamental en catro series españolas como "Los hombres de Paco" ou "El Barco". Está considerado como un dos actores máis sexis do cine español.



✓ **Martin Rivas:** Actor coruñés que con 26 anos de idade xa colaborou en 3 películas como "Los girasoles ciegos" e en catro series de televisión como "El internado". Fillo do escritor Manuel Rivas, a súa carreira promete e hoxe, sobre todo para moitas mozas, é máis coñecido que o seu pai.



✓ **Maria Castro:** Actriz viguesa de 29 anos que participou en catro películas e en cinco series de televisión tanto galegas como "Pratos



combinados" e españolas como "Sin tetas no hay paraíso", tamén foi nominada e incluso gañadora de importantes premios como mellor actriz nos TP de ouro.

✓ **Cristina Castaño:** Actriz luguesa de 32 anos que formou parte de sete películas e de dez series de televisión tanto a nivel galego como "Pratos combinados ou 4º sen ascensor" e español como "La que se avecina ou "Hospital Central".



✓ **Miryam Gallego:** Actriz ourensá de 35 anos que colaborou en dúas películas e en nove programas de televisión como "Lobos" e actualmente "Águila Roja". Estudou no Otero Pedrayo e ten afirmado en máis dunha entrevista que se chegou a onde chegou é porque Begoña Muñoz fíxolle crer que podía facelo.



"Con esto queremos demostrar que Galicia é pequena en extensión pero grande no cine"
Acaso esta lista non o demostra?

Lidia Blanco
Lorena Yáñez

cinematográficas, dende dramas e casas encantadas ata batallas de maxia. Estreariáanse máis de 80 películas das que nós imos destacar seis, ao noso xuízo as que merecen ser valoradas ben sexa pola súa calidade ou po,a súa trama. Estas son as elixidas.

Tintín e o segredo do unicornio

Tintín e o segredo do unicornio foi unha das películas máis esperadas do ano 2011 tanto por pequenos como por maiores que querían volver a ver a un dos personaxes máis carismáticos da súa época.

Contou cunha gran dirección por parte de Steven Spielberg e unha gran produción na que participaron Peter Jackson (*O Señor dos Aneis*) e Steven Spielberg (*Transformers*). E aínda que os personaxes son debuxos animados foron creados a partir de actores como Jamie Bell (*Billy Elliot*) no papel de Tintín, Andrew Serkis (*King Kong*) como o capitán Haddock e Daniel Craig (*James Bond*) que interpretou a Sakharine, grazas á técnica *stop motion*.

A película non só se centrou no cómic co que comparte título senón que foi una mestura de dito cómic e de Tintín e o cangrexo das tenaces de ouro, na que Tintín e o seu inseparable compañeiro Milú descubren a maqueta dun barco chamado O Unicornio, que garda un gran segredo. Sen eles saberen nada métense nun crebacabezas que os levará arredor do mundo no que teñen que loitar contra Sakharine que tamén anda na procura do segredo, pero contan coa axuda dos detectives Hernández e Fernández e o capitán Haddock que os axudarán a ir sempre un paso por diante de Sakharine e dos seus.

Tras varias adaptacións dos cómics de Hergé á gran pantalla podemos dicir que esta que nos chega de Estados Unidos é a máis fiel e a máis vista xa que en España, en tan só cinco días, recaudou 8 millóns de euros.

Super 8

Dirixida por Jeffrey Jacob Abrams (*Misión Imposible*) e producida por

As Seis Melloras Películas do 2011

O ano 2011 (que despedimos hai uns meses) estivo cargado de novas aventuras



Steven Spielberg conta cun elenco xove formado por: Joel Courtney na súa primeira película no papel de Joe Lamb, Elle Fanning (*O curioso caso de Benjamin Button*) fai de Alice Dainard, Kyle Chandler (*King Kong*) interpreta ao pai de Joe, o sheriff Jack Lamb, Riley Griffiths que igual que Joel Courtney é a súa primeira película, actúa como Charles Kaznyk e nos papeis secundarios atopamos a Ron Eldard (pai de Alice), Ryan Lee (Cary), Zachary Mills (Preston) e Gabriel Basso (Martin)

Esta película ambientada no verán de 1979 nunha pequena vila de Estados Unidos cóntanos a historia duns rapaces (Joe, Alice, Charles, Cary, Preston e Martin) que se dispoñen a facer unha película de mortos vivintes. Unha noite mentres están a gravar a película na estación de tren da vila son testemuñas dun catastrófico accidente de tren, co paso do tempo danse conta de que non foi un accidente senón que todo estaba programado e que na vila están acontecendo desaparicións e sucesos inexplicables. Jack Lamb, o sheriff, intenta descubrir a verdade , algo que ninguén pode imaxinar.

De entre todas as películas deste ano, quizais esta non sexa unha das máis coñecidas nin das máis vistas pero é unha aventura diferente das outras que nos leva a un ambiente totalmente nostáxico dos anos setenta e da que cabe destacar a súa sinxeleza. cousa que non é moi habitual, xa que a maioría do cine que se ve na actualidade ten case como exclusiva finalidade recaudar o máis posible.

Piratas do Caribe en mareas misteriosas

Este ano chegou aos nosos cines a cuarta entrega da serie *Piratas do Caribe*, dirixida por Rob Marshall (*Chicago*) e producida por Jerry Bruckheimer (*O aprendiz de bruxo*).

No seu reparto encontramos caras coñecidas desta tetraloxía de Walt Disney Pictures, Johnny Depp (*Alicia no país das maravillas*) no papel do coñecido pirata Jack Sparrow, Geoffrey Roy Rush (*Lanterna Verde*) interpreta a Hector Barbossa, Kevin R. McNally (*O fantasma da ópera*) encarnando a Joshamee Gibbs, un antigo compañeiro de Jack, e non podemos esquecer a presenza de

Penélope Cruz (*Volver*) que dá vida a Angelica Teach, un amor do pasado de Jack.

Nesta cuarta entrega de *Piratas do Caribe*, Jack Sparrow atópase cunha muller do seu pasado que anda tras del, e non sabe se o que ocorre entre os dous é amor ou se ela quere enganalo para que a leve ata a Fonte de Xuventude. Jack é obrigado a unirse á tripulación do Queen Anne's Revenge capitaneado polo temido Barba Negra, ao longo da viaxe encóntrase con diferentes aventuras e sorpresas que nos fan volver ás orixes desta saga.

En resumo, Walt Disney volve ás súas orixes creando unha película entretida e chea de aventuras para toda a familia.

Insidious

Josh, a súa muller e os seus fillos pequenos acaban de mudarse a unha nova casa. Cando o máis pequeno sofre un accidente e cae en coma, empezan a producirse fenómenos paranormais e a familia verase acosada por algo que non é deste mundo... Non é a casa a que está encantada senón o pequeno... Por iso necesitarán a axuda de profesionais que expulsen o demo do neno.

Dirixe James Wan, aclamado director da saga *Saw*, e Laig Whannell, responsable da triloxía *Paranormal activity*, ambos cun gran éxito en taquilla cos seus filmes e que se unen para crear *Insidious*.

Dende o meu punto de vista, unha das mellores películas de terror dos últimos anos. Reúne todos os estereotipos dunha película de medo: casa+demos= problema. Pero non, é totalmente distinta , non sabes o que vai pasar e mantente dando chimpos no asento os 90 minutos , ao que tamén axuda a banda sonora. Unha película imprescindible para os amantes deste xénero.

O gato con botas

Nesta película o gato con botas, amante e foraxido, convértese nun heroe ao emprender unha aventura xunto a unha

gata moi espabilada e ladroa coma el e con Humpty Dumpty, un ovo parlanchín que se criou co gato con botas. Xuntos atoparán as sementes máxicas que levan a un gran tesouro polo que loitarán contra uns xigantes que atemorizan ao pobo.

Está dirixida por Chris Miller e os dobradores son Antonio Banderas, que pon a voz do gato e tamén Salma Hayek que lle pon voz á gata ladroa.

A verdade é que me sorprendeu e moito. Entrei no cine esperando ver unha das moitas películas que van ver os nenos pequenos polo simple feito de que son debuxos pero a verdade é que está xenial, durante unha hora e media esquecete de todo e volves rir coma se tiveras 8 anos.

A verdade é que se pode volver a repetir, sen dúbida, o éxito de *Shrek*.

Harry Potter parte 7


Unha tarefa case imposible recae sobre os ombros de Harry: debe atopar e destruír os "horrocruxes" restantes para dar fin ao reinado de Lord Voldemort. No episodio final da saga, o feiticeiro de 17 anos embárcase xunto cos seus amigos Hermione e Ron nunha perigosa viaxe por Inglaterra para atoparen os obxectos que conteñen os fragmentos da alma do Señor Tenebroso e que garantizan a súa lonxevidade. Pero o camiño non será fácil, pois o lado escuro adquire máis poder cada minuto que pasa e as lealdades serán postas a proba. Harry deberá usar todos os coñecementos que gracias a Dumbledore adquiriu sobre o seu inimigo para poder encontrar a forma de sobrevivir a esta última aventura.

Está dirixida por David Yates que xa se encargou das entregas anteriores e como intérpretes temos a Daniel Radcliffe, Emma Watson ou Rupert Grint.

Incrible, poderíase definir con esta palabra. Un final impactante para unha saga máxica e nunca mellor dito... Fiel ás súas anteriores , remata a historia do neno mago. Uns efectos especiais e xeniais e a banda sonora invitan ao espectador a meterse de cheo na película.

Clara Escobar
Brais Casas





Miriam Salgado





(A. R. Castelao)

Dama con abano - Castiñeiro do Val - Penedos

Begoña

José

María José

A vós que gustabades de andar polos carreiros enzoufados de lama.
A vós que abristes regos para sementar eidos de lembranza.
A vós que podastes vides para inxertar esperanzas.
A vós que sementastes leiras que o lume abrasara.
A vós que rachastes con faíscas de amor o silencio do aire.
A vós que regastes eucaliptos para seren carballos.
A vós que cortastes fentos para enxergar encrucilladas.
A vós que estercastes solos que a xiada arrasara.
A vós que tal vagalumes iluminastes corredeiras inzadas de sombras.

A vós que vos fostes para quedardes para sempre na nosa memoria.

Conchita Fernández